



O Corpus de Ponteareas 2015

marca diferenzas en número de visitantes e calidade das alfombras
Páxina 26



A Casa do Chocolate de Teimende

museo en Galicia dedicado á industria chocolateira
Páxina 15



O Tren do Peregrino

nova edición de "Galicia a todo tren"
Páxina 37



■ Xulio Ferreiro (A Coruña)

O 14-M Galicia espertou bermella



■ Lara Méndez (Lugo)



■ Miguel Fdez. Lores (Pontevedra)



■ Abel Caballero (Vigo)



■ Martíño Noriega (Santiago)



■ Jorge Suárez (Ferrol)



■ Jesús Vázquez Abad (Ourense)

Din que os aconteceres históricos son cíclicos. Que se repiten cada certo tempo, aínda que non se sabe moi ben en que tempo e por que se dan esas coincidencias.

No Estado Español temos a lembranza dunhas eleccións municipais que, en principio, non presentaban maiores complicacións políticas e sen embargo resultaron defini-

tivas para un cambio de ciclo. Falamos das eleccións do 14 de abril de 1931. Enfrontábanse os monárquicos e os republicanos. Ao día seguinte

a xente gritaba "España deitouse monárquica e ergueuse republicana". O Rei, Alfonso XIII, bisavó do actual, colleu un barco en Car-taxena e foise do País.

A quen lle tocará irse nesta ocasión? Esperemos acontecementos. En poucos meses imos saber se aquí se produce ou non un cambio de ciclo.

Óptica mahen

Ópticos desde 1939

Senén Canido 4 PONTEAREAS

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

Opinión

Gañaron os que non constan

Empezo a cansar de que sempre gañen os mesmos. Que desgraza temos! Por riba de que nos rouban os votos por medio de mentiras, roubannos os sonhos e a ilusión, a ledicia e os dereitos que fundamentan calquera sociedade ben repartida, harmónica e equilibrada!. Pero é que ademais rin de nós. Eu penso que desde as súas casas acordan de nós e chámannos parvos. Teñen razón. Aí estamos repartindo migallas e desproporcionando votos, de tal xeito que se prexudiquen as minorías, para proceder ao rápido encumbramento dos xa grandes. Unha lei de repartos moi pouco xusta. Non pode ser, aínda non dou creto ás cifras que saen nos periódicos. Todos están satisfeitos, anque algúns non dan dixerido tanta desconsideración, tanta lamentable ruptura de esquemas. Non poderemos, neste tempo que vén, soportar a enorme carga da impiedade á que nos someten. Moitos terán que buscarse a vida e nunca o fixeran. Que mágoa! Igual teñen que buscar traballo, ...e agardar dos amigos unha oportunidade se é que quedan nalgún posto de responsabilidade. Que desastre de sociedade, aínda non fomos quen de conseguir unha democracia en maioría de idade e xa nola furtan de novo estes que gañaron, estes que sacaron a maioría máis grande. Isto é un descontrol. Di ti que todos miramos o que queremos ver. Sempre facemos unhas lecturas ousadas e atrevidas, calando aquilo que xustamente nos tira das orellas ou discretamente nos reprimde. Pero, sen lugar a dúbidas, gañaron os de sempre, os inauditos, os inconcibibles, os máis ousados e procaces, os inverosímiles votantes do silencio. A abstención, ese é o partido! O máis grande o vitorioso. Índice de desencantamento que tamén en silencio di moitas cousas. Non é para botarse a correr de contento. É para sacar as debidas conclusións. Non son doadas. En Galiza, de dous millóns douscentos mil votantes, setecentos sesenta e oito mil non votaron. Moitos máis aínda que no 2011. Seguramente é porque non puideron

ir, porque non tiñan ganas, porque non quixeron ou porque non lles apetecía, non lles gustaba ningún partido ou porque no medio de tanto insulto non viron propostas debidas nin correctas. Pode ser que porque non cren xa neste sistema que “sempre” os prexudica, este sistema que segue a primar aos grandes (miles de exemplos hai) e verduguear aos curranes, metendo tamén aos máis débiles e marxinais. Un sistema en si corrompido, desde a súa mesma narración e interpretacións que a negan, tamén no modo de computar votos e tamén por estar prostituído polos medios, pola propaganda, polos insultos e a falta de comprensión, pola falta de seriedade e compromiso. Un sistema de verdade comprometido, como agora din as novas forzas emerxentes, capaz de amosar xenerosidade e diálogo, vencendo a soberbia e o narcisismo imbécil que aínda nos ocupa. Si, dentro dos que votamos, houbo un cambio notorio e importante. Calquera o puido percibir (aínda que os perdedores se amosen difíciles e por fóra contentos). O PP todopoderoso morde o po do seu propio abuso, do seu “rodillo” abafante e cruel, despiadado e mortífero. Vén xente nova, non sei se con novas ansias e novos proxectos. Hai que deixar correr a auga e ver se limpa o río, se é quen de descubrir as lameiras e remuíños que os de antes nos deixaron. Terán que facerlles pagar tanta ousadía e desprezo, tanta chulería. Quédanos a esperanza depositada naqueles que chegan da auga limpa, aqueles que saben e queren facer ben as cousas, aqueles que sacarán á luz novas formas de goberno. A ilusión está servida e será quen de sementar coñecemento, para nas seguintes saber o que hai que facer cos que –en tan pouco tempo– tanto dano nos fixeron.



Baldomero Iglesias Dobbarrio

Mero

Marchará o medo?

Ábrense camiño os denominados “radicales”, segundo o PP. Empregaron, os todopoderosos, a advertencia e o medo, anque de nada lles serviu. A xente está farta deles e da dor que causaron, tamén da súa ousada prepotencia e soberbia. Provocaron a indignación e en campaña dixeron moitas palabras que serviron para acender aínda máis os lumes dos alporizados polo seu comportamento. O certo é que todos se meteron en moitas vaguidades. Non só eles, os do goberno, senón todos. Daban certa pena, pois puideron ser máis claros e non foron. Algúns volveron meténdonos aínda máis medo: “...veréis ahora a los radicales, vereis...” Xa nin falando foron precisos, seguen coas máximas de sempre. O certo é que case todos son malos oradores e nótaselles por onde perden, por onde deitan. Outros, sendo algo mellores, sortean verbas para deixalas languidecer na súa palidez, empregando frases feitas, así como ocas de contidos e sen fundamento, ditas pero sen dicir, para non comprometerse. Outros acoden á ameaza, directamente á ofensa, e abundan en considerarnos parvos. Advirten-nos, eles moi cautos e prudentes, dos riscos que podemos correr ao trocar os destinos sen contar con eles, os nosos valedores. Todos eses “vellos” (en mentalidade) defenden o malo coñecido, pobres verdugos. Foron todopoderosos e desde a súa arbitrariedade caeron moitas veces no abuso, na mala educación. Agora pód-

dellas vir enriba a penaldade de seren analizados. Hai que mirar moi ben debaixo das esteiras e felpudos. Aparecerán as súas verdadeiras miserias. Este domingo resolveuse o primeiro problema. A xente falou e dixo que non está con eles. Por riba, carecen de amigos que arrisquen a ser cómplices da tanta

derrama. A partir de aquí, como xa se demostrou, saberemos defendernos das súas insistentes mensaxes e das súas voces exportadas polos medios de intervención social que teñen comprados. Xa terán pensado en como lles pagar a partir de agora? Foron os tráxicos portavoces da mentira e o saqueo. Celebraremos, este, o primeiro paso para arredalos de nós, por querer fanarnos liberdades, democracia, dereitos públicos e sociais, incluso sonhos. Recuperaremos o que eles nos quitaron. Sumamos moita indignación entre todos, en forma de partidos pequenos pero firmes, en forma de novas agrupacións e mareas que aglutinan a tanto inconformista, con afán sempre superior ao medo a cambiar que nos persegue. Sumamos tamén interese para superar a pasividade dos tantos que se deixaron levar ou calaron consentidores do castigo. Ao final mandan as matemáticas. Dentro de pouco virán desde Facenda, desde os Bancos, desde Aena, ...volverán contarnos aquilo da crise e de que somos culpables de vivir por riba de nós, mentres eles escapan cos cartos a paraísos fiscais! Que propelia, señores. Por culpa deles temos garantida a crise por moitos anos, de tal xeito que hipotecaron o porvir e, mentres, na porta petan graves problemas humanitarios e de inmigración, da nosa emigración que é a mesma, de guerras e ameazas que escurecen os horizontes. Temos que acadar un compromiso contra eles, os que nos apagan o sorriso esperando desta sociedade na que somos e existimos. Temos que volver a manexar a xenerosidade e o diálogo e vez da soberbia que amosaron, do narcisismo que aínda amosan. Isto que pasou agora, foi só unha pequena ruptura. Aínda veñen máis. Deberán analizar os comportamentos todos aqueles partidos deostados. Deben facer reflexión e pensar en anovarse, algúns en cambiar totalmente. Prende na sociedade un novo modo de entender a vida, hai que abrirse ao enxeño, á ética e á estética do público que é onde habitan os horizontes e a confianza.

CARTAS

AO DIRECTOR

Sr.
Mariano Rajoy Brey
Presidente do Goberno do Estado Español
Pazo da Moncloa
Av. Puerta de Hierro s/n
E-28971 Madrid

Sr. Presidente do desgoberno do Estado Español : Tentei comunicar con vostede a través de internet, e non foi doado, por ter o portal do Pazo da Moncloa blindado, e máis, a moza do teléfono da Moncloa que me atendeu, rexeitou con escasos argumentos facilitarmos. Boa maneira de atender aos cidadáns. Cidadáns ou súbditos coido eu que somos, alomenos eu, que quede claro, como a auga do río Alvedosa, que baixa monte abaixo cun certo barullo líquido polo Concello de Redondela de Galiza, para morrer na Ría de Vigo, diante da Illa de San Simón, entre outras cousas antergo penal franquista.

Polo tanto diríxome a vostede fillo de Santiago, e de pai notario e galeguista, por posta ordinaria e certificada, co gallo e agardando que lle chegue ás súas mans, sen atrancos e demoras.

Como axiña lle vou dicir que a súa política de atormentar, domar e castrar GALEUSCA, e dicir Galiza, Euskal-Herria e Países Catalans, olle por favor Catalunya, non vai a ningures, polo que atinxe polo momento á mesma. Sr. Rajoy alimentar e espallar xenreira, desprezo e catalanofobia pola Península e mundo adiante, en contra de nós os cataláns, non é unha boa, sana e intelixente política, como tampouco o é impedir que os mesmos cidadáns desta Catalunya poidan votar polo “ Dereito a escoller ”, sen atrancos, insultos e falsedades a cote, botando enriba nosa toda clase e caste de lixo verbal – polo momento -. Porque da maneira que imos chegando ao 9-N, vostedes os do goberno do pp, psoc e santa compañía de partidos menores, e limpacus que beben e se alimentan do imperial españolismo, soben e soben a intensidade in crescendo e difunden sen pausa institucional por todos os medios, as ameazas e os medos na xente, en particular nos xubilados, no lugar de pescudar outros vieiros máis doados e democráticos, por exemplo canles de discusión e posible diálogo, como fan noutros países arredor donoso. Onde ser democrático, diferente de lingua e sentimentos, e de anxeios de liberdade, non é un lastro que hai que agachar, prohibir e botar enriba das persoas, dos cidadáns. Coa escusa da lei, da xustiza e constitución, pobres argumentos, son as mesmas leis que teñen que estar ao servizo das persoas, e non ao revés, como fan vostedes ao servizo dos seus noxentos intereses.

Vostedes ao paso que van, non lles vai quedar máis desenlace que proclamar a enésima ditadura española, até que nós os cataláns por dignidade, por estar fartos e cheos de semellantes aldraxes, que dende trescentos anos estamos a soportar, a padecer (os galegos aínda máis séculos), imos continuar na loita sen acougo, até vencer, para despois erixirmos en estado ceibe catalán, no marco da Europa ou sen ela. Nós podemos e temos que pasar se cadra da Europa dos mercaderes, e dos “ chourizos e corruptos ”, dun estado que polo momento vostede preside. Para risa e fonda preocupación de Galeusca e do mundo, que no seu caso no lugar de ir para adiante, retrocede e naufraga para desgraza de todos.

Pere-Albert Barrufet i Lahuerta
40 802 593 Cal Salo
Hemeroteca Galega i Junedenc
Carrer d'en Josep M. Folch i Torres 36,3r
CAT-25430 Juneda
Baix Urgell – Ponent d'Ilergècia

Nota bene: emprego o galego-portugués, con descolonizada e deliberada vontade ao estilo Celso Emilio Ferreiro, o bardo de Celanova: porque me peta e me da agaño. Causa que por certo non fai vostede, que endexamais pronuncia unha verba na fala dos seus pais, dos seus devanceiros bos e xenerosos, nin cando se trabuca. Que mágoa ...

Por: Guillermo Rodríguez

Director de Novas do Eixo Atlántico

En España comezou un campionato político coas eleccións europeas. Daquela, de igual xeito que na Copa do Rei, podemos atoparnos con equipos de 3ª División eliminando a equipos de 1ª División, apareceron no campo de xogo político equipos apenas conformados, sen entrenamiento máis que mental, sen coñecer exactamente as regras de xogo, que lle deron un susto marrocatudo aos equipos de 1ª División de Honra (bueno, o de honra vai con piada que dirían os nosos amigos portugueses). Xa todos vdes. coñecen como rematou a partida.

Agora veñen de celebrarse unhas eleccións municipais e autonómicas nun montón de Autonomías do artigo 154. Unha partida na que saltaron ao terreo de xogo equipos mellor entrenados; novatos, si, pero non inocentes. O resultado desa partida non podía ser máis demoledor para aqueles equipos de 1ª División de Honra. Perderon por goleada. Claro que, como sempre pasa nestas cousas, ningún di que foi derrotado; aquilo da dulce derrota de Felipe González.

Os españois saíron á rúa dispostos a dicir: "BASTA, SEÑORES/AS!!" Basta de que nos tomen vdes. o pelo, de que nos sustraian as regras de xogo, de que non consideren tontos de remate. E non, señores e señoras, NON. Aquí os únicos que non se enteran da festa non son os de tribuna e marcador de Balaídos, son os departamentos ideolóxicos que teñen ben pagados, aínda que sexa en negro e aparezan na libretina de ... Vdes. non se enteraron da festa. E a festa rematou.

Todos vdes. coñecen a estas alturas como lles quedou o corpiño aos intelectualoides socialistas e populares. Claro que a uns máis ca outros, pero non crean que hai grandes diferenzas. Ben é certo que logo dunhas eleccións ninguén perde. Era Pio Cabanillas, o vello (porque hai outro Pio Cabanillas

por aí furrulando entre bambalinas, que dicía logo dunhas elección cando lle preguntaban polos resultados. D. Pio como quedou a cousa? Gañamos, respondía; pero quen D. Pio? Non sei quen pero gañamos. El gañaba sempre. E tiña razón, porque ata este momento en que ninguén lle pregunta a Rajoy ou a Pedro Sánchez quen gañou, porque

menda e o PSOE non lle quedou moito atrás, a partida aínda non rematou. Rajoy está soñando cos brotes verdes de Zapatero, e os de Zapatero, ou sexa, os socialistas, están satisfeitos porque conseguiron respirar un chisco máis; conseguiron non afundirse de todo.

Se vdes., seguro que xa o fixeron, se toman a molestia de examinar cun


paxaro unhas novas eleccións xerais. Será o momento de poñerlle o ramo á leira porque a sacha teña rematado. Claro que nos queda moito que sáchar, pero niso estamos. Ou non?

E Galicia, que? Estarán vdes. preguntándose. Pois moi ben, grazas. Aquí fomos quen de demostrar que había máis mundo fora das canles oficiais,

Santiago de Compostela (capital do reino que moitos gostan chamar); ao alcalde de A Coruña (aquela que era coto privado de D. Paco Vázquez, lembre?), ao alcalde de Ferror, de Pontevedra, tamén de Vigo, para gloria dos socialistas que pouco teñen que festexar. Esas mareas foron quen de embarcarnos nas súas mareas e coma se fora unha tabla

riano non se asusta e trata de gañar tempo, tempo que só vai servirle para comprobar que o seu tempo está finiquitado. Non ten que coller ningún barco e saír rumo ao descoñecido; el pode retirarse aos seus cuarteis de Estepona onde o espera un sillón que alí lle gardan con suculentos emolumentos. Non teñan vdes. mágoa que os seu futuro está garantido, non así, precisamente, o de millóns de cidadáns deste país que non teñen para chegar a fin de mes. Por eses e por outros moitos máis é polo que no vindeiro mes de novembro temos que ofrecerle un barco de vela para que naveguen pero lonxe das nosas costas.

En Galicia xa comezou a tarefa. Distintos colectivos e grupos de cidadáns organizados e cansos desta situación comezan a falar dunha fronte unida para chantarse en Madrid, alí onde se coce, aínda, parte do noso pastel, e dicirlles a aqueles políticos de salón, que levan décadas vivindo do conto, que Galicia existe, que, aínda que esteamos no noroeste da península como nos deixo dito o ínclito Aznar, existimos e reclamamos o dereito a ser nós mesmos. Para os nosos devanceiros, dende os seus cadaleitos, poidan respiran forte, non podemos fallarlles. Moitos deles están soterrados polo seu amor á Terra; nós temos que devolverlles o orgullo e lembrarlles que o seu sacrificio botou raíces, que a súa entrega incondicional ao benestar deste País Galego está esperando o seu froito. Máis logo que tarde estaremos en condicións de ofrecerlles unha ofrenda cun País dono de si, polo que eles loitaron e, nalgúns casos, morreron.



Se non queres que Madrid-Bruselas sigan muxindo as nosas vacas, xa sabes o que tes que votar no vindeiro mes de novembro.

(Perdón, Castelao por manipular o teu pe de foto)

todos o sabemos perfectamente, antes os de D. Pio gañaban sempre, por activa ou por pasiva. Pero iso rematou o pasado día 24-M e púxoselle o curuto á meda o pasado 13-X. Sinceramente creo que non somos aínda moi conscientes do partido que vimos de gañar. Os medios de comunicación ,todos, (salvo mínimas excepcións, como este xornal, por exemplo) están empeñados en facernos comprender que a cousa non foi para tanto; que, se ben é certo que o PP levou unha paliza tre-

chisco de vagar como quedou o mapa do Estado Español logo do pasado día 13, en que se constituiron as distintas corporacións municipais e se conformaron os gobernos dun montón de autonomías, estarán comigo en que o que pasou parécese moitísimo ao que pasou aquel 15 de abril de 1931 en que os españois se deitaron monárquicos e se ergueron republicanos. Aquí aínda non chegamos a tanto; aquí soamente chantamos os alicerces do que ten que vir de contado. Aí temos a vista de

dos partidos que xa chaman históricos (menuda historia nos deixan!!), e ofrecer aos galegos alternativas. A palabra alternativa é de uso común, pero endexamais tivo tanto profundo sentido coma nestes momentos. Si, señores; hai alternativa. Xa non temos que laíarnos da nosa sorte; xa non temos que escoitar "que máis dá, sempre gañan os mesmos!! Non , agora non gañaron os mesmos. Eses mesmos están lámendose as súas feridas e disimulando como poden. Aí temos aos alcaldes de

de surfin (ou com o se diga), subímonos a ela e deixámonos ir envoltidos polas ondas do mar, daquel mar ao que cantaron os nosos trovadores. "Ondas do mar de Vigo, meu amigo!! Só que nesta ocasión o mar de vigo atopouse coas obras de Abel Caballero e non puido acceder á praza do concello. Seguro que na próxima chega e para quedarse. Agora chegan os tempos de recargar as pilas un tanto esgotadas por tanto esforzo colectivo e prepararse para o vindeiro mes de novembro, se D. Ma-



Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.



En 1918 celebrouse en Lugo unha asemblea de personalidades representativas de Galicia convocadas polas Irmandades da Fala para debateren un programa de autogoberno. Unha das propostas aprobadas avogaba por proclamar a soberanía estética da nación galega, que se exercería sobre as construcións urbás e rurais, ditándose unha lei que obrigue aos propietarios a axeitaren a respectaren as tipoloxías peculiares de cadanseu lugar, ao tempo que propuñan a expropiación de monumentos e paisaxes.

Tiveron que transcorrer moitas décadas –exactamente noventa anos– para que aquelas arelas fosen recollidas na Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia, que arbitra medidas para a súa ordenación e xestión. Esta lei consi-

dera a paisaxe como un elemento esencial para o benestar individual e social, cuxa protección, xestión e planeamento comporta dereitos e obrigas para todos; porque é un elemento fundamental da calidade de vida das persoas e por iso tamén debe ser o reflexo fiel dun territorio e dun medio ambiente de calidade, dunha sociedade moderna e consciente da importancia do seu patrimonio natural e cultural.

A degradación das paisaxes do noso territorio por mor da dinámica demográfica xerou profundos cambios nela coa perda de importantes valores. Para corrixir eses desmáns, outra lei, a de ordenación urbanística e protección

Soberanía estética de Galicia

do medio rural, dispón que a utilización do solo rústico deberá potenciar a preservación da riqueza



■ Illas Cíes

patrimonial que aínda subsiste eliminando elementos impropios que supoñan un risco de deterioro do medio ambiente, do hábitat e construcións adxectivas.

Ambas as dúas leis establecen a colaboración e coordinación entre as distintas administracións pú-

blicas para aplicar medidas eficaces na loita contra o desartellamento do medio rural e o chamado “feísmo” que se estende como un andazo pola paisaxe galega deshumanizando o te-

ritorio e atentando contra o patrimonio arquitectónico tradicional que tanta singularidade deu aos núcleos rurais. A desidia dos concellos galegos foi cómplice desa desfeita patrimonial: alteración das tipoloxías tradicionais e desaparición de centenarios valados de cachotería reemprazados por outros de bloques de cemento con ocasión de retranqueos de camiños, alterando e deformando a natureza desa construcións.

A campaña electoral para os comicios galegos tería sido unha boa ocasión para que as candidaturas manifestasen nos seus programas esta preocupación polo hábitat rural e as medidas para corrixir as disfuncións apuntadas. A

fealdade nunca é definitiva e irreparable se hai vontade para reducila ou neutralizala. Pero para iso cómpren medidas radicais como a declaración da soberanía estética dos concellos galegos, incorporando aos departamentos de urbanismo un servizo específico dedicado a velar pola estética da paisaxe e o hábitat fomentando a sensibilización da sociedade galega e aplicando criterios correctores nos proxectos que os particulares están obrigados a presentar para solicitar licenza de obras nas súas casas. As novas tecnoloxías fan posible recreacións virtuais para ofrecerlles aos veciños modelos de restauracións respectuosas coa tradición e integradas na paisaxe.

A nova política fala galego

Hai dez meses semellaba que as novas respostas á corrupción e ás crises económica e institucional virían no noso País de formulacións estatais, como Podemos e Ciudadanos. Semellaba que o galeguismo ía ficar á marxe desta corrente, arrumbado na vella política partidaria, sen pulo fronte ás novas esixencias da cidadanía, nomeadamente nos espazos urbanos.

Foi na Coruña onde xurdiu a primeira resposta nada da cidadanía (a Marea Atlántica) e á que seis partidos, quer galeguistas, quer estatais déronlle o seu explícito apoio, mais que xurdía como resposta cívica, galega e coruñesa. O mesmo ocorreu meses despois en Lugo con LugoNovo e en Santiago coa Compostela Aberta. O manifesto Somos Maioría fixo posíbel outros instrumentos análogos con diferentes graos de éxito, en Sada, Cambados ou Gondomar. Tamén Ames, Culleredo, Pobra do Caramiñal e Noia deron pé a marés municipalistas dende unha concepción galega e cívica. Mentres, en lugares como en Ribadeo ou Pontevedra, candidaturas máis improvisadas e menos plurais bateron contra proxectos representados por alcaldes galeguistas solidamente

arraizados na cidadanía, como en Pontevedra ou Ribadeo.

Estes meses viron tamén o nacemento da plataforma “Somos Nós”, que non operará en clave local e partidaria, senón galega e social e que xa anunciou a súa proposta de rebeldía cidadá fronte á secundarización de Galicia na nova escea política, advertindo que moitos dos problemas de Galicia non han ser vistos en perspectiva de clase, senón territorial e precisan de solucións de noso.

O propio líder de Podemos, Pablo Iglesias, recoñeceu este día a singularidade do espazo político galego, mentres Anova, Compromiso por Galicia e o BNG, con matices diversos, veñen de chamar por unha candidatura galega común e plural para as vindeiras eleccións xerais.

Os partidos e, nomeadamente, os axentes cidadáns semellan ser quen a construír un relato galego para dar solucións aos problemas da rexeneración democrática, da reactivación económica e do mantemento do Estado do Benestar con centro de decisión no País. O galeguismo, entendido máis na súa vertente cívica ca identitaria, non pode ficar á marxe, senón que habería de ser parte esencial dese relato.

A aparente converxencia de todos os axentes políticos galeguistas e outros de decisión estatal nunha plataforma galega para as vindeiras eleccións xerais non agacha certas e importantes diferenzas de criterio. Mentres o BNG defende cingir o acordo ás forzas e sectores cidadáns non integrados noutras estruturas estatais, Podemos ou EU, maila recoñecer a singularidade do espazo político galego, semellan querer supeditar a eventual converxencia galega a un lexítimo proxecto que trascendería Galicia.



Decidirmos nós

Velaí porque son precisas, para esta caste de procesos, grandes doses de intelixencia e xenerosidade. E porque é preciso o pulo cidadán, a forza da sociedade non encadrada en partidos políticos. ;Mais, tamén, a adhesión de dúas de alcaldes, receptores do claro plebiscito das urnas. Porque, canda o grande éxito da Marea Atlántica coruñesa, Compostela Aberta ou NósPobra, non podemos esquecer que Pontevedra, Ribadeo, Lalín, Carballo, Teo ou mesmo Narón optaron por decisións en clave de partido moi vencelladas á persoa ou á equipa gañadoras. Galicia é plural e poliédrica na súa expresión política. Descoñecelo e pormos o piloto automático é un camiño seguro para o fracaso.

De certo que a converxencia cara ás estatais non pode caer no erro de excluír ás forzas e persoas que non se consideren nacionalistas ou galeguistas. Na Galicia actúan importantes axentes do cambio que arelan unha fonda remuda das estruturas institucionais e políticas estatais. Mais esa pertenza ou referencia non impide a converxencia, porque en moi grande parte son obxectivos partillados cos galeguistas: transparencia, participación cidadá, loita contra a corrupción ou o afortalamento do Estado do Benestar.

Mais o que si constituiría unha liña vermella nesta plataforma de converxencia é o seu centro de decisión na Galicia: decidirmos nós. O que esixe a formación dun grupo parlamentario de noso, independente de calquera outro. Que non quitaría para colaborar con outras forzas estatais, vascas, catalás ou doutros territorios para acadarmos os obxectivos comúns nos eidos da rexeneración democrática, da afirmación dos servizos públicos e da reforma constitucional que amplíe e blinde o noso autogoberno, chave do noso benestar

Por: Isídoro Gracia

A proposta de dedicar 1500 millóns de € a melloras das pensións futuras das nais é outro sablazo ao peto herdado.

Seguindo o exemplo das lexions romanas, en que o lexionario tiña que pagar parte do seu equipo, e recibía o seu salario, nos terzos españois, cada soldado recibía unha paga, pero a pólvora adoitábase pagar o soldado do seu propio peto.

Pero en ocasións, como en caso de asedio, podíase obter pólvora nos almacéns ou os polvorines do exército e entón tirábase con "pólvora do rei" e polo tanto non se tiña tanto coidado e disparábase máis ledamente.

No partido do actual goberno debe haber persoas de certa ilustración, e como asumiron as teses dalgúns economistas neo-

liberais que toda cotización social é un imposto, decidiron copiar o método e están dedicando os recursos, que chegan desde o que toda contabilidade recolle como custos salariais, e que teñen un carácter finalista, a outros temas en beneficio da propia imaxe social do goberno, e ata a políticas absolutamente alleas a fin único das cotizacións. Detallemos.

É política social utilizar a práctica totalidade dos máis de 60.000 M de € herdados a soste a débeda pública? Evidentemente non, é, ademais dunha asunción de riscos alleos ao fin deses recursos, e política estric-

mente económica e dunha cor determinada.

No caso da proposta, non se esqueza realizada nun intre electoral, a expresión "tirar con pólvora do Rei" se aplica porque non se teñen en conta os gastos ou esforzos, xa que corren por conta doutro, y ten unha dobre entrada. Unha, ao aplicarse a partir de 2016, será o próximo goberno o encargado da súa xestión. E dous, as políticas de axuda a un determinado tipo de familia (a favorita dos conservadores) non están entre os obxectivos do sistema de pensións contributivas. Sexan cales sexan as posibles melloras, os recursos teñen que chegar desde os

Orzamentos Xerais do Estado, na súa parte financiada polos impostos.

Outro exemplo de uso indebido da hucha, é a cotización de 100 euros ao mes por continxencias comúns (basicamente pensións) para os novos contratos indefinidos que supoñan un aumento de persoal nas empresas. Non é fácil de cuantificar a perda global para as arcas da SS, pero é fácil a unitaria, tomando un salario bruto medio de 18.000 €/ano a perda anual está nos 4.000 €/ano (multiplicar polo nº de contratos do que presuma o goberno, si é un millón de empregos son 4000 millóns de € ano). Iso si a empresa non cae

na tentación de substituír un contrato indefinido razoablemente remunerado por dous novos, previo ERE ou despedimento, o que multiplicaría o expolio.

Sumemos os efectos da tarifa plana de 50 euros para novos autónomos. Inicialmente só se aplicaba a menores de trinta anos pero desde finais de setembro de 2013 ampliouse a todos os novos autónomos que cumprisen os requisitos. O cálculo é sinxelo, os 170.000 beneficiarios anunciados pola Ministra de emprego polos máis de 2.600 €/ano perdoados (a cota mensual mínima son 264 €) igual a máis de 440 M de €/ano a restar da hucha.

Ao etc. pode sumarse a bonificación do 100% da cotización dos becarios e algunhas outras presentadas como "medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia".

É claro que nin o fomento do emprego, nin a formación de titulados, atópanse entre os obxectivos da lexislación sobre pensións. Conclusión: Non son medidas sociais, nin de estímulo, é simplemente un expolio dos recursos que os custos salariais aportan á Caixa Única da Seguridade Social, para destinalos a fins alleos á súa función.



Por: Pere-Albert Barrufet-Couñago

Moita e transparente auga baixou polo Alvedosa abaixo, camiño da Ría de Redondela, dende que sinto especial agarramento, respecto e comprensión pola benquerida Galiza toda, na cal cómpre engadir as comarcas inxustamente deturpadas de Seabra, Eo-Navia, Bierzo, e a espallada diáspora www.galiciaespallada.com.ar, e por suposto non faltaría máis, polos pobos irmáns de Galeusca en xeral. Doutr xeito estes humanos sentimentos de emigrante retornado da Suíza, non me privan, todo o contrario, de ser crítico cando cómpre e creo necesario, como é de manifestar agora e hoxe o meu máis vigoroso desacordo, coa FESTA DO BOI de Allariz (Ourense-Galiza). Festa considerada de Interese Turístico. Sobre a mesma escribe o tríptico de difusión turística, que collín nunha afábel e profesional li-

brería da vila, fermosa e monumental localidade ás ribeiras do Arnoia www.youtube.com, nunha se cadra demasiado breve visita que lle fixemos, hai uns días, a muller, unha sobriña e un voso servidor:

EN ALLARIZ DENDE 1317

A Festa do Boi lembra un feito acaecido en Allariz no ano 1317, cando un fidalgo chamado Xan de Arzúa escolleu, a lombos dun boi, aos xudeus que

Se mofaban da procesión cristiá do Corpus Christi.

Dende entón, o pobo revive cada ano aquel acontecemento correndo un boi polas rúas e rememorando o seu pasado medieval con danzas, gremios e figuras que propiciaban a transformación de Allariz nunha vila máis histórica, máis auténtica e máis espléndida ca nunca. Malia teña as miñas dúbidas sobre esta afirmación ou versión histórica, é dicir, da devandita mofa dos xudeus, respecto á procesión do Corpus Christi, para min, reitero, esta infeliz como gratuita acusación paréceme unha máis das

Festa do boi ou do antisemitismo?

milleiras difamacións e persecucións sufridas ao longo dos séculos polo pobo israelita, denantes e despois da destrución do Templo de Xerusalén, até o día de hoxe.

Que moi ben ilustran por exemplo as revistas mensuais Sàpiens, en idioma catalán, número 128 co

"Dossier Especial Jueus a Catalunya" e "Historia y Vida", en castelán, 04/2013 "Los judíos en España - Los mitos e intereses que llevaron a su expulsión". Polo seu rigor e calidade aconsello de contado a súa consulta e lectura, en especial maneira da catalana, moito máis completa.

Persoalmente non teño ningunha previa antipatía pola Asociación Cultural Xan de Arzúa festadoboi@allariz.com, e moito menos polo Concello de Allariz www.allariz.com, e menos aínda polo programa que artellou en honor e lembranza da devandita Festa do Boi.

Só me molesta profundamente, ao igual que as corridas de toros e tamén os "correbous de la Catalunya me-

ridional", que actualmente malia sexa somentes coa escusa festiva, para máis escarnio segundo algúns de valor cultural, pervivan nas nosas festas, folclore e tradicións nacionais galegas, de nación sen estado, semellantes barbaridades, e no caso de Allariz por enriba con pegada antisemitista. Antisemitismo militante e noxento que eu aínda lembro con viva clareza, cando de raparigo o nacional-catolicismo franquista, onde Rouco Varela atinxe as súas crenzas, máis políticas ca relixiosas, obrigábanme pola Semana Santa matracada en man a ficar fóra, con barullo de seu, os cativos xudeus da igrexa de Xuneda CAT-Baix Urgell). Xudeus que na miña infancia e candidaignorancia non sabía de quen realmente se trataba, o importante era criar en min un odioso desprezo polos mesmos, é dicirrexeitamento por todo aquilo que é diferente a nós, evidentes maneiras nas cales os casteláns de sempre - vellos e novos - son mestres diplomados. Basta conollar e ler a súa historia pasada e presente.

Polo tanto no nome da cultura, da democracia, da humanidade, e sobre de todo das persoas, pido e convido ao Concello galego de Allariz, de desterrar esta aldraxante festa da súa axenda municipal, do seu local calendario, e no seu lugar se cadra, podedes organizar un semellante evento, onde o seu fundamento e motor sexa por moitos a escarnecida galeguidade, galeguidade onde por ventura vincon tanta forza visual, plástica e viva latexar e vivir con normalidade, nas súas rúas e prazas, nos seus veciños. Rúas feitas de pedra bentrallada, por artistas canteiros, como son todos os galegos, no punto de quedar namorado da mesma, dunha vila na cal pra min seria un ledo gosto morar e morrer en galego, como un bofillo adoptivo da terra de Breogán. Vila na cal entre outros persoeiros residíu e casou Vicente Risco, de onde era filla a súa muller.

Allariz por favor faime caso, troca a Festa do Boi, pola Festa Maior da GALEGUIDADE UNIVERSAL. Co abraiento anti-semitismo e coresto dos "ismos" que temos nos nosos arredores, non imos a ningures. ... Imos ao desastre de cabeza.



Opinión

Por: Inma Otero Varela

La no exemplar de abril deste xornal un artigo sobre unha actividade vencellada a Ponte... nas ondas! na que participaba alumnado de Salvaterra e Moção. Falábase tamén da demanda para que o patrimonio inmaterial galego-portugués sexa recoñecido pola UNESCO. Xa hai anos que se leva solicitando grazas á insistencia e traballo dos promotores que conseguiron xerar unha corrente de ilusión en todo o territorio. Pensaba ao fío da lectura na pegada do patrimonio cultural inmaterial na construción da nosa identidade, tanto no que atinxe á colectiva como á individual. Xa non no seu valor intrínseco como síntoma de diversidade, xa non no mérito histórico como compoñente do folclore; nin sequera como un dos xeitos xenuínos de afrontar o pensamento único. Púxenme a pensar na influencia que tivo na creación da miña experiencia vital e na dos meus parentes máis próximos en idade, os que se sitúan entre os trinta e corenta anos. As historias familiares son relatos narrados por varias voces. O seu son vén de lugares e tempos con distancias moi variables respecto ás tramas, e incluso un mesmo narrador

Cultura tradicional, espazo lusófono e novas tecnoloxías

pode modificar a súa historia ou dosificala. Así, o tempo dos narradores e dos receptores convértese nun novo cronista, se cadra o principal. En ocasións as voces mesmo constrúen os protagonistas. Para meu avó, a nai morta tralo parto foi unha ficción tecida entre o relato dos outros, nomeadamente o dos sogros, e as arañeiras da ausencia. As voces tamén nos proporcionan destrezas que nos ligan ao seu universo; crean o niño onde apousar a nova voz mentres fian a lingua coa que seguir gandullando relatos. E a instrución nesta pericia, o material didáctico e o resultado, é dicir, o posicionamento do suxeito no cosmos particular, son parellos a un lado e outro da raia. Na parroquia de Quembre, concello de Carral, a menos de vinte quilómetros da cidade de A Coruña, os nenos da miña familia xogaban a perfeccionar a fala e exercitar a memoria cun poema popular, polo menos ata hai trinta anos. Algúns dos meus curmáns máis novos nados na década dos 80 aínda o recitaron

na casa, mentres que para min foi aprendido na mocidade cando andaba a facer unha recompilación de textos tradicionais para un traballo académico. A miña sorpresa foi inmensa cando atopei anos máis tarde unha versión moi semellante nunha escolma portuguesa. Trátase da cantiga "Paxariño Pico Pico / quen che dou ese piquiño?" na versión da miña zona. No territorio galego foi recollida por Manuel Murguía na súa *Historia de Galicia* (1865), segundo sinala Domingo Blanco en *Poesía popular en Galicia* (Xerais, 1992); en 1880 Luís Tobío incorpora unha nova versión en *Colección de cantigas da Mahía* e Pérez Ballesteros inclúe na *Cancionero Popular Gallego* de 1886, prologado por Teófilo Braga. Volve documentarse en 1925 na revista *Nós*, tal e como sinala o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* nas entradas que van do número 591 ao 593 se facemos unha búsqueda co lema "pico". En territorio portugués semella que se ten noticia do brinquedo no século XVI, xa

que foi inserido algún dos versos na farsa de Gil Vicente *Quem tem farelos?*, se atendemos ao que se indica no portal Estação Capixaba (<http://www.estacaocapixaba.com.br/coletanea/quinta-parte-folclore-infantil/11/>) Esta última cita dá conta da repercusión popular que segue a ter no século XXI. É fermoso pensar que a Internet tamén pode funcionar como outra voz, ou outra orella que recolle os relatos do tribo con vocación de espallalos. Unha das primeiras páxinas que me saíron ao procurar a cantiga no espazo lusófono levoume directamente a Brasil, concretamente ao portal citado do estado de Espírito Santo que recolle a variante "Bico, pico, Sarapico/quem te deu tamanho bico?". Certo é que existen versións en castelán noutros territorios do Estado español incluída Canarias. Pero as semellanzas formais, a funcionalidade e a lingua dos textos galegos e portugueses agrandan a ponte da lusofonía e da cultura común. Velaquí a ver-

sión carralense tal e como me foi transmitida, con algunhas rimas e metros perdidos aínda que facilmente restaurables: Paxariño Pico Pico quen che dou ese piquiño? Foi Dios noso señoriño e pa que? Para repenicar nos carballiños repenicar, repeniquei, cen ghraíños encontrei e leveinos ao muíño. O muíño a moere e os ratiños a comere. Pillei un polo rabo, leveino ao mercado, señoriño, canto me dá por este cocho cebado? Sete mulas e un cabalo. O cabalo taba coxo e leveino ao ferrador. O ferrador non taba na casa, a muller coas mans na masa. Collín unha corredoira torta, encontrei unha cabra morta, pegheille un puntapé e díxome a cabra: -Behhhh, quero café.



Por: Manuel Rodríguez Alonso

Un inxustamente esquecido defensor da lusofonía

O ferrolán Ernesto Guerra Da Cal exerceu, tras o exilio do 39, a súa vida profesional dedicado ao ensino universitario do castelán, o galego e mais do portugués en universidades dos Estados Unidos, especialmente na de Nova York. Antes da Guerra Civil desempeñou un papel significativo na creación dos *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca. Combatente republicano marcha ao exilio, como xa indicamos. Poeta en galego publicou os poemarios *Lua de alem-mar* (1958) e *Rio de sonho e tempo* (1963). Mais unha das grandes teimas de Ernesto Guerra Da Cal foi a defensa da lusofonía e a inclusión de Galicia e mais do galego dentro deste espazo lingüístico-cultural,


dun xeito semellante ao que fixo Valentín Paz Andrade. Un recente estudo de Joel R. Gómez (*Ernesto Guerra Da Cal, do exilio a galego universal*. Através editora) coloca no lugar que lle corresponde a Guerra Da Cal. Desde o punto de vista da crítica literaria Guerra Da Cal converterase no grande especialista en Eça de Queirós. A súa tese de doutoramento será un fito e unha referencia no estudo e interpretación do clásico portugués: *Lengua y estilo de Eça de Queiroz*. Lida en 1949 na Columbia University e publicada en 1954 en *Acta Universitaria Conimbrigensis* consagra a Guerra como o grande especialista no gran clásico portugués do XIX. Parece ser que o responsable de español e portugués na universidade de Columbia, Federico de Onís, lle aconsellou a Da Cal que se dedicase ao portugués, dado que había moitos intelectuais e profesores españois exiliados que se dedicaban ao español e o portugués ofrecía moitas posibilidades, máxime cando o Goberno dos Estados Unidos quería colaborar comer-

cial e politicamente con ese gran xigante lusófono que é Brasil. A Onís parecíalle que Da Cal, falante galego, estaba por iso nunha condición inmellorable para ocuparse do portugués. Fíxemonos en que esta opción pola lusofonía do galego non supón ningún tipo de razón culturalista, histórica ou filolóxica, senón puramente económica e comercial. Onís e Da Cal decatáronse de que o galego formaba parte da lusofonía e esta asunción da lusofonía por parte do galego convertía esta lingua nunha lingua das chamadas *universais* (coma o inglés ou o castelán) e posibilitaba unha doada comunicación cun gran xigante económico e político xa daquela, Brasil. Diso tamén se decatara Paz Andrade tras as súas experiencias con Pescanova en América ou nos países lusófonos de África. O galego, aberto á lusofonía e asumíndoa, deixa de ser unha lingua local (coma o catalán ou o vasco) para se converter nunha lingua universal (coma o inglés ou o castelán). Xa que logo, esta de-

fensa do galego incardinado na lusofonía, por parte de Guerra Da Cal, non ten nada de culturalismo ou historicismo, senón que obedece a motivos económicos, de mercado e mais de proxección política fóra do marco da comunidade autónoma galega. Mais o estudo da lingua e literatura portuguesas vanlle confirmar a Guerra Da Cal que Portugal era o desenvolvemento natural da súa Galicia natal. Así afirma na citada tese sobre Eça de Queiroz: *... a literatura portuguesa... representa para mim um assombroso encontro com o meu próprio espírito, uma inesperada descoberta da minha verdadeira intimidade. Portugal era o desenvolvimento cultural, pleno, da minha Galiza natal. Era o que a Galiza deveria ter sido se as vicissitudes e os caprichos da História não a tivessem transvirado do seu destino natural, deturpando a sua fisionomia espiritual, quebrando a sua tradição, impondo-lhe formas de cultura alheias, estranhas ao seu carácter.* Dentro deste espírito da lu-

sofonía, en diferentes congresos ou publicacións, Guerra da Cal será o gran difusor da literatura e cultural galegas en Brasil e Portugal. Defende en todos estes foros, como se sinala no *Jornal do Brasil* (7-XII-1958), a integración do galego na lusofonía: *Seu sonho é a integração, pelo menos cultural, da Galiza, de Portugal e do Brasil... E sonha com o momento em que, afastado Franco do governo espanhol, o galaico-português voltará a ser ensinado nas escolas de Galicia.* Esta apertura do galego cara ao portugués, así como a inclusión do galego dentro da lusofonía, intensificárase tras o célebre debate de 1973 entre Rodrigues Lapa (reintegracionista) e Ramón Piñeiro (isolacionista) e non o deixará xa ata a morte en 1994. Reparemos en que esta apertura do galego cara á lusofonía non a propugna Guerra por motivos sentimentais, culturalistas ou historicistas, senón utilitarios para o galego, que ao entrar na lusofonía pasa de ser unha lingua local a universal, espallada polo Brasil

ou mesmo polas áreas lusófonas de África, como tamén indicará Paz Andrade. Por iso cómpre non esquecer a figura de Guerra Da Cal. Como tarefa práctica propoñemoslles aos lectores e lectoras que lean ou follen/consulten o recente libro de Joel R. Gómez sobre Da Cal: *Ernesto Guerra da Cal, do exilio a galego universal* (Através editora). Por outra banda, Guerra é o especialista no gran clásico portugués da segunda metade do XIX Eça de Queirós. Propomos que o lector/lectora lea algo de Eça como pode ser *O crime do padre Amaro*, *O primo Basilio* ou *Os Maias*, que se poden descargar gratis desde o *Proyecto Gutenberg*. Se alguén quere ver algo de Eça traducido ao galego estándar pode descargar desde a web da Asociación de Tradutores Galegos *O Mandarín*, en tradución de Ferreiro Martínez.



Resolución de Anova-Irmandade Nacionalista logo do 24-M

A rebelión cívica, como motor da emancipación dos individuos, das clases e dos pobos esmagados, demostrada coa proxección da cidadanía exercente cara ás institucións políticas, pode constituír un primeiro chanzo para acadar o obxectivo da creba democrática e a construción colectiva dunha nova orde social. Para Anova debería ter tres elementos centrais: dereito a decidir, democracia radical e novo modelo económico e social.

O pasado 24-M corroborou as teses defendidas na constitución de Anova e o chamamento á fronte ampla realizado por Xosé Manuel Beiras o 25 de xullo de 2012, coinciden co camiño común a seguir para enfiar tamén un novo proceso constituínte. Que milleiros de novos actores, con e sen afiliación partidaria, configurasen un novo suxeito, novos faces, novos protagonismos, novas alianzas e novas ilusións é, xa que logo, enormemente satisfactorio. Así, este ciclo histórico que estamos a vivir é o agromar dunha nova co protagonismo dos pobos e da cidadanía, dispostos a rematar coa soberanía e a democracia de cartón que hoxe rexe nas diferentes institucións políticas.

Neste contexto, os resultados do 24M toman máis importancia dende un ollar cualitativo que cuantitativo. Moi significativo é que as tres maiorías absolutas que ostentaba o PP nas cidades galegas fosen contundentemente contestadas polas mareas, tamén con relevancia noutras cidades, vilas e pobos, sendo nalgunhas chave de goberno. Que estas novas estruturas tiveran excepcionais resultados en cidades como A Coruña e na propia capital do país é toda unha revolución dentro dun panorama político estancado. E é, tamén, unha derrota sen precedentes do malgobierno de Núñez Feijóo.

Anova considera que se os procesos de unidade popular, co evidente e irrenunciábel protagonismo da cidadanía exercente, continúan, podemos estar, como pobo, en disposición de concorrer ás vindeiras elec-

cións ás Cortes para cambiarlo todo, por canto é nese campo de acción onde se pode dar unha mudanza

tatais esganar estas institucións converténdolas en meras consignas ou oficinas de xestión.

país xa ensaiou a confluencia e as novas formas de entender a política partidaria, demostrando así que

nunciar nas vindeiras eleccións xerais.

A unidade popular, a rebelión cívica, a creba demo-



a fondo do estreito marco legal. Do contrario, moitos dos esforzos realizados a nivel municipal terán efectos moi limitados na vida das persoas, pois as leis es-

Así mesmo, compre salientar o papel político xogado pola sociedade galega en todo o xa longo proceso de desafío ao réxime do 78. Antes ca ninguén, este

somos un pobo lúcido, audaz e na vangarda política do estado español; este perfil propio é un capital político ao que, baixo ningún concepto, imos re-

crática e a apertura dun novo proceso constituínte de múltiples dimensións, no que a nosa nación poida decidir, resumen, efectivamente, o proxecto estraté-



xico polo que pula Anova, mais sempre baixo o prisma de que o motor principal está na cidadanía e que as organizacións políticas deben actuar como motores auxiliares. Corresponde pois a esta cidadanía definir se os procesos continúan e se cómpre artellarse en clave galega cara a obxectivos comúns. Ese é o noso desexo e iso defendemos de xeito transparente como organización política participante coa súa militancia nestes procesos, pero non é Anova-IN quen ten que marcar nin os tempos nin os roteiros. É a cidadanía consciente no seo da sociedade civil.

É por isto que, dende Anova-IN, non facemos lecturas de parte, porque non terían sentido, pois decidimos cooperar e contribuír na medida das nosas posibilidades coa nosa bagaxe militante, as nosas posicións ideolóxicas e políticas, as capacidades analíticas e propositivas do noso cerebro colectivo e, sobre todo, coa participación en pé de igualdade canda outros suxeitos na configuración dunha alternativa real a todo o que representa o bipartidismo e o réxime do 78.

Dito isto, Anova exhorta á cidadanía activa a que abra un proceso de interlocución entre todos e todas para catapultar toda esa forza expresada nas municipais no combate nunhas eleccións ás Cortes que abran un novo proceso constituínte.

Xa para rematar, alén de parabenizar dende Anova a todas as opcións de unidade popular que obtiveron representación nas corporacións municipais, é importante que sexamos conscientes de que a tarefa urxente agora é deixalas traballar sen interferencias para que poidan pór os concellos ao servizo dos veciños e veciñas do país. Os novos gobernos teñen unha gran responsabilidade na que virtudes como a cooperación, a humildade, a xenerosidade, a dedicación e a primacía do ben común serán fundamentais. Sen iso por diante, nada terá sentido.

Seguimos camiñando. Dende abaixo e á esquerda sempre.

Teo, 30 de maio de 2015.

Opinión

Por: Manuel Rodríguez Alonso

Dous libros e a polémica sobre Filgueira

Moito se escribiu e falou en días pasados sobre a conveniencia ou non da dedicatória do *Días das Letras Galegas* deste 2015 a Filgueira Valverde. O certo é que tanto este último *Día das Letras* como a figura do homenaxeado Filgueira pasaron un tanto esvaídos. Mais coidamos que nestes días saíron dous libros que nos poden axudar moi ben a situar a figura de Filgueira dentro da cultura galega, mais tamén dentro do franquismo. O actual Presidente da RAG, X. Alonso Montero, analiza a figura de Filgueira Valverde en *Xosé Filgueira Valverde. Bibliófilos gallegos*, (Xerais). A través deste libro podemos ver como Filgueira é un intelectual que se ocupa de temas galegos, pero, como acontece noutros intelectuais galegos, como Risco, Cunqueiro, Torrente ou mesmo o recentemente homenaxeado Díaz Castro, sobre calquera forma de galeguismo priva o seu ideario ultraconservador e nacionalcatólico. Cando se ven na anga da serra e han de elixir entre democracia-laicismo-República ou conservadorismo nacionalcatólico non dubidan en abrazar o franquismo porque lles asegura a súa ideoloxía ultraconservadora e nacionalcatólica. Mais non pensemos por iso que o labor de Filgueira, especialmente como investigador no eido das Letras, non é valioso.

Cando se constitúe o novo Estado franquista hai todo un grupo de intelectuais que se poñen ao servizo do franquismo para substituír as elites intelectuais, laicas e maiormente progresistas, da República. É o que algúns chamaron a Falange de la Sabiduría. Escritores e intelectuais van pór os seus coñecementos e a súa pluma ao servizo do novo réxime franquista. José Carlos Mainer, Rodríguez Puértolas ou máis recentemente Jordi Gracia estudaron este grupo de escritores e intelectuais entre os que figuran Gerardo Diego, Laín Entralgo, Manuel Machado, Marquina, D'Ors, Leopoldo Panero, Pemán, Pérez de Urbel, Adriano del Valle, Vivanco... e tamén galegos como Cunqueiro, Eugenio Montes ou o propio Filgueira. Cómpre, xa que logo, ler o libro de Alonso Montero sobre Filgueira desde esta perspectiva. Filgueira é un intelectual orgánico do franquismo que estuda, con habelencia técnica, temas da historia, da literatura e mais da cultura galega, como podía facer o franquista Pérez de Urbel sobre as ordes monásticas castelás ou Entrambasaguas sobre o Século de Ouro cas-

telán. Proxectos como o da editorial *Bibliófilos gallegos*, por exemplo, entran dentro desa política do franquismo de substituír as institucións republicanas. Neste caso *Bibliófilos* tentaba ser o recambio de *Nós*, de Anxel Casal, como o *Instituto Padre Sarmiento* quería facer o mesmo en relación co Seminario de Estudos Galegos. Na etapa da Transición e nos primeiros tempos da Auto-

nomía, como fixeron tantos dos intelectuais franquistas antes citados, Filgueira será un dos intelectuais orgánicos da Transición en Galicia, ocupando cargos como a Presidencia do Consello de Cultura ou asinando o *Decreto de Normativización da Lingua Galega* de 17 de novembro de 1982, é dicir, a coñecida popularmente como *Normativa Oficial*.

Mais o labor destes intelectuais e escritores non foi só puramente cultural. Tiveron cargos, como no caso de Filgueira, que os converteron en censores, censores de bibliotecas ou mesmo membros de comisións que depuraban tamén mestres e funcionarios, de tal xeito que lles facían perder os seus postos como funcionarios. Filgueira participou neste tipo de actividades. É dicir, formou parte do que se adoita chamar a *represión fría*, é dicir, a que mete medo facendo perder postos de traballo, impondo multas, e tamén, desde os seus postos de gran *cacique* da cultura galega, representou iso que se denomina a cultura da *submisión*. Para sobrevivir na Ditadura, cumpría estar a ben cos poderosos, como o era Filgueira no eido da cultura, para obter carguiños, conferencias e outras cousas polo estilo. E esta cultura da submisión pervive na Preautonomía e mais na Autonomía. Para entendermos ben estes mecanismos da *represión fría* e da cultura da *submisión*, na que participou Filgueira, cómpre que leamos outro libro tamén editado por Xerais nestes días da autoría de Lucio Martínez Pereda: *Medo político e control social na retagarda franquista*. Coa lectura destes dous libros, o lector/a intelixinte e espelido/a poderá situar adecuadamente a figura de Filgueira ou tamén a doutros escritores galegos e franquistas, como o propio Cunqueiro, Montes, Torrente, Risco ou Díaz Castro. No seu momento foron intelectuais orgánicos do franquismo, aínda que tratasen temas galegos ou escribisen sobre Galicia.

Aparella *aparato-aparelo* é posiblemente unha das máis usadas nas clases en galego. Así *aparato-aparelo* úsase para designar conxunto de pezas ou elementos que funcionan conxuntamente, de xeito que podemos falar de *aparato/aparelo* de radio, televisión e tantos outros da nosa vida diaria. Mais así mesmo se emprega en bioloxía como conxunto de órganos que realizan unha mesma función fisiolóxica. Así diremos *aparato/aparelo dixestivo, circulatorio etc.* Non obstante, que forma debemos preferir entre *aparato* e *aparelo*.

Nos primeiros tempos da actual estandarización o Instituto da Lingua Galega, a través do seu *Diccionario básico da lingua* (1980), reserva *aparato* para conxunto de pezas. Non considera a acepción da bioloxía. Propón *aparelo* para os utensilios que se colocan nunha cabalaría para montala ou cargala e tamén para arte e utensilios de pesca. Xa que logo, queda establecido *aparato* para as acepcións de conxunto de pezas e conxunto de órganos.

Mais axiña cambiaron as cousas. Nos propios anos oitenta dicionarios tan prestixiosos como o *Diccionario normativo galego-castelán* (elaborado tamén por un equipo do ILGa) ou os dicionarios deste derivados propoñen só como forma correcta *aparelo*, tanto para conxunto de pezas que realizan unha función como para o conxunto de órganos. Na mesma liña están tamén os vocabularios temáticos (*do medio físico, da medicina etc.*) que publicou a Dirección Xeral de Política Lingüística no remate da década dos oitenta.

Non obstante, un importante dicionario galego, aínda hoxe o de maior uso e difusión, o Xerais, propón na súa primeira edición de 1986, o uso exclusivo de *aparato* para o conxunto de pezas que forman un mecanismo e tamén para emprego de *aparelo* nestas acepcións. Esta editorial, e moitas outras, seguen o criterio de empregaren nos seus libros de texto dos remates dos oitenta e da década dos noventa *aparato*, para estas dúas acepcións. Outros dicionarios e enciclopedias aínda que admitan *aparato* e *aparelo* como válidos e correctos para estas dúas acepcións, prefiren *aparato*.

Así as cousas no ano 1990 o *Diccionario da Lingua Galega* da Real Academia Galega considera sinónimos, sen preferencia por ningún dos dous, *aparato-aparelo* para estas dúas acepcións. Mais a RAG nun novo dicionario que publica o ano 1993, e especialmente dirixido ao mundo escolar (o *Pequeno dicciona-*



Aparato ou aparelo

rio da lingua galega) introduce máis confusión. A RAG agora segue a considerar *aparato* e *aparelo* correctos para estas dúas acepcións, máis na entrada *aparato* considera que para a acepción `mecanismo` é preferible usar *aparato* a *aparelo*. Pero en *aparelo*, referido a esta mesma acepción, di que é preferible usar *aparelo*. Isto non hai quen o entenda.

En sucesivas edicións, o dicionario Xerais cambia o seu criterio en relación coa primeira edición. Así na edición de 1993 para estas dúas acepcións, mecanismo e conxunto de órganos, só se admite *aparelo*. Pero na edición de 2004 Xerais considera que para conxunto de órganos só se debe admitir *aparato*, mentres que para mecanismo hai que empregar só *aparelo*. O *Gran Xerais* de 2009 mantén esta postura, por certo contraria á norma académica, como veremos.

O *Diccionario da Real Academia Galega* de 1990 considera para estas acepcións correctos e sen preferencias *aparato* e *aparelo*. O *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega* de 2004 mantén esta situación, mais en ambas as dúas acepcións exemplifica con *aparato*, polo que tendo en conta a chamada información oculta dos dicionarios habería que pensar que prefire *aparato*. O dicionario en liña da RAG mantén esta situación sen preferencia entre *aparato-aparelo*.

No eido dos libros de texto hai unha clara preferencia por *aparato* na acepción de conxunto de órganos, aínda que agora, tanto en castelán como en galego, comeza a substituírse *aparato* por *sistema*. Para mecanismo priva *aparato*, mais tamén se emprega *aparelo*, de xeito que a preferencia non é tanta como no primeiro caso.

Esta confusión aumenta se examinamos o *Diccionario galego de termos médicos*, publicado en 2002 e autorizado pola RAG como instrumento normativo. Neste dicionario nin tan sequera se rexistra *aparato* e debemos, de acordo con el, usar *aparelo*, tanto para conxunto de órganos como para mecanismo. Mesmo rexistra as expresións *aparelo circulatorio, aparelo dixestivo etc.* O *Vocabulario de Medicina*, publicado en 2008 polo Servizo de



Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela e coordinado por Xusto Rodríguez Río, unha das autoridades oficiais no terreo da terminoloxía, remite de *aparato* a *sistema*, máis rexistra, aínda que remita a *sistema, aparelo dixestivo, aparelo respiratorio e non aparato*. Xa que logo, a preferencia por *aparelo* está clara.

O *Diccionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega*, sen facer caso da RAG, considera que *aparato* é incorrecto nas acepcións de mecanismo e conxunto de órganos. Segundo este dicionario hai que usar *aparelo* porque esta é a forma da maioría das linguas románicas e do portugués para estas dúas acepcións e a solución *aparato* nestes casos é propia do castelán, que a toma do inglés.

O uso, moi influído polo castelán, impón nestas dúas acepcións *aparato*, iso resulta innegable. Mais, daquela por que a RAG admite tamén *aparelo*? Aínda que a RAG nin os dicionarios citados explican os seus criterios (agás o *Galaxia* de usos e dificultades, que o fai de xeito parcial) trataremos de reproducir o proceso que levou á RAG a admitir *aparato* e *aparelo* como equivalentes.

Posiblemente, a Academia admite *aparato* polo seu uso na fala coloquial e espontánea. Mais rexistra tamén *aparelo* porque para a creación de terminoloxía cómpre ler os principios que guían a normativización-estandarización académica que aparecen citados na "Introdución" das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. O principio 4 di que as escollas normativas han de ser *armónicas coas outras linguas, especialmente coas romances en xeral e coa portuguesa en particular*. E aínda engade neste mesmo principio 4: *Para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científicos e técnico*, o portugués será considerado recurso fundamental. Xa que logo, de acordo co devandito principio 4 teríamos que preferir *aparelo* a *aparato* para estas dúas acepcións.

O profesor de galego, mais tamén o doutras materias, debe coñecer isto e mesmo lle debe explicar ao alumnado, especialmente na segunda etapa de secundaria e bacharelato, as razóns da sinonimia académica entre *aparato* e *aparelo* nestas dúas acepcións. Se queremos confluír co castelán imporase *aparato*. Pola contra, se queremos coincidir co portugués e co resto das linguas romances a forma que se imporará será *aparelo*. E así cumprimos co principio 4 das *NOMIG*.

Que pasou no Condado/Paradanta?

Por: Guillermo Rodríguez

Na 1ª quincena de maio fixemos un comentario sobre o que entendíamos podería pasar unha vez celebradas as eleccións do pasado 24-M.

A nosa análise andou preto do pleno pero fallaronnos algúns cálculos imprevisos, se é que en política pode falarse de cousas previstas.

Comencemos pola Cañiza onde a priori podíamos pensar que os socialistas podían chegar ao Poder e non o fixeron por causas alleas a ese partido. Aquí como en Arbo primaron as siglas de certo partido aínda que sabían que non ían conseguir nada. En ámbolos dous casos preferiron que a dereita seguira gobernando antes de facilitar o goberno a opcións que están máis ou menos na súa órbita. En Arbo foron 54 votos que lle permitían a Xabier Simón recuperar a Alcaldía, en A Cañiza foron preto de cen votos que servirían para cambiar de alcalde.

Na Cañiza o PP conseguiu 1.595 votos (7 concelleiros), o PSOE 1456 (6 concelleiros); o BNG sacou 72 votos e ACCA fíxose con 222 votos. En Arbo a cousa aínda foi máis impresentable. O PP fíxose con 1024 votos (6 concelleiros); a Asociación de Electores, capitaneada por Xabier Simón, ex-alcalde apeado por unha moción de censura e que procede das filas do BNG, conseguiu 986 votos (5 concelleiros); o PSOE con 100 votos (0) concelleiros e finalmente o BNG (54) presenta unha candidatura a sabendas de que non ían conseguir representación e que permitiron que Horacio (PP) siga gobernando. Xa mo dicía meu pai "fillo, non che hai peor cuña que a da mesma madeira"; que razón tiña!!

En Crecente, como dirían os meus amigos portugueses, non había sucedido. Aquí a Oposición ao PP sempre foi moi feble pero nos últimos tempos case que non existiu. O PP fíxose con 1137 votos e 9 concelleiros; o PSOE con 321 acadou 2 concelleiros e o BNG con 125 votos non conseguiu entrar na corporación crecetense.

Se de Crecente saltamos a Covelo podemos falar máis ou menos o mesmo. Aquí un novo alcalde que levaba anos na parrilla de saída esperando a que lle permitiran capitanear a lista do PP, Pablo Castillo, conseguiu unha maioría absoluta e suficiente para gobernar sen problemas. Sacou 8 actas con 1044 votos; o BNG conseguiu 2 actas con 303 votos e o PSOE fíxose con 183 votos e un concelleiro.

Chegamos a As Neves e aquí os meus cálculos fallaron. As Neves é unha pequena Vila moi soleada. Non é gratuito que o ex-alcalde Oswaldo, que deixou un grato recordo entre os neveses do seu traballo á fronte do Concello, viñera a denominar a esta pequena Vila do "Sol do Condado". Aquí parecera que


non ía pasar nada porque aínda que xa nas últimas eleccións do 2011 a cousa andara bastante xusta agora o actual Alcalde en funcións, Emilio Castro, conseguiu levar na súa lista ao fillo de Oswaldo (a Roberto) cecaís para facerse cos votos que non conseguira nas últimas eleccións porque o ex-alcalde Oswaldo apoiara a outras candidaturas que no eran do PP. O xogada podería resultar pero co que non contou Emilio Castro foi con que as siglas populares nestes momentos non venden nada ben; a xente, aínda os que viven nas aldeas remotas de As Neves, saben o que son os recortes, as preferentes e os seus fillos en paro. Todo isto pasoulle factura e perdeu a alcaldía. O BNG conseguiu 1179 votos que lle deron para 5 concelleiros; pero o BNG conseguiu 927 que lle permiten dispoñer de 4 concelleiros e o PSOE con 412 votos faise con 2 concelleiros. Total: cinco contra seis. O novo alcalde debe saír das filas do BNG. Deixamos para o final a Ponteareas e Salvaterra, aínda que con resultados finais diferentes, aínda que non tanto. No primeiro caso coa perda da alcaldía

e no segundo non a perdeu polos pelos. Os partidos da Oposición conseguiron máis votos que Arturo Grandal, alcalde pola gracia de Deus dende o ano 1979. Foron 2.794 contra 2.353 pero o Sr. HONT ten o capricho de apoiar á lista máis votada, deste xeito con eses votos Arturo consegue 7 actas; o PSOE, cun incremento espectacular de votos, 1464, consegue 4 actas. Aquí notouse a presenza feminina que ultimamente está arrasando na política. O BNG perdeu peso e con 900 votos consegue dúas actas de concelleiro. Pérdense polo Miño abaixo 430 votos de dúas candidaturas máis que non debían que terse presentado, talvez, se alguén, con sentido práctico e non co miopía política convencera a estes homes e mulleres de iren xuntos e non perder votos inútiles. Non foi así. Esperemos que isto sirva para o futuro, que en Salvaterra se presenta complicado para que o PP siga gobernando.

En Ponteareas as cousas foron máis complicadas. Temos que confesar o noso erro á hora de facer vaticinios sobre os resultados que aquí se podían dar. En-


tendimos que o PP debiera manter os 9 concelleiros que tiña e que no caso de facer goberno ou polo menos ser investido alcalde, Salvador Glez. Solla, podería contar cos votos de Alternativa Independente do Condado/Paradanta que con catro actas era de supoñer que as mantivera como mal menor. Non foi así. Salvador perdeu dous concelleiros e Carrera (ACIP) perdeu un; o que significa que non teñen nada que negociar: a maioría é de 11 actas.

Aquí déronse resultados, en principio, inesperados. O BNG mantivo os seus 5 concelleiros; o PSOE gañou un concelleiro pasando de tres a catro e logo entraron en xogo dous novos protagonistas: E.U. que sempre quedaba lonxe de conseguir unha acta de concelleiros e a nova "Riada do Tea" que foi quen de chegar aos Xardíns da Xiralda, onde está asentada a Casa consistorial. Ámbolos dous conseguen cadanseu concelleiro. Deste xeito as catro opcións, que podemos denominar de esquerdas, fanse cos 11 votos precisos para impoñer un novo alcalde que deberá ser José Represas do BNG.



Condado/ Paradanta

Nº de concelleiros



PP	12.955 votos
PSOE	6.290 votos
BNG	5.378 votos
OUTROS	5.619 votos

Por segunda vez en Ponteareas van gobernar forzas de esquerda aínda que no primeiro caso apenas os deixaron gobernar creo que oito meses. Agora cabe pensar que o novo goberno se poida asentar e dea un xiro noutra dirección a esta Vila do Tea que sendo unha das máis poboadas entre as vilas medianas de Galicia non era quen de cambiar o signo dos seus gobernantes. Dende os anos 1966 ata agora, pasando por pequenos interregnos, en Ponteareas sempre gobernou a dereita.

O novo goberno entra con bo pé porque a Deputación de Pontevedra (colchón económico de Ponteareas nos últimos anos) tamén se desprende do poder popular. De seguir como ata agora poderíamos aventurar unha tensas relacións e unha seria dificultade á hora de solicitar inversións no Concello. Queda a Xunta de Galicia que esperemos non dea o desquite e paralice a tramitación definitiva do PXOU.

Estación de Baños de Molgas



Museo Moncho Borrado, Restaurante-cafetería, Sala de exposiciones y Albergue.

Estación de Campobeceros (Castrelo do Val)



Futuro Centro de Interpretación del Parque Natural O Invernadeiro y punto de información turística.

Estación de Sta. Cruz de Arrabaldo



Museo del Automóvil Fundación Estanislao Reverter y Museo del Traje Tradicional Gallego.

Estación de Os Peares



Aula del Ferrocarril, cantina histórica y biblioteca.

Estación de Vilar de Barrio



Restaurante-cafetería y albergue.

Estación de Vilavella (A Mezquita)



Aula del Ferrocarril y Restaurante-cafetería.

Proxecto Estaciones SP1.E16/02 y 0528_Estaciones Vivas_1_E

galicia A TODO TREN ALL BY TRAIN



Trens Turísticos Trenes Turísticos Tourist Trains



ruta dos vinhos do O Ribeiro - Rías Baixas
ruta de los vinos de O Ribeiro - Rías Baixas
O Ribeiro - Rías Baixas wine route

Salida de Ourense, visitando el Centro de Interpretación do Vinho e a Lamprea "Arabo", la bodega Marqués de Viteja, el Tinel del Vino y el conjunto histórico medieval de Ribadavia, el monasterio de San Clodio, el Castro de San Cibrao de Las y su Centro de Interpretación Parque Arqueológico de la Cultura Castreña, y los espacios museísticos de la estación ferroviaria de Santa Cruz de Arrabaldo (Museo del Traje y Museo del Automovilismo).



ruta do vino de Monterrei
ruta del vino de Monterrei
Monterrei wine route

Salida de Ourense, visita a la exposición ferroviaria de la estación Mezquita-Vilavella, degustación de vinos de la Denominación de Origen Monterrei en su castillo medieval, visitas a la bodega Gargalo, al conjunto medieval de Allariz y a su Festival Internacional de Jardines, a la colegiata románica de Xunqueira de Ambia, al Museo Moncho Borrado y a la estación ferroviaria de Baños de Molgas.



ruta do vino da Ribeira Sacra
ruta del vino de la Ribeira Sacra
Ribeira Sacra wine route

Salida de Ourense con un recorrido por la Ribeira Sacra en el tren turístico Aza Sacra, visitas a la bodega Ilegua Varum, el Centro de Interpretación del Vino Ribeira Sacra, paseo en catamarán, visita al monasterio de Santo Estevo de Ribas do Sil con degustación de una queimada y al Aula Ferroviaria de la Estación de Os Peares.



ruta dos vinhos de Valdeorras - Ribeira Sacra
ruta de los vinos de Valdeorras - Ribeira Sacra
Valdeorras - Ribeira Sacra wine route

Salida de Ourense, recorriendo el territorio de dos Denominaciones de Origen con el río Sil como nexo común. Incluye un cruceo en catamarán por la Ribeira Sacra y visitas a la bodega A Coroa, al Santuario das Ermidas y a la Estación y Aula Ferroviaria de Os Peares.



Proyecto: Comunidade Territorial de Cooperación

0521_CTC_2_1_E



¡Cooperamos... Conseguimos!

Que pasou no Baixo Miño o 24-M?

Por: Guillermo Rodríguez

Aquí cáseque temos un pleno, salvo pequenas cousas que sempre hai que prever na política.

Diciamos que a Oposición con 5.180 votos non puidera arrebatarlle o goberno ao PP con só 4.552. O pasado 24-M os populares baixaron a 2.233 votos (o 50% menos) e pasaron de 8 concelleiros a 4 concelleiros. Un resultado que debe poñer vermello tanto a Louzán como ao Sr. Rocha que se presentou coma o elixido polos deuses para que Tui seguira a mesma senda de progreso que, segundo as súas palabras, viña seguindo actualmente.

Os demais partidos sumaron 6.745 votos. Apenas uns cantos votos máis ca en 2011, sen embargo o Sr. Hont non puido apalancar ao PP no goberno, como seguramente lle gustaría; e tivo que repartir os concelleiros perdidos polos populares en cinco candidaturas diferentes. A que máis votos conseguiu foi a socialista con 1183 (3 concelleiros), logo veñen os liberais de Convergencia 21 con 1.195 e 2 concelleiros (penso que nin en soños creron en tal resultado); sigúelle o BNG con 1.063 e 2 concelleiros, logo vén o Ciudadanos Tudenses con 1.052 votos e 2 concelleiros; con 967 votos Alternativa Tudense e 2 concelleiros; Son de Tui con 769 votos e 1 concelleiros, finalmente APTUI de J.M. Sousa con 516 votos e 1 concelleiro.

Quen vai gobernar en Tui? Nestes momentos todo apunta a que o PP non o poderá facer; a partir de aí a composición do novo goberno será o resultado de longas conversas entre os demais grupos, aínda que algúns xa foron descartados polos outros, pero xa se sabe que a política fai estraños compañeiros de cama. En Tomiño as cousas seguiron o guiñón preestablecido por cáseque todos os analistas. Nós dicíamos que Sandra González no deberá ter problemas para seguir sendo alcaldesa e así é; non só pode seguir sendo senón que aumentou o seu poder, de 9 concelleiros pasou a 10. Os populares perderon dous que foron a parar un a Sandra (BNG) e o outro a Centristas de Tomiño que de 510 votos en 2011 pasaron a 955 nas pasadas eleccións. Os socialistas seguen co concelleiro que xa tiñan.

O inxente labor que Sandra González leva desenvolvendo en Tomiño non podería ser descoñecido polos votantes. Aquí si que se votou pola persoa, pois as siglas non lle serían suficientes senón fora polo seu traballo a prol dos veciños/as de Tomiño.

No Rosal pouco que dicir. O PP perdeu un concelleiro que gañou o BNG pero segue gobernando en maioría: 8 contra cinco da

Oposición. Se temos en conta o número de votos debemos falar de 2.026 votos o PP contra 1.452 a Oposición (BNG=857e o PSOE=595).

Baixamos ata as augas internacionais do Miño e do Atlántico: A Guarda. Aquí podemos falar do desgaste do PSOE que segue sendo a lista máis votada con 7 concelleiros, aínda que perde un a favor do BNG. O seu candidato Antonio Lomba, concelleiros nesta última lexislatura, terá que facer valer os seus dotes diplomáticos para seguir o traballo comezado no goberno de Freitas. Ademais dos protagonistas clásicos na corporación (PP-BNG e CG) nesta ocasión súmase un máis, froito da desfeita do PP á hora de elixir candi-

dato/a á alcaldía. Unha muller que entendía estaba chamada a ser a nº 1 nestas eleccións foi defenestrada polas altas instancias do PP e cabreada plantou cara cunha nova candidatura. Agora temos o PSOE con sete concelleiros, o PP con cinco, o BNG con tres (gañou un) e a nova Concelleira do CCD.


A Guarda merécese un goberno estable e digno, con persoas que poñan por enriba das siglas os valores desta parte tan fermosa de Galicia que se sitúa fronte aos nosos veciños e amigos os portugueses. Xa dixemos que o concello de Oia deberá pertencer ao Val Miñor sen embargo administrativamente está dentro do Baixo Miño. Aquí produciuse un cambio inespe-

rado; segundo se vexa porque se temos en conta a pouca colaboración do PP cara ao seu candidato alcalde, os resultados non lle deberan estrañar a ningún. O PP perdeu o goberno que viña ostentando dende os tempos democráticos. Dos 1117 votos das últimas eleccións do 2011 pasou a 685 votos o pasado 24-M, desta forma baixou un concelleiro, pasando de catro a tres; o PSOE consegue tres concelleiros; CG entra con outros tres e finalmente o BNG consegue un concelleiro.


Quen vai gobernar aquí? Polo número de votos o alcalde deberá ser do PSOE pero á hora de meter o pan no forno calquera sabe. Esperemos.

Baixo Miño

Nº de concelleiros




	PP	8.095 votos
	BNG	6.983 votos
	PSOE	5.574 votos
	OUTROS	4.989 votos



Municipais 24-M de 2015


Resultado electoral nas sete principais cidades galegas

A Coruña
Nº de concelleiros




Marea Atl.	34.864 votos
PP	34.760 votos
PSdeG	20.595 votos
BNG	6.448 votos
OUTROS	10.500 votos

Lugo
Nº de concelleiros




PP	15.132 votos
PSdeG	13.959 votos
Lugo Novo	5.379 votos
BNG	4.098 votos
C's	493 votos
ACE-EU	2.376 votos

Pontevedra
Nº de concelleiros



BNG	17.050 votos
PP	10.725 votos
PSdeG	4.272 votos
MAPO	3.222 votos
C's	2.268 votos


Ourense
Nº de concelleiros



PP	6.345 votos
D.O.	3.451 votos
PSdeG	10.070 votos
OUC	5.478 votos
Outros	3.890 votos




Santiago de Compostela
Nº de concelleiros



Comp. Aberta	16.327 votos
P.P.	15.869 votos
PSdeG	6.919 votos
BNG	3.277 votos
Outros	3.397 votos

Vigo
Nº de concelleiros




PSdeG	73.074 votos
PP	28.874 votos
Marea Vigo	16.227 votos
O BNG	6.800 votos
C's	4.729 votos

A suma total nas 7 capitais galegas ven sendo de 104.561, para o PP; 51. 770 votos para PSdeG PSOE e 48.943 para as chamadas Mareas e similares. Como pode observarse o PP superou con mioto ao PSdeG en votos aínda que logo de pouco lle servirán pois reamta perdendo a alcaldía de A Coruña (coa Deputación incluída), o concello de Santiago e o concello de Ferrol. De Lugo aínda non

se sabe nada nestes momentos que escribimos estas notas.; o concello de Ourense pode tocarle nesa especie de carambola que alím se está xogando. Que pasou, logo, para que con moitos máis votos rematara perdendo moito Poder do que tiña? Os fontaneiros populares Terán que desatascar as tuberías que nesta ocasión se obstruíron e deribaron a marea de votos para ioutros caladoiros. Muíllermo Rodríguez

Ferrol
Nº de concelleiros



PP	11.730 votos
Ferrol Común	7.141 votos
PSdeG	5.955 votos
BNG	2.432 votos
C's	1837 votos

Nortrans premiará aos profesionais do transporte

Expourense celebrará o décimo aniversario de Nortrans coa convocatoria de premios que contribuirán a recoñecer públicamente o labor de profesionais do sector do transporte que desenvolven un traballo destacado. Á

súa vez tamén se entregarán premios ás empresas expositoras no salón en tres categorías diferentes: produto máis innovador, maior

convocatoria de asistentes profesionais e a terceira categoría recoñecerá a fidelidade de expositores e marcas dende a primeira edición.

O Salón do

Transporte e a Loxística celebrarase os días 26 e 27 de xuño de 2015 consolidada como punto de encontro profesional do noroeste peninsular. Xa confirmaron a súa presenza importantes empresas do sector do transporte de vehículos tanto de mercadorías coma de viaxeiros, e de servizos e loxística como son Mercedes, e as carroceras internacionais que acoden por primeira vez Bus Yutong e King Long. Celebraranse as Xornadas Técnicas sobre Transporte de Viaxeiros e Mercadorías e que adoitan contar cunha participación activa dos empresarios, xa que as utilizan como foro de debate sobre a actualidade do sector. Durante esta reunión teñen decidido as temáticas sobre as que versarán cada unha das xornadas.



A Elección acertada:

Microbuses e Autobuses en Alquiler

Modelos Clásicos

Coches de Luxo Modernos

AUTOS GONZÁLEZ

AUTOS GONZÁLEZ ten como obxectivo estar sempre a altura das **necesidades** dos seus **clientes**: realizamos transporte regular, discrecional e aluguer de turismos de luxo con condutor.

Contamos cunha extensa flota de **autobuses** e **microbuses** e unha ampla gama de **vehículos clásicos** e de **luxo**.

Pídenos orzamento sen compromiso. A nosa dilatada experiencia garantirache o mellor servizo.

Para as túas Viaxes

VIAXES COMPOSTELA, S.A.

AUTOS GONZÁLEZ, S.L.

OURENSE: C/ Coruña, 9 • C.P. 32005 • Tel. 988 22 30 36 • Fax 988 24 80 51 • AL ó Cliente: 609 57 20 57

VIGO: C/ Arenal, 60. 1º A • C.P. 36201 • Tel. 986 44 12 22 • Fax 986 22 20 11 • AL ó Cliente: 626 77 75 77

VIAXES COMPOSTELA: C/ Concordia, 13 • C.P. 32003 • Tel. 988 21 30 43 • Fax 988 21 32 41

www.autosgonzalez.es

Toma de posesión

De conselleiro a alcalde de Ourense

O exconselleiro de Educación e Cultura da Xunta, Jesús Vázquez Abad (PP), é o novo alcalde de Ourense logo de que non dera resultado pacto algún entre partidos. Segundo anunciaron nos últimos días os voceiros das formacións con representación no concello, cada un deles votouse a si mesmo no acto de toma de posesión, o que impediu a formación dun goberno maioritario. O alcalde anunciou que iniciará un ciclo de pactos con todos e prometeu ter a “mantendida” e “diálogo” coa oposición para que “a normalidade volva á cidade”. Ademais, proclamou que quere ser o alcalde “de todos os ourensáns” e recoñeceu que por diante quedan catro anos

de “grandes retos”. Vázquez promete concordia e anunciou tempos novos, pedindo “firmeza á oposición pero tamén responsabilidade nos grandes temas” coma o Plan Xeral de Ordenación Municipal, AVE e as infraestruturas termiais. Expresou a súa confianza nos funcionarios e pediulles entrega para gañar en eficacia para o benestar de Ourense. Pechou a súa intervención citando ao escritor celanovense Celso Emilio Ferreiro “O mundo se chama Ourense e a historia é hoxe”.

NÚMERO DE VOTOS POR PARTIDOS E CONCELEIROS OBTIDOS
PP 16.510 (10); DEMOCRACIA OURENSANA 3.679 (8); PSOE 10.191 (6) OURENSE EN COMÚN 5.543 (3)



■ Jesús Vázquez Abad

Lobios, o único concello sen constituir

Na provincia de Ourense o PP perde 20 puntos con respecto a 2011, máis de 21.000 votos. O PSOE tamén perdeu case 11.000 votos, o 20,5 por cento do que tiña en 2011. Mentres que o BNG perde 11.000 votos, o que supón o 42 por cento do que tiña. Os grupos independentes e mareas duplican os votos da anterior convocatoria. É dicir que PP, PSOE e BNG perden votantes respecto dos comicios de 2011, o BNG desaparece da corporación de Ourense capital e Xabier Vence, responsable do BNG non saíu concelleiro polo Concello de Avión no que se presentaba.

O Concello de Lobios foi o único da provincia que non se constituíu o día 13 de xuño, xa que logo o candidato do PSOE, Francisco Veloso, presentou ante a sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) un recurso contencioso electoral contra a proclamación de electos da Xunta Electoral de Zona de Bande. O PSOE solicita que se repita a votación da mesa de Lobios. Segundo os resultados das eleccións, ao PP correspondíanlle 6 concelleiros e ao PSOE, 5. Na demanda, o PSOE de Lobios expón que na mesa electoral da capitalidade podían votar 707 electores dun total de 1.611, polo que consideran que era unha mesa na que estaban representados o 41 % dos posibles votantes e nela podía decidirse a alcaldía. Logo do peche do colexio electoral congregouse unha “multitude de persoas que estiveron fisicamente pegados á mesa onde se procedeu ao recuento dos votos, entorpecendo o labor dos integrantes da mesa electoral e dos apoderados e interventores habilitados”, di Veloso. Sinala o socialista que requiriu a presenza da Garda Civil cando, asegura, non se lle deixou manifestar na acta as

súas reclamacións sobre que apareceran 535 papeletas cando só exerceran o voto 533 electores. “Non había sobres de máis nin se detectaron dobres votos en ningún deles”, expón. A acta, segundo Veloso, “quería obviar esta situación irregular, simplemente facendo cadrar o número de electores que exerceron o dereito ao voto co das papeletas finais, falseando os datos do que alí sucederá”. Na demanda, argumentan que Veloso, como apoderado, esixiu que os votos e sobres remitísense á xunta de Bande con precinto, algo que non se fixo polo que consideran rota a cadea de custodia. Francisco Veloso considera que o PP debería aceptar a repetición da votación. Mari Carmen Yáñez (PP), alcaldesa en funcións, considérase apoiada pola Xunta Electoral de Zona e pola Xunta Electoral Central, ademais de por os veciños, e afirma que esperará a resolución do tribunal.

súas reclamacións sobre que apareceran 535 papeletas cando só exerceran o voto 533 electores. “Non había sobres de máis nin se detectaron dobres votos en ningún deles”, expón. A acta, segundo Veloso, “quería obviar esta situación irregular, simplemente facendo cadrar o número de electores que exerceron o dereito ao voto co das papeletas finais, falseando os datos do que alí sucederá”. Na demanda, argumentan que Veloso, como apoderado, esixiu que os votos e sobres remitísense á xunta de Bande con precinto, algo que non se fixo polo que consideran rota a cadea de custodia. Francisco Veloso considera que o PP debería aceptar a repetición da votación. Mari Carmen Yáñez (PP), alcaldesa en funcións, considérase apoiada pola Xunta Electoral de Zona e pola Xunta Electoral Central, ademais de por os veciños, e afirma que esperará a resolución do tribunal.

Os sete concelleiros de Vilar de Santos son de CxG

Xoán Jardón Pedras foi en maio de 2011 o alcalde máis votado de Galicia. Os veciños de Vilar de Santos (922 habitantes) apostaron pola candidatura do BNG. Nas eleccións do 24 de maio de 2015, Jardón presentouse baixo a sigla de Compromiso por Galicia (CxG) pero co mesmo equipo de goberno. Obtivo un dos máis altos porcentaxes de apoio en Galicia; casi o 87 por cento do total dos votos emitidos (556 votos dun censo de 808), acadando os sete concelleiros que ten a corporación. Segundo o alcalde “o equipo é o mesmo da lexislatura anterior e conta co aval dos feitos: débeda cero, escola infantil aberta, polígono industrial municipal con proxectos

para instalarse novas empresas, o dobre de horas en atención a dependentes, etc. “Eu teño todos os meus esforzos centrados en Vilar de Santos e só en Vilar de Santos. Eu son un alcalde e nada máis”, dixo Jardón antes das eleccións. Dáquela, opinou sobre a competencia que “do PSOE non coñezo a ningún porque ningún é de Vilar de Santos e o cabeza de lista do PP tampouco está asentado e vivindo aquí. Nin tan sequera se pode votar a si mesmo. A min iso paréceme unha falta de respecto á veciñanza”, explicou Jardón naquel intre vaticinando que os rivais “pagarán esa circunstancia nas urnas”. **NÚMERO DE VOTOS POR PARTIDOS:** CxG 556 (7); PP 72; PSOE 8

A primeira alcaldesa que tén A Rúa para dous anos



■ María González Albert, a primeira alcaldesa que tén A Rúa de Valdeorras.



■ Xoán Jardón Pedras (centro) acompañado por dirixentes de Compromiso X Galicia.

Tomas de posesión

Terceira lexislatura de Xurxo Rodríguez (BNG) en Castrelo de Miño

O alcalde nacionalista de Castrelo de Miño, Xurxo Rodríguez Méndez, repite como alcalde do BNG logo de acadar a maioría. O rexedor é un dos alcaldes de referencia dos nacionalistas na provincia e sempre figura como un dos dirixentes aos que sumar en novos proxectos. Participou no movemento de alcaldes galegos que pedía unha maior presenza nas decisións da súa formación e acudiu recentemente á chamada de Anxo Quintana para presentar o seu novo proxecto social, Somos Nós. Inicia a súa terceira lexislatura destacando que “o meu goberno é aberto porque toma decisións dialogando cos veciños e visitando todos os pobos. Apostamos por un Castrelo para vivir e para iso creamos e mantivemos moitos servizos. Isto permitiu que pouco a pouco se fose dinamizando o mercado inmobiliario, coa chegada de novos veciños que permitiron que en 2014 acadáramos un histórico récord de nacementos. Outro dos síntomas que apreciamos foi a apertura paulatina de novas empresas”. Respecto dos obxectivos manifesta que “non hai ano, desde o 2007, que non vaiamos conseguindo novos fitos. Só por citar varios deles: centro de día, residencia para maiores, reforma da casa do concello, ampliación e mellora do pavillón, ximnasio, biblioteca, aula de novas tecnoloxías, turcastrelo, humanización de rúas, prazas e fontes, a feira, o catamarán, rutas de sendeirismo de montaña e de río con postos de pesca, castreloBUS, taller de carpintería, mello-

ras en abastecemento e saneamento, centros sociais nas parroquias e dinamización cultural” di o alcalde. O potencial empresarial son as 30 adegas e os 900 viticultores. “Se a todos eles lles vai ben, suporá que Castrelo irá ben e as carencias serán menores. Temos tamén que recoñecer que hai unha carencia en algúns sectores, sobre todo na parte de aloxamentos e necesitamos unha escola infantil, que será outro dos fitos da nosa folla de ruta que pensamos acadar nesta lexislatura”, asegura o alcalde.

O Concello xestiona un albergue de 60 prazas que está ocupado en todas as competicións pero precisa prazas hoteleiras e para iso dispón no parque náutico duns terreos públicos para ese uso. **NÚMERO DE VOTOS POR PARTIDO:** BNG 545 (5); PP 357 (3); PSOE 193 (1)



■ Xurxo Rodríguez Méndez, é aficionado á fotografía.

Brinde con viño de Amandi en Sober

O alcalde do Concello de Sober, Luís Fernández Guitián, (músico e escritor) repite no cargo logo de obter a maioría absoluta nas eleccións municipais. Foi a primeira corporación municipal de España en constituírse, como xa fixo hai catro anos, celebrando a sesión plenaria o día 13 de xuño ás 00:01 horas. Fernández Guitián explica que con este xesto pretende “que se fale de Sober en positivo a nivel nacional. “Parécenos que celebrar o primeiro pleno á media noite pode converterse nun reclamo turístico que faga que os visitantes sigan vindo á localidade”, engade. Sober (Lugo) conta entre os seus recursos patrimoniais e paisaxísticos cunha mostra importantísima de románico, unha ruta de miradoiros, unha de muíños, así como con numerosos sendeiros que transcorren polo viñedos, pilar fundamental da economía da zona. Un espazo único para contemplar a viticultura heroica e os Canóns do Sil. Por

iso, o alcalde considera esta acción unha forma de dar a coñecer os tesouros do Concello e da Ribeira Sacra en xeral, o que tamén pode contribuír á súa declaración como Patrimonio da Humanidade e “a que os nosos viños sigan gañando presenza nos mercados nacional e internacional”. Ao remate da sesión brindouse con viño de Amandi. O rexedor esforzouse ao longo destes anos por organizar “accións relevantes” que fagan que o Concello, o seu nome e os seus tesouros naturais, paisaxísticos e patrimoniais cheguen ao mundo enteiro. “Hai catro anos conseguimos que Sober tivera presenza nos medios de comunicación a nivel nacional e cremos que isto axuda a que todo o mundo nos sitúe no mapa e se anime a achegarse á localidade e por iso repetimos a experiencia”, afirmou.

NÚMERO DE VOTOS POR PARTIDOS
PP 1.103 (7); PSOE 321 (2); AGROMA SOBER 292 (2)



■ Luís Fernández Guitián, o primeiro alcalde de España en tomar posesión.

Primeira alcaldesa socialista en Parada de Sil

A socialista Yolanda Jácome foi proclamada, por unanimidade, alcaldesa de Parada de Sil (Ourense). Como liñas de actuación manifestou a súa firme vontade de seguir traballando con e para a xente, polo que instou ós presentes a que acudan os plenos e tamén comunicou que percorrerá, con máis frecuencia que antes, as parroquias e reunirse coas asociacións do Concello. En canto as grandes liñas de actuación, ademais do contacto permanente coa xente, amosou a vontade de traballar para conseguir que Parada de Sil teña unha piscina municipal, o que fidelizaría un número importante de persoas xoves en Parada durante o verán. Tamén volcará os seus esforzos e os do seu equipo en intentar atraer inversores privados en torno os dous eixes que máis posibilidades ten agora mesmo pola súa infraexplotación,

o turismo rural e a castaña, xa que a explotación do viño marcha por un bon camiño. Para rematar, amosou importantes iniciativas co campo social como a vontade de loitar para conseguir prazas concertadas na residencia de maiores Luces do Sil, mellorar a asistencia no fogar, a pesar de non ser competencia municipal e reforzar os servizos que ofrece o Concello de podoloxía e fisioterapia. Afirmou que os maiores ben o merecen. Para rematar deu lectura a unhas verbas de Don Quijote de la Mancha nas que di “as sensacións máis gratificantes son a boa conciencia, o esforzo para ser mellores sen ser perfectos e, por riba de todo, a disposición para facer o ben e combater a inxustiza onde queira que esté”.

NÚMERO DE VOTOS POR PARTIDOS: PSOE 339 (6); PP 59 (1)



■ Yolanda Jácome Rodríguez, na entrada á Casa Consistorial.

Publicidade

Optica MAHEN homenaxe a os seus fundadores

Por: Guillermo Rodríguez

Corrían os tempos duros de finais da Guerra Civil cando Manuel Delgado Boue e Enrique Ruíz Bofill traballaban en Madrid na Optica COT-TET, o máximo en ópticas neses momentos. Son Manuel Delgado Boue (entrou a traballar en 1939) e Enrique Ruíz Bofill que entraría na empresa en 1941.

Alí desempeñaron cargos importantes como Xefe da sección de graduación da vista (Enrique) e Xefe de Taller (Manuel).

Pero como homes dotados dun importante espírito emprendedor como no ano 1955 abriron a súa propia tenda na rúa Urzaiz, de Vigo. Así nace Optica Mahen, a que acudían miles de clientes de todas partes, incluída Ponteareas e o Condado/Paradanta. Os anos van pasando e a Óptica cada vez gaña en prestixio pola profesionalidade dos seus fundadores e pola atención que dispensan aos seus clientes. Diante do au-



dado a Vigo, deciden en 1981 abrir Óptica MAHEN, na rúa Senén Canido (Galerías Santa Maria), en Ponteareas. A fronte

desta nova tenda pónense xa membros da segunda xeración: Miguel e Jorge Ruíz, fillos de Enrique Ruíz. Máis tarde en 2010 entraría un novo traballador: Jacobo Gayoso.

Hai que suliñar que naqueles primeiros tempos de Óptica MAHEN, Vigo, ata a cidade de

tiña na tenda de Vigo e faise cunha grande parte daqueles clientes que se desprazaban a cidade olívica. É así como o nú-

clientes novos e mellores espazos de atención. Por esta razón a Óptica cambia de lugar; a poucos metros da súa situación xa histórica da rúa de Oriente (ubicación dende o ano 1985) pasa de novo a



mento d e clientela e de que unha grande parte dela vai dende terras do Con-

Ou-
rense
non po-
deríamos
atopar ninguna
óptica máis.

Optica MAHEN renace en Ponteareas, fideliza a clientela do Condado/Paradanta que xa



Senén Canido, onde antes era Caixa Galicia. Coa incorporación de novos

instrumentos optométricos de última xeración e dispor de máis e mellor espazos, tres veces o que antes era a antiga tenda, con novos e máis amplos gabinetes para atención aos clientes., atopamos a Óptica MAHEN ampliada e remozada onde nos van prestar novos servizos como terapia visual, servizo de retinografía, entre outros.

Un novo e amplo local, uns novos servizos e a mesma profesional atención é o que nos ofrece hoxe Optica MAHEN. Que vdes. a disfrute



mero de clientes fichados alcanza os 14.000; cifra que só se explica pola calidade do servizo e polo nivel profesional dos Ópticos que rexentan Óptica MAHEN, dándose casos como que os emigrantes de Europa ou América visitaban cada verán a Óptica para actualizar as súas gafas e aínda mercar monturas que levaban para os distintos países nos que os prezos eran desorbitados en comparación aos de aquí. Pero o tempo pasa e hai que actualizar aínda máis esas prestacións, así como facilitar aos

Gerardo Seoane (PSOE) novo alcalde de Verín

Gerardo Seoane (PSOE), arquitecto, é o novo rexedor de Verín co apoio do BNG. Os 10 votos de edís nacionalistas e socialistas superaron aos 7 do PP que

acadou o anterior alcalde Juan Jiménez Morán. Seoane avogou pola "transparencia e participación vecinal" como bases da súa xestión.



José Luis Ferro (PP) alcalde de Celanova

José Luis Ferro (PP), recibiu cun amplo sorriso o bastón de mando. Con 8 concelleiros, fronte aos 3 do BNG e 2 do PSOE, na corporación hai sete caras novas incluídas as de dous

concelleiros do PSOE, Marcial Lafuente e Pablo González, que substituíron a última hora a María Jesús Boo e María Jesús Miranda, quen non asistiron á sesión.



Toma de posesión

0 nacionalista Xaime Iglesias, novo alcalde de Baños de Molgas

O candidato do BNG (tres concelleiros) recibiu o apoio dos dous concelleiros PSOE para gobernar a localidade, despois de máis de 30 anos de goberno do Partido Popular. O PP, co anterior alcalde, Eladio Mangana, conseguiu 4 concelleiros.



Ignacio Gómez (PSOE) releva a Marcos Blanco (PP) en Ribadavia



Ignacio Gómez (PSOE) asumirá a alcaldía por ser os socialistas a lista máis votada. PP (1.112 votos) e PSOE (1.136 votos) obtive-

ron 5 concelleiros cada un. BNG, Ribeiro en Común e Compromiso, con 1 concelleiro cada formación, votáronse a si mesmos.

Pérez Rodríguez (PP) repite en Xinzo

O alcalde popular de Xinzo de Limia, Antonio Pérez Rodríguez, volveu saír elixido como rexedor limiano ao recibir o apoio dos nove edís da súa formación política. Os candidatos de PSOE, Elvira Lama; BNG, Ramiro Rodríguez e XA,

Manuel Pérez Campos, só obtiveron o respaldo dos seus propios grupos. Pérez destacou no seu discurso a necesidade de prestar maior atención ao día a día do Concello e de continuar obtendo investimentos para Xinzo.




Fumega (PSOE) gobernará en minoría no Carballiño



Francisco Fumega (PSOE) chegou ao cargo de rexedor cos votos dos 8 concelleiros do seu grupo, ao renunciar PP (6 edís), BNG (2 edís) e Alternativa Veciñal (1 edil) a presentar candidatos e

absterse na votación. Fumega, que gobernará en minoría, fixo un chamamento a todos os grupos para afrontar os retos que deberá afrontar a corporación nesta lexislatura.



Toma de posesión

“Un día alegre e histórico para A Coruña”

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Avogado



■ O novo alcalde de A Coruña, Xulio Ferreiro, ergue o bastón símbolo do Poder asumido.

Xulio Ferreiro foi investido alcalde da Coruña cos votos da Marea Atlántica (dez concelleiros), PSOE (seis) e BNG (unha) e os votos en contra dos dez concelleiros do PP. No seu primeiro discurso, o novo alcalde quixo lembrar os días augurais da democracia municipal coruñesa, cando na primavera de 1979 o nacionalista Domingos Merino fora investido como primeiro alcalde democrático despois da longa noite de pedra do franquismo. Entón Merino dixera estas mesmas verbas “hoxe é un día alegre e histórico para A Coruña”, salientando a remuda histórica que aquela primeira elección municipal supuxo naquel concello, secuestrado á vontade popular dende que o 21 de xullo de 1936 o capitán Fuciños, nomeado delegado municipal dos sublevados, destituíra ao alcalde republicano Julio Suárez Ferrín, que sería fusilado o 31 de agosto daquel desgrazado verán.

Para entendermos na súa verdadeira dimensión a singularidade da Marea Atlántica e a conexión de Xulio Ferreiro coa tradición galeguista, democrática e solidaria coruñesa compre lembrarmos algúns apuntamentos históricos que non se adoitan coñecer en amplos sectores da cidadanía galega por mór da im-

posición do relato da Coruña elitista e paifoca de Francisco Vázquez e do extinto lobby coruñés.

A Coruña liberal, democrática, galeguista e solidaria.

Dende a fundación da cidade polo rei de Galicia Afonso VIII no 1208, o Concello coruñés tentou substraela ao dominio aristocrático e eclesiástico, nunha vila de vocación mareante, artesá e comercial. Coruña desenvolveuse aberta ao mundo e aos roteiros da navegación. Mais esta vocación houbo coexistir co rol que A Coruña asumiría como capital da Administración vicerreal española na Galicia (Capitanía Xeneral e Audiencia) que encheu a cidade de burócratas casteláns. Esta compoñente funcional foránea xeraría historicamente tensións a respecto da vocación de liderado galego da cidade. A vocación democrática abrolla con forza na punxente forza do Gremio de Mareantes, na rebelión popular de Sinforiano López no 1808 ou na adhesión á revolución liberal de 1820. Na cidade xurde o galeguismo liberal e democrático de Murguía e da Cova Céltica, que mobilizou a cidade no 1893 para que Gali-

cia non perdera a Capitanía Xeneral e fundou a Academia Galega no 1905 e a primeira das Irmandades da Fala no 1916. O enterro de Curros Enríquez no 1905 foi a demostración silente do xorne solidario, galeguista e republicano da cidadanía coruñesa.

O galeguismo coruñés comprendeu que se quería ser opción de goberno e transformación habería coordinarse co republicanismo federal que gobernaba o Concello dende fins do século XIX. Esta entente permitiu que Lois Peña Novo fose elixido primeiro concelleiro galeguista no 1922. Mentres, a CNT convertíase no principal sindicato da Coruña, practicando un unionismo integrador de galeguistas, republicanos e liberais de esquerdas e afastado da liña anarquista FAI que dirixía esta central sindical noutros territorios.

A actividade política, sindical e cultural na Coruña, xa que logo, foi dando nunha convivencia natural entre varias correntes do progresismo, do galeguismo e do republicanismo, así como entre os elementos progresistas “burgueses” e os elementos obreiros. Franco habería reprimir de xeito brutal uns e outros. Foi precisamente a brutalidade represora da ditadura á que fixo perder as referencias a unha so-

cidade desartellada pola morte ou exilio dos seus mellores. Unha represión que empoleirou persoas até entón irrelevantes na vida social e económica da cidade, que medrara moi substancialmente coa repatriación de capitais de Cuba e co desenvolvemento industrial e financeiro do primeiro terzo do século XX.

Velaí as esperanzas xurdidas co goberno de coalición entre a Unidade Galega, PSOE, PCG e BNPG de Merino. Mais a experiencia foi liquidada coa maré recentralizadora xurdida no 1981 co 23-F á que a burguesía postfranquista e os seus axentes mediáticos serveron de altofalantes. Despois da longa noite de pedra Paco Vázquez, apoiado polo “lobby” coruñés, engaiolou as crases medias coruñesas cun discurso paifoco e arredista, aproveitando a crise económica e a falla de dirección da cidade.

A singularidade da Marea Atlántica.

Mais a vocación democrática, solidaria e galeguista da Coruña apareceu, outravolta, coas mobilizacións organizadas por Nunca Máis na fin do 2002 e primeira metade do 2003. Liderados simbolicamente por Manolo Rivas e outros intelectuais, a Coruña cidadá e democrática encheu as rúas por dúcias de milleiros, nas demostracións máis populosas da historia de Marineda.

Existía, pois, unha tradición na Coruña de entendemento progresista, de tender pontes para acadar obxectivos comúns por riba das estruturas partidistas. Malia isto, semellaba que os partidos da esquerda galeguista e estatal non entenderan a xeito ou entenderan a medias as leccións do 15-M (que tivo moi cualificada incidencia na cidade) e das europeas de 2014. E naceu na Coruña, dende estas experiencias de Nunca Máis e do 15-M un grupo de persoas, moitos deles unidos por vencellos xeracionais e de compartir o traballo social que, dende unha clave apartidista, comezou pensar esa nova Coruña. Esa nova política para A Coruña sen se someter ao paraugas da forza de moda nas TV estatais. Pensar nunha alternativa municipalista de unidade cidadá, na que os partidos coo-

peraran, pero non monopolizaran.

Compre dicir que naquel xullo de 2014 esta sensibilidade tocara moi de preto ao galeguismo e non só ás organizacións locais de Anova-IN ou Compromiso por Galicia (que o 7 de xullo propuxera publicamente unha converxencia social, política e cidadá para gañar o Concello a partires de determinados denominadores comúns), senón á propia organización do BNG. Representantes tan senlleiros do BNG coruñés como María Xosé Bravo ou o voceiro Xosé Manuel Carril partillaron nas primeiras xuntanzas e na mítica de fins de xullo na Ribeira do Cómara, preto do estadio de Riazor onde o Deportivo libra as súas batallas na casa.

Xa que logo, a partires do chamado fundacional dos primeiros 99 asinantes, axiña foron 2000 os cidadáns coruñeses os que adherían ao Manifesto da Marea Atlántica. Dende un propósito común de lle devolver A Coruña á cidadanía e tamén tentando nuclear unha proposta dende os denominadores comúns dunhas bases cidadás moi plurais e diversas.

E logo está o factor Xulio Ferreiro. A Marea Atlántica precisaba dun referente común. Os seis partidos adherentes (dende os galeguistas de Compromiso por Galicia até Podemos pasando por todos os partidos do espazo AGE) e máis o propio grupo independente que abriu o proceso concordaron na conveniencia do profesor universitario e xurista, que resume ben os caracteres de competencia técnica e profesional, vinculación coa cidadanía e respecto pola pluralidade que precisaba a Nova Política na Coruña.

O sábado 13 de xuño Xulio Ferreiro demostrou a súa conexión coa cidadanía e a súa comodidade no contacto persoal. Dende 1981 a Coruña liberal, democrática, galeguista e solidaria non estaba representada na Alcaldía. Pero os retos son inmediatos e as dificultades obxectivas semellan montañas.

Mais ésta será outra historia. Unha nova historia que requirirá no día día de Xulio Ferreiro e da súa equipa de grandes doses de traballo, xenerosidade, competencia técnica e política, diálogo e busca dos mellores apoios e das mellores solucións.

Tomas de posesión

Por: Rocío Rodríguez

Xornalista

Chegaron con forza e fixérono para quedar. Hai quen fala de “fenómeno das alianzas de esquerda” alzado polo voto da cidadanía. En todo caso, as mareas abren un tempo novo no municipalismo galego no que á luz do prometido, medrará o liderado cidadán e os concellos abranse máis ó pobo, de xeito que se acurtan as distancias entre gobernantes e gobernados. É unha das apostas do cambio. Porque o novo mapa electoral municipal pode ser cualificado de moitas maneiras pero, por enriba de todo, está mudado e mesmo revolucionado.

QUE. Ó tempo que o Partido Popular ten o maior número de alcaldías e de votos en Galicia (perdeu 184.000 apoios), a cidadanía deulle poder ás mareas, que se presentaban por primeira vez a unha cita electoral. Este poder novo queda circunscrito, especialmente, a tres grandes cidades do Eixo Atlántico.

ONDE. Santiago, Ferrol e A Coruña. As tres estaban gobernadas polo Partido Popular desde o ano 2011 e afrontan a transición para os próximos catro anos. Pode ser un conxunto de factores os que expliquen o cambio e pode ser tamén que as mareas provocaran a perda de tres alcaldías populares nas sete grandes cidades galegas; foron quen de facerse co poder urbano, provocando tamén que os populares perderan a Deputación da Coruña. Tralo 24 de maio, as mareas incorpóranse a tódalas corporacións das

As mareas do Eixo Atlántico

urbes: tres concelleiros en Vigo, tres en Lugo, dous en Pontevedra e tres en Ourense. Tamén están en poboacións medianas como Noia.

QUEN. As mareas xurdiron en paralelo a Podemos e posteriormente recibiron o seu apoio. Integran no seu funcionamento a colectivos sociais e culturais, profesionais, funcionarios sen pasado político e/ou militantes de partidos clásicos e emerxentes, nacionalistas e non nacionalistas. Para concorrer ós comicios municipais financiáronse mediante crowdfunding e a súa estrutura assemblearia establece que a toma de decisións sexa do conxunto da organización. Hai quen as define como un ensaio político que, desta volta, acadou resultado fóra do laboratorio porque conseguiron facerse un espazo propio no patio político onde conviven as formacións tradicionais de esquerda e dereita. A Marea é unha marca unitaria para concorrer ós comicios municipais, que podería continuar o camiño iniciado nas autonómicas. Ou non.

A suba da marea nas tres cidades ten tres nomes propios: o médico Martiño Noriega e os avogados: Xulio Ferreiro (tamén profesor de Dereito Procesual na Universidade da Coruña) e Jorge Suárez (funcionario de xustiza na Fiscalía



■ Martiño Noriega, novo alcalde de Santiago.

de Menores e delegado de CC00). Os tres licenciados nas universidades galegas, vivindo na década dos 40 e afastados dos formalismos. Martiño Noriega de Compostela Aberta estará á fronte do Pazo de Raxoi. Foi a lista máis votada con 10 edís e 16.327 votos. Ten o perfil máis definido ó ter experiencia na xestión local como rexedor de Teo; o único dos tres e o único da súa corporación con experiencia política. Xulio Ferreiro da Marea Atlán-

tica A Coruña conseguiu que 36.857 coruñesas e coruñeses confiaren no seu proxecto dándolles 10 edís para gobernar María Pita, co apoio do PSOE. O PP superounos en 28 votos. Soamente tres persoas das que conforman a corporación da Marea ocupan cargos en forzas políticas: Anova, IU e Equo. Na cidade departamental, Jorge Suárez, conseguiu que Ferrol en Común, formado por militantes de IU e Anova e simpatizantes

de Podemos, fose a segunda forza máis votada, conseguindo 6 concelleiros. Gobernará apoiado polo PSOE e o BNG.

POR QUE. Son posibles moitas análises para entender os resultados electorais pero quizais pese, sobre todas, unha: o descontento cidadán coas consecuencias da crise económica nas súas vidas. Unha cidadanía cansa cambiou as tornas co seu voto atendendo ás promesas de cambio das novas formacións.

COMO. Atendendo ós discursos e promesas, con rupturas co pasado e cambios de políticas. Os programas de goberno das tres mareas coinciden en puntos básicos: establecer códigos éticos e medidas anticorrupción, redución salarial, prioridade dos servizos sociais, participación veciñal, recuperar servizos municipais privatizados, subir o IBI ou xeración de emprego. Ademais, o cambio percíbese nas formas, mesmo nas vestimentas: fóra gravatas e benvida ás camisas de cadros; abertas. Con todo, non falta quen alerta do perigo que supoñen estas formacións emerxentes polo radicalismo, din, das súas propostas.

CANDO. O 24 de maio supuxo o inicio dunha transformación política en tres das cidades do Eixo Atlántico. Coa constitución dos novos gobernos locais, comeza a escribirse a primeira páxina da historia dos próximos catro anos de Ferrol, A Coruña e Santiago e dende este xornal veremos se os ventos lles son favorables ás mareas para conseguir alcanzar as praias prometidas.

Jorge Suárez, novo alcalde por “Ferrol Común”



José Suárez, alcalde por Ferrol en Común, é un novato no eido da política municipal. Di que non lle gustan os gobernos paralelos; en Ferrol gobernarán sen pensar d que partido proceden, xuntos, en beneficio os veciños/as da cidade.

Compromiso retíralle as siglas á candidatura e ao edil electo de Miño



O Secretario Xeral de Compromiso por Galicia, Xoán Bascuas, vén da manifestar que o seu partido, Compromiso por Galicia, “desvincéllase total e absolutamente” da súa candidatura en Miño tralos acontecementos dos últimos días no concello coruñés. Neste sentido, o líder galeguista, “lamenta

a situación dada” e indica que “solicitará ao edil electo que abandone a súa acta”, sendo coherente coa posición mantida durante a campaña electoral e ata o luns día 15 de xuño, que era o de non gobernar baixo ningún concepto co Partido Popular, anuncio que se fixo público hoxe. De igual xeito, lembra que “a maior parte da xente da lista era independente”, o que impide, “abrir expedientes disciplinarios”, pero si que “se retire o nome de Compromiso ao grupo

de persoas que se presentaron baixo a candidatura de Compromiso por Miño e que asumen a posición actual”, e indica que “xa que non responden aos criterios establecidos polo partido nin cumpriron coa dirección, nin coa cidadanía”, e fai un chamamento aos seus afiliados na localidade a que se desmarquen”. En resúmen, “Compromiso xa non ten nada que ver con eles, nin a efectos legais, nin a efectos políticos, nin no que se refire á redención de contas”.

Tomas de posesión

Abel Caballero fai historia en Vigo

O rexedor socialista iniciou o seu terceiro mandato con maioría absoluta e coa convicción de ter o respaldo maioritario da cidadanía

Por Aldara Pereira

Vigo é una illa, unha excepción na súa contorna e en toda Galicia. O sempre polémico Abel Caballero revalidou a Alcaldía por terceira vez e cos mellores resultados dos últimos anos. Logrou 17 dos 27 concelleiros da corporación. Unha maioría absoluta que lle dará carta branca no goberno da cidade. O socialista non disimulou a súa alegría no pleno de investidura do pasado sábado, 14 de maio. Sorriso, apertadas, apretóns de mans e boas palabras dominaron a súa entrada no Concello. A simboloxía da nova situación chegou ata a mesa de idade que constituíu o pleno. A concelleira máis nova, a tamén socialista Ana Laura Iglesias, acompañou ao mesmo Caballero, o representante de maior idade, quen dirixiu a súa propia toma de posesión.

No seu primeiro discurso do novo mandato, xa co bastón de mando, puntualizou os seus eixos fundamentais de traballo: a creación de emprego, dar un pulo as infraestruturas paradas nos últimos anos (Peinador, AVE directo a Madrid e a estación de Tom Maine), pero tamén correxir erros do pasado como a área metropolitana para adecuala á realidade de Vigo. Reiterou o seu apoio a recetas que xa lle funcionaron: as humanizacións, os parques infantís ou a arte na rúa.

Facendo gala do bo talante que o acompaña en tódalas súas intervencións dende o 24 M, ofreceu diálogo á Xunta, á Deputación e aos concellos limítrofes; aínda que dende a autoridade moral que lle da ter sido refrendado nas urnas. “Seguirá a marcha da cidade, pero aínda

máis rápido”, augurou. Pese ao clima de concordia, non puido evitar aludir ao “Alfageme”, o barco da rotonda de Coia, barrio onde encabezou a lista máis votada: “Agora España enteira saberán que foron uns farsantes”, afirmación que provocou o único momento de tensión da xornada. Os novos tempos son chegados. O primeiro síntoma foi o primeiro saúdo entre Caballero e a voceira do principal grupo da oposición, a popular Elena Muñoz. Vigo mantén alcalde, pero estrea corporación con maioría socialista, 17; unha minoría histórica do PP, sete; a incursión da Marea, con tres (Rubén Pérez, de EU xunto a Margarida López e Xosé Lois Jácome, de Anova) e a desaparición do Concello do Bloque Nacionalista Galego, que se queda sen representación.



Gondomar



O socialista Paco Ferreira é o novo alcalde de Gondomar. A coalición que se palpaba no ambiente non chegou a bo termo e Paco terá, polo menos de momento, que gobernar en solitario.

Redondela

De novo Javier Bas asume a Alcaldía de Redondela. Tivo que esperar a decisión de AER para saber se podería gobernar ou non. Este grupo independente vultou polos seus fueros e non permitiu gobernar aos socialistas como parecía previsible.



Moaña



O novo goberno de Moaña, nas escaleiras do Concello, coa súa alcaldesa Leticia Santos do BNG ao fronte.

Arbo



En Arbo o PP mantén a Alcaldía grazas ao BNG que non respectou ao seu exmilitante, Xavier Simón, e presentou unha lista sabendo que non ían sacar nada. Así foi como por unha ducia de votos Horacio (PP) segue de Alcalde.

Mondariz Balneario



José Antonio Lorenzo madrugou; as nove da mañán xa estaba investido de novo.

A Cañiza



Na Cañiza pasou algo parecido. O BNG truncou as posibilidades dun cambio de Alcalde polo prurito de presentar unha candidatura sen apenas posibilidades. Por escasos votos o PP segue coa alcaldía do Paradanta.

Antonio Lomba Baz, novo alcalde da Guarda

No pleno extraordinario celebrado o pasado sábado 13 de xuño, D. Antonio Lomba Baz, do PsdeG-PSOE converteuse no novo alcalde do Concello da Guarda.

A Xunta de goberno local quedou constituída por Dña Montserrat Magallanes Álvarez, D. Miguel A. Español Otero, Dña. Teresa Vicente Baz, D. Javier Crespo González e por Dña. Elena Baz Rodríguez,

sendo esta última unha nova incorporación.

O novo Alcalde, tras agradecer o apoio recibido nas urnas, comprometeuse a traballar por todos os guardeses e pola Guarda. O novo alcalde afirmou que o Concello “é cousa de todos” polo que invitou ós veciños e veciñas da Guarda a participar na política. Terminou o seu discurso afirmando que para el era unha “honra” pertencer a este Concello.



Represas, novo alcalde Ponteareas, renuncia ao soldo de Alcalde



O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, indicou esta mañá ao interventor do concello que inicie a tramitación oportuna da súa renuncia ao soldo de alcalde, no que constitúe a primeira medida que adopta o rexedor municipal trala súa investidura. Trátase dunha das promesas electorais realizadas por Represas e que o novo alcalde cum-

pre así nos seus primeiros días de mandato. A intención de Represas é aproveitar ese diñeiro para crear unha partida orzamentaria coa que subvencionar a creación de postos de traballo en Ponteareas. A previsión do goberno municipal é aprobar e publicar unha orde de axudas dirixida a incentivar a contratación de traballadores e as iniciativas dos emprendedores.

Tomas de posesión

Rafa Cuíña, alcalde de Lalín, despois de 25 anos de goberno do PP



Rafael Cuíña Aparicio é dende o pasado 13 de xuño o novo alcalde de Lalín. Despois de 25 anos de gobernos de José Crespo (PP), o candidato de Compromiso por Lalín fíxose coa alcaldía con 6 concelleiros e grazas a un acordó de goberno co PSOE (3edís) e a Plataforma Aberta Cidadá (APAC) que aporta unha conce-

lleira ao goberno municipal.

O novo alcalde de Lalín tomou posesión arroupado por máis de mil veciños e veciñas aos que lles anunciou que non esperen “grandes fastos nin grandes infraestruturas” porque tanto o novo alcalde coma o seu goberno “estamos aquí para estar ao lado da xente que máis o precisa”.

Xoán C. Montes (Calis) elixido alcalde de Mondariz



Por vez primeira en 36 anos Mondariz, elixiu un alcalde dun partido político de signo distinto ao conservador. Xoán Carlos Montes Bugarín, que leva 8 anos na

Corporación local, foi elixido rexedor cos votos favorables de AporM (a formación á que pertence), e a abstención do BNG, PSOE, PP e MST, que non presentaron candidato á alcaldía.

Tomas de posesión

Xosé M. Rdez Méndez, alcalde nacionalista, gobernará en As Neves

O novo alcalde está ao fronte dun goberno, acorde cos resultados electorais, no que participan BNG e PSOE, tratándose dun cambio histórico ao supor o fin de 32 anos continuados de gobernos do PP.

Este novo equipo de goberno aposta pola transparencia e a participación cidadá como ferramentas de impulso democrático, e ten marcados como obxectivos primordiais o de fixar poboación, crear emprego, e dotarse de mellores e actuais servizos públicos.

Salientar, Xosé M. Rodríguez Méndez, reduce a retribución salarial do Alcalde en máis dun 20% con respecto ao que viña percibindo o anterior alcalde do PP.



Porriño



A nova alcaldesa de Porriño, Eva de la Torre, resultou elixida logo dunha votación tensa e incerta. Ata o último voto non sabía se ía ser ou non Alcaldesa de Porriño.

Salceda



Marcos Besada promete diálogo e consensos coa Oposición.

M. Alejandro Lorenzo elixido Alcalde Pedáneo Chenlo (O Porriño)

Preto do 70% dos votos emitidos nas pasadas eleccións do 24-M refrendaron a M. Alejandro Lorenzo para continuar á fronte da Entidad Local Menor de Chenlo,



Continuar mellorando en materia de infraestructuras e dotar de saneamiento todos os barrios de Chenlo son algunhas das prioridades de Lorenzo

para os próximos catro anos; así como a construción dun novo cemiterio, un dos principais retos que o actual alcalde pedáneo se marca para a próxima lexislatura.

Tomiño



Sandra González repite con maioría absoluta de dez concelleiros. Soña cun Tomiño mellor apoiado polos xoves e maiores. Ofrece mán tendida á Oposición en beneficio do pobo tomiñés.

Festa Medieval de Salceda

Os vindeiros días 3,4 e 5 de xullo ACISA, Asociación de Comerciantes e Industrias de Salceda de Caselas, organiza a primeira feira mediaeval da localidade. O evento principal será un ha feira que se situará na praza do concello. Acudirán a él cantidade de comerciantes e artesáns o evento

irá acompañado dunha ruta do pincho medieval polos locais de ocio da localidade, e por diversas actividades lúdico-festivas coma exhibicións de cetrería a realizar no parque raiña aragonta e diversas actividades en todos os espazos da vila.

Tomas de posesión

O novo goberno municipal de Pontearreas terá dez concellerías

A Xunta de Goberno Local está formada por sete concelleiros do BNG, do PSOE e da Riada do Tea

O novo goberno local do Concello de Pontearreas presentou esta tarde de martes, 16 de xuño, a organización que terá o novo executivo presidido por Xosé Represas. A Xunta de Goberno Local estará formada por sete membros: Xosé Represas, Cristina Fernández Davila e Hortensia Bautista Fernández por parte do BNG, María Jesús Garrote Represas, Vanesa Fernández Soage e Benito Márquez Castro por parte do PSOE e Manuel Norberto Troncoso Rodríguez por parte da Riada do Tea.

O novo goberno contará con catro Tenencias de Alcaldía, a primeira delas asumida por María Jesús Garrote (PSOE), a segunda por Cristina Fernández (BNG), a terceira por Vanesa Fernández (PSOE) e a cuarta por Manuel Norberto Troncoso (A Riada do Tea). En relación ás áreas de goberno, estas estarán divididas en dez concellerías. Xosé Represas, ademais de asumir a Alcaldía, estará a cargo das áreas de Medio Ambiente (na que tamén se inclúen servizos de auga, saneamento, xestión de RSU, parques e xar-

díns), Emprego e Desenvolvemento Económico.

O BNG tamén se fará cargo dos departamentos de Ensino, Participación Cidadá e Réxime Interior (concellería asumida por Cristina Fernández), de Facenda e Persoal (concellería asumida por Francisco Floreal), de Cultura e Lecer, Normalización Lingüística e Turismo (concellería asumida por Hortensia Bautista) e de Benestar Social, Igualdade, Ludoteca e Mocidade (concellería asumida por Verónica Carrera).

Por parte do PSOE, María Jesús Garrote terá as competencias de Urbanismo, Vías e Obras e Iluminación Pública, Vanesa Fernández estará a cargo das áreas de Seguridade Cidadán e Mobilidade e Sanidade e Promoción da Saúde, Benito Márquez se encargará de Deportes, Transparencia e Novas Tecnoloxías e Xestión e Protección Urbanística do Patrimonio Histórico, mentres que Mario Lago asumirá as áreas de Comercio, Hostelería e Consumo.

Manuel Norberto Troncoso, o concelleiro electo pola Riada do Tea, será o responsable de Servizos So-



■ Goberno municipal (de esquerda a dereita): Xosé Represas (BNG), María Jesús Garrote (PSOE), Cristina Fernández (BNG), Vanesa Fernández (PSOE), Manuel Troncoso (A Riada do Tea), Mario Lago (PSOE), Verónica Carrera (BNG), Benito Márquez (PSOE), Francisco Floreal (BNG), Hortensia Bautista (BNG).

ciais (axudas de emerxencia e axuda no fogar) e Medio Rural. Represas, en nome dos membros que compoñen o novo goberno, quixo destacar “a paridade existente na nova executiva”, con

cinco mulleres e cinco homes, ademais de agradecer a “colaboración e a profesionalidade dos traballadores municipais nestes primeiros días de goberno, que supliu a falta de traspaso de po-

deres do anterior goberno do Partido Popular”. Represas engadiu que “nos vindeiros días comezará a tomarse as primeiras decisións que afectan a cuestións perentorias do concello”.



FOGUEIRA DE SAN XOÁN

O vindeiro **23 de xuño** as **10:00** da noite queremos, como en anos anteriores, celebrarmos o San Xoán cunha fogueira e unha sardiñada na leira de Lira. Esperamos a túa participación. Para anotarte debes chamar os teléfonos seguintes **antes do día 20**

Celso > 653750584 Lira > 6811672 Rogelia > 697686043

Sardiñas

Pan de millo

Viño

E para rematar unha queimada

*Os socios colaborarán con 3€, e os que non sexan socios terán que aportar 5€. Para os cativos haberá refrescos.



II CONCERTO DE CORAIS DE LIRA

CASA CULTURAL DE LIRA 28 DE XUÑO 2015 19:00H

Neste edición do concerto contaremos coa participación de catro corais polifónicas, que nos ofrecerán un variado repertorio, e que son as seguintes:

✚ Coral da asociación de amas de casa e consumidores “AGARIMO” de Vigo

✚ Coral “VAGALUMES” de Chandebrito

✚ Coral “VOCES DO TORREIRO” de Coia

✚ Coral polifónica “FOGAR DE BREOGÁN” de Lira

Animádevos e participade con nos dos actos da nosa aldea



2015
Espazo Fortaleza, praia fluvial de Goián (Tomiño)

FORTALEZA deportiva

Balonmán praia
III Trofeo Concello de Tomiño
Proba do Campionato Galego
20 e 21 de xuño
II Proba do Campionato Galego de Categorías Inferiores (Alevín iniano, Infantil iniano e fem., e Cadete iniano e fem.)

Voleibol praia
IV Trofeo Concello de Tomiño
Proba do Campionato Galego
25 e 26 de xullo
Proba do Campionato Galego de Uteq. Senior, Sub15 e Sub17

Futvolei praia
III Trofeo Concello de Tomiño
1 de agosto

Inscripcións:
Tel. 607 877 995
info@verandeportivo.com
www.verandeportivo.com

Patrocinadores: GADIS, DECATHLON, RODUSA, etc.

Concello de Tomiño

O filólogo Moncho Iglesias Míguez descobre as inquiredanzas de Palestina na charla #Alén2015 de xuño

Estará nas redes sociais do Fondo Galego para falar sobre este territorio, onde viviu máis de dez anos traballando como profesor de castelán en distintas universidades. O encontro dixital terá lugar o xoves 18 de xuño no perfil de Facebook e Twitter da entidade municipalista, entre as 16.30 e as 18 horas.



O filólogo, escritor e tradutor vigués Moncho Iglesias Míguez estará nas redes sociais do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para falar sobre Palestina máis alá do conflito. O ciberencontro celebrarase o xoves 18 de xuño no Facebook e Twitter do Fondo Galego, entre as 16.30 e as 18 horas. A súa primeira estancia en territorio palestino foi como profesor de Castelán como lingua estranxeira en Kibbutz Lahav (Israel) entre o 2000 e o 2001. Dous anos máis tarde regresaría como bolseiro da Universidade

Hebrea de Xerusalén para realizar o Máster en Literatura Inglesa e Lingua Hebrea. Un ano despois exercería como docente de Castelán na Universidade de Belén (2005-2008), posto que volvería desempeñar na Universidade An-Najah de Nablus (2009-2014) ata a súa recente incorporación como profesor de Castelán na Universidade SISU, Chongqing (China), país no que reside actualmente. #EncontroPalestina. Existen diferentes vías para poder participar no encontro dixital, en directo ou con carácter previo.



San Xoán 2015

Fogueira e Sardiñada
A partir das 22:00h.
no Recinto Amuralhado
Pan, Uino, Prato e Deseo Sardiñas
Total 2 €

Organizado por:
CONCELLO SALVATEIRA DE MIÑO

KOKI, un poeta galego en Nova Iorque

Por: Guillermo Rodríguez

A Agrupación Cultural Guardesa tomou o acordo de adicar a Francisco Álvarez (KOKI), o “Dia das Letras Galegas” de A Guarda.

A súa Presidenta, Julia Sobrino, lembrou uns versos que no ano 1980 ela tiña dedicado a KOKI nos que anunciaba o futuro poético do escritor guardés: “A lo peor...// resulta que no es nada // A lo mejor...// tus poemas de hoy son un camino abierto y claro hacia el alba// Posiblemente eres ya espacio concreto, // raíz profunda en la tierra del futuro. // a punto de ser fruto en sazón // tu alma sedienta // busca sin cansancio // la senda que aún no está abierta // que tan solo se adivina en lontananza”

Efectivamente, Julia sobrino foi adivinadora, botadora das cartas poéticas que KOKI comezaba a xogar

nunha partida fronte a un tahúr invisible pero sempre presente na súa andaina: a incompreensión, o desleixo dun pobo que non sabe apreciar os seus valores.

KOKI non se arredou e fiel as normas do seu xogo en solitario chegou a estes momentos en que todo un pobo, na boca dunha Asociación Cultural sensible e xa histórica, lle recoñece ter gañada a partida.

O poeta viuse na obriga, coma tantos outros galegos o fixeran xa antes, de cruzar o mar. Agora non o fixo por barco, nin tivo quen lle mostrara un pano dende o peirao do orto que atrás deixaba, pero o avión que o trasladaba máis de presa, como querendo deixar atrás un mundo, unha terra que non era quen de dar sustentos aos seus, facía a mesma triste función: apartábao dos seus, separábao da súa Galicia que el tiña

xa interiorizada como todo un mundo que lle ía servir de musa para o seu futuro literario, poético, que xa lle doía na alma de poeta que endexamais o abandono. KOKI foise a Nova Iorque; KOKI tivo que aprender inglés cando era o galego o idioma no que el mellor se sentía para dicir ao mundo que faltaba amor, que faltaba quererlle ao noso, que estábamos vivindo nun mundo de tecnócratas sen alma e que Galicia se ía esfarelado en cada galego que tiña que abandonar.

Esa foi a loita deste poeta guardés que hoxe era subido a un pódium dende o que recibía a calor, a quen-tura de todos os que o coñeceran, de todos/as os/as que creran nel e na súa teimuda entrega a poesía, dende a que quería e segue querendo mostrar ao mundo todo o amor que leva dentro; denunciar as falsidades

dos que din querelo Pais pero só para utilizalo no seu beneficio propio. KOKI é un poeta incómodo porque di o que sente e como o sente; porque o seu corazón saelle pola boca e fire sensibilidades insensibles (non é un xogo de palabras). Para KOKI a súa terra, a súa familia, o amor polos dous forman un todo indisoluble. Foi Camino Noia, catedrática da Universidade de Vigo, que coñecera a KOKI en Nova Iorque cando fora impartir cursos de galego, quen fixo a presentación do poeta guardés. Deu un paseo, pasenlamente, pola vida do poeta. Dende os seus primeiros pasos no eido literario ata este

momento en que xa é un referente no mundo da poesía, e tamén na prosa; campo no que últimamente se ten adentrado.

En cadro aparte ofrecemos as obras que ata este momento enchen a biblioteca deste escritor profundo, constante, que non cede no seu intento de elevar a súa terra ao Olimpo dos deuses das letras.

Novas do Eixo Atlántico quiere sumarse a esa merecida homenaxe e dedicarle, tamén, o seu especial Dia das Letras Galegas.

KOKI tivo a deferencia de responder a un breve cuestionario que este xornal lle fixo chegar.



Que queda daquel mozo dunha vila mariñeira, no home maduro destes momentos?

■ A xente é como o viño, co tempo Madura, algúns viños vólvense vinagre e estropéanse no camiño, dende a lembranza, quedan momentos que sempre me fixeron soñar.

Cres que un emigrante con morriña e alma de poeta ten maior predisposición para escribir do que deixa atrás cando se vai?

■ Como autor, un non sabe cuanta capacidade ten. Se non houbese marchado faería o mesmo, tal vez dende outra ollada.

Ti és autodidacta. Cal foi a maior dificultade coa que te atopaches cando fronte a un papel en branco pretendías verter uns versos que non acaban de tomar corpo?

■ Si ben é certo que é importante ter un nivel, por ser académico non vas a escribir mellor. Temos moitos escritores autodidactas, en moitos países, que teñen unha inmellorable obra.

Contra todo pronóstico, fuches santo no teu pobo e fixeches milagres; que significa na túa traxectoria de poeta este recoñecemento da vila de A Guarda?

■ Non é certo; respéctanme, pero hai unha sombra de ollos que espreitan. Por dicir sempre as cousas polo seu nome, vol-

vinme un personaxe incomodo. Hai xente que na miña mocidade eran de esquerdas e agora andan bebendo auga bendita.

Hoxe vives, con as túas dúas almas, a cabalo entre a Guarda da túa infancia e a “monstruosa Nova Iorque que che da de comer; cres que é o destino de todo emigrante rematar partido en dous?

■ Non sei se a todos lles pasa o mesmo. Eu sempre mantiven, pola miña relación persoal e de familia, un forte cordón umbilical, coa miña terra, pero hai intres que non eres nin de aquí nin de acolá.

Serías quen de escribir algo por encargo que non “casara” co teu espírito de poeta do amor e da denuncia?

■ Cuando levas anos de oficio, podes escribir textos por encargo, outra cousa é que ti o queiras facer. Eu sempre escribo o que necesito escribir para dicir o que penso.

Que proxectos inmediatos e máis a longo prazo levas nas túas maletas de emigrante?

■ Despois de o libro “Un Neno na emigración”, de Edicións do Cumio, sigo escribindo, sen ter nada premeditado; as cousas como o amor, xurden elas solas.

Grazas amigo KOKI, Ti segue na túa teima que o mundo terá que entender e respectarte. Xa somos moitos os que o facemos. Non baixes a garda; segue golpeando forte aínda que sexa con luvas de seda.

Francisco Álvarez - Koki: A Guarda (1957).

Ten publicado en Galego:

MAIS ALO DE FISTERRE (Diputación de Pontevedra. 1991)
ALEN DA FRONTEIRA (ediciones Egasur poesía. 1999)
PARA ABRIL E AMANTES (Diputación de Pontevedra, colección Tambo de poesía. 2003)
RATAS EN MANHATTAN (ediciones Sotelo Blanco, narrativa. 2007)
MARUXIA (Diputación de Pontevedra, colección Cies. 2010)
UN NENO NA EMIGRACION (Edicións do Cumio. 2014)

En Castelán:

Poemas del verbo amar (1981) edición do autor. Soliloquios del silencio (1982) edición do autor. Para el amor pido la palabra (1987) Madrid editorial Betania. 2ª edición (1990) editorial Lumen Argentina. Sombra de luna (1990) ediciones Moria (Nueva York). Desde la otra orilla (1994) edición do Concello de Tomiño. Entre dos aguas (1995) editorial Latino Press. Entre tu cuerpo y

mi cuerpo (1996) Concello de A Guarda e Tomiño. 2ª edición (1997) Concello de A Guarda. Nova Iorque en nove poetas (antoloxía) (1999) Casa da Cultura de Ecuador. Al Fin Del Siglo. (2000) Ollantay Press New York. Doce poetas entre rañaceus (2000) Casa da cultura de Ecuador (antoloxía). Miradas de Nova Iork (2000) Editorial El Vigía Granada (antoloxía). Para Abril e amantes 2003 (colección Tambo Deputación Provincial) Seis narradores en Nueva York 2006 (ediciones Dauro Granada).

Entre tu cuerpo y mi cuerpo. 2007 (Antoloxía amorosa. Edición da Deputación Provincial). Geometría y angustia (Poetas españoles en Nueva York) Edición de Julio Neira. (Fundación José Manuel Lara) Ratas en Manhattan (Chiado editora, Madrid 2013) Ten sido antologado en distintas antoloxías e colabora en xornais de literatura de España Portugal e Latinoamérica

Ponteareas

O Corpus de Ponteareas 2015 volve marcar diferenzas en número de visitantes e calidade das alfombras

A vila de Ponteareas espertou o martes 9 de xuño coa resaca dunha fin de semana de longas noites de traballo pero tamén coa satisfacción de ter acadado, e mesmo superado, os obxectivos marcados previamente. A maior festividade do municipio serviu, un ano máis, para amosar Ponteareas como un punto de referencia no mapa internacional de arte efémero, destacando entre todos aqueles lugares que festexan o Corpus Christi para celebrar a Eucaristía.



Dende o mércores 3 de xuño que comezaron as actuacións musicais polas rúas da vila, o concello foi aumentando o número de visitantes día tras día, acadando o seu punto cumio na noite do sá-

bado, coa elaboración das 24 alfombras florais, e na mañá do domingo, co paso da procesión. A calidade dos tapices non deixou indiferente a ninguén. O esforzo dos e das alfombristas supérase ano tras ano e o nivel

de creatividade de moitas alfombras acadou cotas formidables. O xogo de cores, degradados e diferentes materiais puídoose apreciar en cada un dos mantos espallados polas céntricas rúas de Ponteareas.

Ademais da delegación de La Orotava, vila coa que Ponteareas está irmandada dende hai máis de 20 anos, e da xa tradicional alfombra dos compañeiros de Monção, esta edición contou coa presenza dunha delegación

xaponesa que mostrou unha maneira diferente de confeccionar as alfombras. Os nipones asombraron cunha alta dose de tintes e distintos tipos de flores.

Os alfombristas orientais viñeron acompañados dun grupo de xornalistas dunha das canles de televisión máis vistas do Xapón. Un canal que emitirá a finais deste mes unha reportaxe que chegará a varias millóns de espectadores xaponeses e que suporá unha excelente promoción para a vila de Ponteareas.

Ademais das riadas de xente que asolagaron as rúas do municipio durante a noite do sábado e a mañá do domingo, tantos os visitantes como os veciños e as veciñas ponteareáns encheron a Praza Maior para gozar de dous espectáculos moi especiais. O Musical "Keltia", protagonizado polo BruxoQueimán e Andrea Pousa, e o grupo Treixadura, que presentaba novo traballo, fixeron as ledicias dun público entregado.

O Corpus foi pechado coa entrega das Medallas de Prata. Un emotivo acto que valeu para recordar as raíces desta celebración e render unha merecida homenaxe aos membros da comisión de festas do ano 1947,



Ponteareas



Gabino Porto, Ignacio Vidales Tomé e Pepe Casanovas. Catrice veciños de Ponteareas e un membro da delegación de La Orotava recibiron medallas de prata, mentres que YasuFujikawa, o deseñador da expedi-



ción nipona, tamén levou un recoñecemento de mans do alcalde ponteareán, Salvador González Solla.

Un Corpus que foi seguido dende moitas partes do planeta grazas ás cámaras web que o goberno local instalou para poder seguirlas a través da páxina do concello. Un Corpus que tivo unha intensa actividade nas redes sociais ao longo de toda a fin de semana. Un Corpus que gozou de cobertura nacional e internacional en varios medios de comunicación. Un Corpus que, en definitiva, segue situando a Ponteareas como unha auténtica referencia internacional na confección de alfombras florais.



Telf: 986 64 08 34



Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA
Regino
TLF: 986640834
Ponteareas (Pontevedra)

Ponteareas

“II Encontro de escritores en lingua galega de temática ponteareá” e presentación da revista “Pregón” 2015



O Salón de sesión acolleu este venres, día 29 de maio, o II Encontro de escritores en lingua galega de temática ponteareá, baixo o lema “A importancia de difundir o local”. Foi unha xuntanza na que se tratou a importancia que ten para a cultura local a súa divulgación escrita e no que participaron os escritores Clodio González Pérez, Anxo Serafín Porto Ucha, Xoán Martínez Tamuxe, Estanislao Fernández de la

Cigoña, Antonio José Groba Diéguez e Sofía Rodríguez Suárez. Andrés Sampedro Fernández, concelleiro de Cultura do Concello de Ponteareas, actuou como moderador do debate.

O encontro tamén serviu para brindar unha homenaxe, a título póstumo, a Maruja Pino Piñeiro polo seu labor como escritora e divulgadora da nosa cultura, costumes e tradicións. Un acto moi emotivo que contou coa presenza da súa filla, Margot, quen

recibiu un diploma e unha medalla de parte dos escritores, ademais dun agasallo de mans do alcalde, Salvador González Solla, en nome do Concello de Ponteareas.

Posteriormente, o mesmo salón foites temuña da presentación da revista Pregón, publicación do Concello de Ponteareas, que recolle ano tras ano artigos referentes ao Corpus, convertíndose nunha referencia escrita e visual de todas as alfombras confeccionadas o ano anterior e que ten unha ampla difusión non só en Galicia e España, senón tamén alén das nosas fronteiras, como en Uruguai, Arxentina, Cuba, Venezuela, México, etc, onde os

nosos ponteareáns que están fóra a gardan ano tras ano como un prezado tesouro.

O concelleiro de Cultura, Andrés Sampedro Fernández, sinalou a importancia de escribir e investigar sobre a cultura local. O edil definiu a revista Pregón, ou Revista da Festa do Corpus Christi de Ponteareas, como unha publicación importantísima para o espallamento da nosa festa do Corpus e, asemade, unha excelente canle de difusión onde estudosos de renome poden plasmar as súas investigacións sobre o Corpus, Ponteareas e a súa comarca, contribuíndo, pois, á difusión de todo tipo de estudos de temática local.



O escritor e profesor Alfredo Conde foi o encargado de ler o pregón das festas do Corpus

Alfredo Conde Cid, recoñecido escritor e mestre, foi o encargado de realizar a lectura do pregón das festas do Corpus Christi 2015. O acto tivo lugar no Auditorio Reveriano Soutullo e contou coa presenza do alcalde ponteareán, Salvador González Solla, e o concelleiro de Cultura, Andrés Sampedro.

Alfredo Conde, nado en 1945 en Allariz, foi galardoado co Premio Nacional de Literatura pola súa novela “Xa vai o Grifón no vento” en 1986, primeira vez que se premiou unha novela escrita nunha lingua española distinta do castelán. En 1991 obtivo o Premio Nadal, pola súa novela “Los otros días”. Elaborou varios guións de televisión, entre eles o correspondente ao especial producido por TVG e TVE “O camiño de Santiago”, ademais de textos como o da “Gran Cantata Xacobeá” un oratorio de Ro-

gelio Groba, interpretado pola London Symphony Orchestra e o coro “London Voices”. Conde foi concelleiro de Cultura da Xunta de Galicia entre os anos 1987 e 1990.

A inauguración oficial de maior festividade de Ponteareas tamén serviu para ofrecer aos asistentes un pequeno adianto dun dos espectáculos programados para este ano: “Keltia: El Musical”. O Bruxo Queimán e Andrea Pousa encargáronse de facer unha previa do que será unha das principais atraccións deste Corpus Christi 2015.



Ponteareas instalará equipamentos térmicos de biomasa no Centro Social e na gardería infantil

O Concello de Ponteareas instalará equipamentos térmicos de biomasa no Centro Social e na Guardería Municipais, grazas á concesión de dúas subvencións por parte do Instituto Enerxético de Galicia, dependente da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

As instalacións proxectadas para o Centro Social Municipal contemplan un sistema de calefacción que se

compón dunha caldeira de pellets, cunha potencia térmica nominal de 56 quilowatts e un rendemento do 92%. Esta caldeira alimentará aos circuitos de auga quente sanitaria e de calefacción do edificio. Pola súa banda, o sistema previsto para a Guardería municipal inclúe unha instalación de calefacción que se compón dunha caldeira de pellets, cunha potencia térmica nominal de 64 quilowatts e un ren-

demento do 92%. Igual que o correco sistema anterior, esta caldeira alimentará aos circuitos de auga quente sanitaria e de calefacción do edificio.

Estes equipamentos térmicos de biomasa teñen como principal obxectivo acadar o máximo aproveitamento enerxético do combustible e, asemade, minimizar a emisión de substancias contaminantes á atmosfera. O investi-

mento disposto entre o Instituto Enerxético de Galicia e o Concello de Ponteareas supera os 44.000 euros.

O alcalde ponteareán, Salvador González Solla, quixo agradecer á Xunta de Galicia un apoio económico que permitirá seguir dotando ás instalacións dependentes do concello de sistemas de calefacción que aportan un importante aforro enerxético.



Os alumnos da Escola de Alfombristas recibiron os seus diplomas de Corpus



O concelleiro de Cultura Andrés Sampedro entregou os diplomas aos 39 alumnos da Escola de Alfombristas, que por sétimo ano consecutivo confeccionaron o seu tapiz en fronte do Mercado Municipal. O concelleiro lembrou "a importancia desta escola porque representa o relevo xeracional necesario para que a maior festividade de Ponteareas siga gozando de boa saúde no futuro". Sampedro tamén quixo "pór o acento na faceta integradora desta escola, que permite que nenos e maiores convivan na noite do Cor-

pus e nos meses previos, compartindo todos eles un obxectivo: promocionar o Corpus da mellor maneira posible."

O alcalde ponteareán, Salvador González Solla, salienta o feito de que "estes nenos e nenas aprendan dende cativos as diferentes técnicas de alfombrado, de xeito que sexan conscientes da altísima calidade que teñen as alfombras de Ponteareas con respecto a outros lugares". Unha calidade que, no caso da Escola de Alfombristas e segundo o propio Solla, "aumenta ano tras ano".

Ponteareas reparte 60.000 euros en subvencións a entidades deportivas

O Concello de Ponteareas vén de conceder as subvencións a clubs e entidades deportivas do municipio por un importe total de 60.000 euros. O concelleiro de Deportes, Alberto Novoa, o alcalde ponteareán, Salvador González Solla, e primeira tenente de alcalde, Belén Villar, fixeron entrega dunha resolución a cada unha das entidades na que se especifica a cantidade que percibirá cada unha delas nos vindeiros días.

Estas subvencións están destinadas a entidades deportivas sen ánimo de lucro e teñen

como obxectivo apoiar a estas asociacións no mantemento de instalacións, se as teñen, na organización de eventos e nas actividades derivadas da súa participación en competicións comarcais, provinciais, autonómicas ou nacionais que teñan lugar durante o curso deportivo 2014/2015.

O goberno local manifesta deste xeito o seu firme compromiso na promoción e na axuda ao deporte local en todas as súas variantes. Un total de 19 clubs de 10 modalidades deportivas diferentes se verán beneficiadas destas subvencións.



Berminelli

Plaza Mayor, 28 (chulo Taparía Tónel)
Telf: 986 660 997
PONTEAREAS

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

GASOLEOS TEA

Distribución Oficial para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN
SERVIZO A DOMICILIO

Campsa

Tlf. e Fax: 986 01 43 12
Rosalía de Castro, 3 A GUARDA
Tlf: 986 00 13 00 - Fax: 986 00 13 00
Rúa Real, s/n PONTEAREAS

Ponteareas

Figuras senlleiras de Ponteareas nos monolitos do Xardín da Xiralda



Completouse a obra de remodelación da Casa do Concello e dos Xardín da Xiralda, coa colocación nos monolitos de placas conmemorativas de figuras senlleiras de Ponteareas que destacaron no deporte, a música, a literatura ou a escultura: biografía dos ciclistas Ir-máns Rodríguez Barros, Álvaro Pino Cou-ñago, o atleta José Teixeira Alonso, os compositores Reveriano Soutullo Otero e Rogelio Groba Groba, os escritores Fermín Bouza Brey e Maruja Pino Piñeiro e o es-

cultor e pintor Alfonso Quinteiro Alonso. Ao acto asistiron homenaxeados e fami-liares dos persoeiros xa finados, acompa-ñados do alcalde en funcións Salvador González Solla, e dos membros da Corpo-ración Municipal en funcións. Salvador González manifestou que estas placas colocadas sobre o granito propio desta terra, simbolizan a importancia das figuras locais e quérese destacar a per-soeiros de Ponteareas que destacaron en distintos eidos.



Trabalhadores da vila portuguesa de Monção coa súa

Respondendo à amabilidade de uma associação daquela localidade galega, que embelezou o Largo de Camões na Festa da Senhora da Rosa, vários funcionários da autarquia decoraram, na noite de sábado, uma rua de Ponteareas na Festa do Corpus Christi.

O embelezamento das ruas dos centros históricos é uma iniciativa comum aos municípios de Monção e Ponteareas, localidade galega que dista sensivelmente 15 quilómetros da Ponte Internacional sobre o Rio Minho. Em Monção, decorreu no início

de maio na Festa da Senhora da Rosa. Em Ponteareas, na Festa do Corpus Christi que teve lugar este fim de semana.

Este ano, Monção apresentou um “coração vianense” envolvido no verde da cor do nosso município.

CERRAXERÍA
vivenda
automóbil
chaves
637 764 865
SERVICIO 24 HORAS
o remendón

ASER GALICIA
Rúa de Redondela,
36860 Ponteareas, Pontevedra
986 64 44 05

Goya pub
www.goyapub.es

Servicio INTERFLORA y a domicilio
La Primavera
Floristas y Decoración
Rúa R. Soutullo, 17 - PONTEAREAS
Tel.: 986 641 080 Particular 986 84 26 83
primavera@interflora.es
www.florprimavera.com

Eira Vella
Viñoteca
Xamán
Viñas
Quelxa
Pulgas
Tostas
Lamprea Rechea
Rosalía de Castro, 12 - Baixo

Ponteareas

0 Corpus en directo a través da Internet



A Festa do Corpus Christi de Ponteareas poderá ser seguida en tempo real dende calquera parte do mundo a través da Internet, grazas á instalación de catro cámaras ás que será posible acceder dende a portada da web do Concello de Ponteareas (www.ponteareas.es).

Esta medida permitirá que todos os internautas que o desexen, independentemente do lugar do mundo no que se atopen, poidan seguir en directo a confección dos tapices mediante ordenadores, teléfonos ou tabletas. As cámaras estarán instaladas en lugares que permitan unha visión integral das alfombras confeccionadas na Praza de Bugalla, na Rúa de Oriente, na Praza Maior e na Avda. da Constitución.

Trátase dunha iniciativa que ten moi boa acollida dende hai varios anos, congregando a centos de usuarios de diversas partes do planeta que visualizan, en vivo, a evolución dalgunhas das alfombras máis espectaculares do Corpus. As cámaras estarán operativas o sábado e o domingo, para poder observar todo o proceso de confección dende o seu inicio ata o remate final co paso da procesión.

Rematan as obras de recuperación do regato da Venda

As obras de recuperación dun tramo de 1,1 quilómetros de lonxitude, que tiña un notable deterioro medioambiental debido á presión urbanística, permitirán unhamellora ostensible nacapacidade de drenaxe do río.

O regato da Venda desemboca no río Tea, polo que a finalización destas acometidas permite evitar o verquido de residuos ao cauce do principal río da vila.

O percorrido restaurado conta, dende agora, con varias sendas peonís acompañadas de zonas recreativas, ademais dunha pasarela pilotada de 80 metros na zona das Cachadas e outra pasa-

rela de 7 metros na zona denominada de José Cerviño.

Dende o goberno local mostrouse moi satisfeito polo remate destas obras, cuxo orzamento elevouse ata os 4,2 millóns de euros e que son produto do compromiso do propio Concello de Ponteareas, do Ministerio de Medio Ambiente e da Deputación de Pontevedra.



Acondicionamento da pranta baixa do Centro Cultural de Arcos



As obras de acondicionamento da prantabaixa do Centro Cultural de Arcos, que contancun investimento de cerca de 85.000 euros, xa están en marcha.

Con esta derradeira fase, rematarase completamente a obra na Casa Cultural de Arcos, un dos obxectivos marcados por este goberno. O Concello de Ponteareas estima un prazo de 3 meses para a execución destas obras.

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPUESTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutano, 4 - Entlo. B - 36800 PONTEAREAS
Tel: 986 66 00 00 Fax: 986 66 01 03

el Cuatro
P I N C H O T E C A

Rúa Trobador X. García de Guillade, 4 - Ponteareas

Lano
maquinaria
remolques

MAQUINARIA LANO S.L.

986 644 741 Fax: 986 644 758
www.maquinarialand.com Barrai - PONTEAREAS

Ponteareas

O Concello de Ponteareas presenta o cuarto número da revista "Soberosum"



O cuarto número da revista "Soberosum" foi presentado no Salón de Plenos do Concello de Ponteareas nun acto que contou coa presenza do alcalde ponteareán, Salvador González Solla, e do concelleiro de Cultura, Andrés Sampedro. Trátase dunha publicación editada polo Museo Municipal de Ponteareasna que varios estudosos presentan os seus traballos, directamente ligados a Ponteareas e a súa comarca e enmarcados en diversas disciplinas. Esta edición incorpora un total de 20 traballos relacionados coa etnografía, a historia, a arqueoloxía, a arquitectura e a natureza da vilaponteareá e do seu entorno. Unha revista na que 23 estudosos ofrecen desinteresadamente as súas investigacións baseadas en diferentes eidos. O concelleiro de Cultura, Andrés

Sampedro, que colabora como un investigador máis neste volume, salientou que "grazas a este medio, Ponteareas pode compararse coas grandes cidades galegas que, con moitos máis recursos, levan a bo termo publicacións que falan das súas peculiaridades".

O editor desta revista é Estanislao Fernández de la Cigña, un investigador e escritor, autor de moitos libros sobre historia, etnografía e outras ciencias, ademais dun enorme estudioso da natureza galega, mostrouse "satisfeito co resultado obtido neste cuarto volume", no que todos os autores "puxeron o entusiasmo que sempre poñemos cando facemos traballos culturais". O investigador emprazou aos dirixentes a continuar con este traballo de divulgación e expresou o desexo de creación

dun Instituto de Estudos Ponteareán no curto prazo. Un órgano que, na súa opinión, "daría un salto cualitativo á investigación sobre a historia de Ponteareas e a súa comarca".

O alcalde ponteareán, Salvador González Solla, quixo agradecer a "todos os investigadores a súa colaboración para facer realidade esta revista e, asemade, felicitálos polo seu labor a prol da cultura de Ponteareas e de Galicia". Solla recordou que esta publicación serve para "pór en valor o patrimonio de Ponteareas e da comarca, sendo un axente de suma importancia na transmisión dos traballos de investigación".

A publicación conta co apoio económico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Un total de 41 rapaces estranxeiros visitan Ponteareas estes días grazas a programas de intercambio postos en marcha polo CEIP Santiago Apóstolo



Vinte e un nenos de Manchester marcharon onte despois de pasar 3 días na vila e vinte cativos de Francia chegaron hoxe para pasar 7 días no municipio.

Ámbolos dous grupos foron recibidos no Salón de Plenos da Casa do Concello polo alcalde ponteareán, Xosé Represas.

O Concello de Ponteareas está a ser testemuña estes últimos días da visita de moitos escolares procedentes doutros países grazas a diversos programas de intercambio postos en marcha polo CEIP Santiago Apóstolo.

O centro de ensino ponteareán ten dous acordos asinados cos colexios "Our Lady of the Rosary", da cidade de Manchester, e "Collège Jean Rostand", situado nun pequeno municipio chamado Muzillac, na Bretaña francesa.

O primeiro deles permitiu que 21 rapaces e rapazas ingleses, de entre 10 e 11 anos, tiveran a oportunidade de coñecer a vila do Tea durante unha estancia de

tres días no municipio que rematou o día de onte. Os 20 alumnos do colexio francés, de entre 13 e 14 anos, chegaron a Ponteareas no día de onte e ficarán no municipio até o vindeiro luns. Estes acordos tamén permiten que os alumnos do CEIP Santiago Apóstolo poidan viaxar a ámbolos dous países e practiquen os idiomas francés e inglés.

Todos os alumnos visitaron a Casa do Concello de Ponteareas e foron recibidos polo alcalde ponteareán, Xosé Represas. O rexedor municipal aproveitou para lles explicar algúns dos principais sinais de identidade da vila, como a festividade do Corpus ou río Tea, ademais de facer un pequeno resumo sobre varios dos persoeiros máis relevantes na historia do concello, como Reveriano Soutullo ou Rogelio Groba.

Represas tamén quixo manifestar aos responsables dos diferentes centros educativos a súa intención de manter e mesmo ampliar este tipo de programas de intercambio entre escolares.



Entrega de diplomas dos cursos da aula CeMIT

O Concello de Ponteareas vén de facer entrega de diplomas dos cursos da Aula CeMIT, nos que participaron máis de 49 alumnos repartidos en 9 cursos que se impartiron dende o mes de abril ata o mes de xuñodesteano 2015, sumando un total de máis de 136 horas de formación.



Ponteareas

A terceira edición do Festival "Rock in Río Tea" terá lugar os días 3 e 4 de xullo

A terceira edición do Festival "Rock in Río Tea" foi presentada esta mañá de xoves, 11 de xuño, no Salón de Plenos do Concello de Ponteareas. O acto contou coa presenza de varios membros da Asociación Falcón, organizadora do Festival, do alcalde ponteareán, Salvador González Solla, e do concelleiro de Cultura, Andrés Sampedro. A actividade dará comezo o venres 3 de xullo ás 21:00 horas, coa actuación do grupo Black Box enriba dun ca-

Un total de sete bandas de diferentes estilos musicais protagonizarán o espectáculo no Parque da Concordia, en Ponteareas

mión/escenario que, segundo Julio Mera, un dos ideólogos do Festival, "levará a música aos lugares máis identificados co proxecto do Rock in Río

Tea".

O propio Mera manifestou que a Asociación se sente "orgullosa de poder presentar un cartel moi completo e con diferentes estilos musicais. Poderase escoitar rock, soul, rhythm and blues e mesmo algo de pop".

As bandas que compoñen a presente edición do festival son: Mínima Son e La Banda de Mazinger de Ponteareas, Cool Funeral e The Soul Jacket de Vigo, Familia Caa-magno de Sigüeiro e Aurora and Betrayers de Madrid.

Unha cita musical que, en palabras de González Solla, "cada ano colle máis auge e que ten moito traballo detrás". O rexidor mostrou "encantado de colaborar economicamente con este Festival" e agarda que "os veciños e veciñas da vila vivan o rock de maneira intensa durante esa fin de semana".



FOGARIÑO
www.fogarino.com
986 09 68 27
Rúa Brañas, 6 - Ponteareas



ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACIÓN E ASESORAMIENTO DE EMPRESAS

José Abraides Amil
Economista

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E Telf: 986 33 62 90 - Fax 986 34 43 87
36400 - O Poriño (Pontevedra) abraides@orgaserco.es

Restaurante O'Rianxo
Algo diferente no Condado
Novo local

Terraza de verano interior
Ctra. N-120
Vilasobroso - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Telf.: +34 986 654 434

Comida casera y saludable
Platos diferentes cada día
Se sirve también por encargo

Al punto

Horario: de lunes a sábado de 9:30 a 15
© 886 099 357 • 600 043 274
www.alpuntoponteareas.es
inesvidal80@hotmail.com

Plaza de Abastos (planta superior) - PONTEAREAS

Parada de Sil

A Casa do Chocolate de Teimende é o primeiro museo en Galicia dedicado á industria chocolateira

Parada de Sil inaugurou a Casa do Chocolate. Entreviú o alcalde en funcións, Francisco Magide, e representantes da familia Casares. Proxectouse un video sobre a antiga fábrica dos Chocolates Caldelas e sobre o seu derradeiro impulsor, Ricardo Casares, persoeiro singular e chocolateiro vocacional.

O Concello realizou a recuperación da antiga fábrica pertencente á familia Casares e que durante case un século foi unha referencia no entorno. Pechara as súas portas a finais dos anos

tiva que abre a porta a captar novos visitantes". As instalacións deste museo ofrecen un percorrido pola industria chocolateira local e a súa influencia na historia de Parada de Sil, con mostras da

e deixando a súa pegada". Deste xeito, engadiu a directora de Turismo de Galicia, "o patrimonio industrial estase a converter nun polo de atracción na zona onde se localiza e deste modo contribúe a consolidar Galicia como un destino multiexperiencial, cunha oferta segmentada e desestacionalizadora".

A representante da Xunta lembrou que a Comunidade galega ocupa unha posición destacada a nivel nacional como referente en turismo industrial, "ao contar con nove distintivos de Q de calidade, dos 11 que hai en toda España". Referiuse tamén ao Plan Integral de Turismo de Galicia, que na súa liña estratéxica centrada na oferta turística baseada no patrimonio e nos recursos endóxenos diferenciais, "recolle accións encamiñadas ao desenvolvemento de produtos de turismo industrial e á potenciación e promoción do mesmo". "Para Nava Castro,

poder descubrir nas mellores condicións aquel universo doce no que se moía o cacao e se trataba envolvido en grandes doses de prudencia, esforzo e superación, "é sen dúbida, unha oportunidade única no só para Parada de Sil, senón para toda Galicia".

Demanda turística

Por último, na súa intervención, Nava Castro referiuse á demanda turística da Ribeira Sacra, que o ano pasado pechou con 152.000 viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros da zona, o que supuxo un incremento do 20% en relación ao ano 2013. Canto ás pernoctacións, estas medraron un 18% entre 2014 e 2013, ata situarse en máis de 229.000. Esta mellora produciuse como consecuencia do bo comportamento rexistrado tanto polo turismo nacional, que se incrementou un 18%, como polo internacional, que neste caso subiu un 20%.



■ A familia Casares, coas autoridades, presidiron a inauguración.

oitenta con motivo da xubilación de Ricardo Casares, o derradeiro chocolateiro. As actuais propietarias, viúva e fillas de Ricardo, respectivamente, decidiron ceder gratuitamente ao Concello as máquinas da fábrica de chocolate e o inmoble que as alberga, co obxectivo de que non se perda a memoria dunha actividade que tivo moita sona no seu tempo. Ademais da fábrica, a familia Casares aportou un importante volumen de documentación sobre a actividade industrial e comercial das dúas últimas xeneracións, a través da cual se pode establecer con fidelidade a estrutura e o funcionamento do negocio. A rehabilitación foi posible con 60.000 euros dos que 11.000 achegounos o Concello e o resto a Axencia Galega de Turismo e fondos europeos do Plan Leader. Os traballos realizados permitiron remozar a estrutura do inmoble, así como recuperar a maquinaria pódola en disposición de funcionar. Paralelamente, o Concello acondicionou a rúa de acceso dotándola con pavimento de adoquín. Segundo o alcalde en funcións, Francisco Magide, o recinto poderá ser visitado por veciños e turistas de maneira inmediata, así como por escolares que veñan de excursión. Segundo o alcalde, Francisco Magide, "a rehabilitación desta factoría súmase á que xa se fixo no seu día coa Fábrica da Luz e en proxecto encóntrase a recuperación dunha vella fragua, inicia-

maquinaria, utensilios e obxectos relacionados coa súa historia e o seu proceso de produción. A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, destacou que a posta en servizo desta instalación potenciará as posibilidades turísticas do Concello e difundirá os recursos da zona vinculados coa industria chocolateira, converténdose nun novo elemento identificador da Ribeira Sacra. Nava Castro destacou a importancia do acondicionamento da antiga fábrica que "constituíu un emblema no Concello de Parada de Sil ao longo de case un século". "Dar a coñecer esta actividade profesional con tan longa tradición nesta comarca -apuntou a directora de Turismo de Galicia- permitirá que o legado desta industria familiar non se perda e servirá para recuperar a memoria local como símbolo da identidade de Parada de Sil". Referiuse a que o patrimonio industrial constitúe unha innovadora oferta turística que outorga a posibilidade de coñecer diferentes sectores produtivos arraigados á nosa comunidade. Manifestou que "son moitos os casos de éxito que na actualidade ofrecen a posibilidade de dar a coñecer a historia da nosa comunidade". A directora de Turismo de Galicia destacou tamén que con esta iniciativa se da un paso máis na recuperación de lugares e profesións que un día foron importantes para Galicia, "perpetuando a memoria dos seus protagonistas



■ José Manuel Rodríguez, Nava Castro e Francisco Magide.

Ourense

Vinis Terrae facilitou a exportación de viños galegos

As oitenta adegas expositoras en Vinis Terrae mantiveron en total máis de 1.500 citas de negocio con importadores de 20 países e con compradores nacionais. O Salón dos Viños e Licores de Galicia contou en Expourense coa visita de máis de 600 profesionais do sector.

Por: Silvia Pardo



■ Representantes das adegas premiadas na IV cata extraordinaria celebrada en Expourense

A de Ourense é a feira máis profesional de Galicia, xa que a única finalidade é facer negocio e abrir novos mercados, ademais de contar cun ratio de importadores por adegas superior ao de outros eventos do sector. Vinis Terrae 2015 foi clausurado nun acto presidido pola conselleira de Medio Rural e do Mar, Rosa Quintana, quen indicou que “este salón pon de manifesto a aposta pola calidade que realizan os viticultores e bodegueiros galegos. É unha cita que une ao sector e fortaléceo”. A conselleira presidiu tamén a entrega de premios da IV cata extraordinaria Vinis Terrae realizada pola Aula Internacional de Catadores (AULINCAT) e RadioTurismo entre os viños presentes na feira. Entre as 120 marcas rexistradas, o veredicto do xurado foi

o seguinte: Viños Brancos: (3 premiados por categoría). Medalla de Ouro: Quinta do Buble 2014 de Adegas Quinta do Buble (Monterrei). Tomada de Castro 2014 de Adegas Tomada de Castro (Rías Baixas). 1932 Branco 2014 de Pazo Vieite (Ribeiro). Medalla de Prata: Señorío de Rubiós 2014 de Adegas Señorío de Rubiós (Rías Baixas). Alberte 2014 de Adegas Nairoa (Ribeiro). Memoria de Ventura 2013 Adegas da Pinguela (Valdeorras). Medalla de Bronce: Antonio Montero Autor 2014 de Adegas Antonio Montero. (Ribeiro). A Coroa 2014 de Adegas A Coroa (Valdeorras). Eduardo Bravo Ribeiro 2014 Adegas Pazo Lalón (Ribeiro). Viños Tintos: (1 premiado por categoría). Medalla de Ouro: Adolfin 2014, de Adegas Ardán (I.X.P. Morrazo). Medalla de Prata: Adegas Vella, de Jorge Feijóo (Ribeira Sacra). Medalla de Bronce: Silva da Ponte 2014, de Adegas Chaves (Monterrei).

Exportación

Vinis Terrae contribuíu unha edición máis a promover a saída ao mercado exterior das pequenas e medianas empresas galegas que participaron no salón e que mostraron a súa satisfacción xa que “os importadores participantes nesta edición eran moi profesionais, con gran capacidade de compra e tiñan moi claro que viñan a buscar viños autóctonos e de calidade”. Na actualidade, a exportación é necesaria para competir no mercado de viño e, se ben moitas adegas expositoras xa traballan con países da Unión Europea, a presenza en feira

de varios importadores de América do Norte e do Sur e de Australia ampliou os horizontes do viño galego. Pola súa banda, os importadores achéganse ata a feira para encontrar viños que se adapten aos gustos e á gastronomía dos padais do país do que proceden. Por exemplo, o importador chinés León Lin comentou que “mentres que o Albariño é a variedade máis coñecida fora de Galicia, ao padal chinés resulta demasiado ácido. En cambio, o Godello ou o Mencía encaixan á perfección”. Mentres que o importador de Estados Unidos, Tony Vincent mostra claramente a súa preferencia polo Albariño xa que ten unha acidez espléndida que o fai único” e o seu compatriota, Elly Benchimol, se decanta polo Ribeiro “porque os seus viños son aromáticos, frescos

e refrescantes pero sen perder complexidade. Poden adaptarse moi ben ao padal dos máis novos, que son agora os principais consumidores de viño en USA”. Polo seu lado, o mexicano Francisco Brunet incorporará o Albariño ao seu catálogo “porque é o viño galego máis coñecido en México” e tamén Mencía de la Ribeira Sacra “porque acabo de descubri-lo e vai ser toda unha sorpresa para o mercado no que traballo”.

Actividades

Entre as actividades celebradas destacou a presentación do proxecto “Enourense” promovido polo Inorde e a Deputación de Ourense. Tamén a nova web da EVEGA, www.evega.xunta.gal, nun acto que contou coa presenza da conselleira de Medio Rural e Mar que destacou que “esta web se enmarca na modernidade e na actualidade e constitúe unha plataforma para interactuar cos axentes do sector, sendo un punto de formación e información en materias de viticultura e enoloxía”. Impartíuse a cata especial de “Viños de Garda” organizada pola D.O. Ribeiro. O Consello Regulador de Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia realizou unha exhibición sobre coctelería innovadora con produtos adscritos a este. Presentouse o proxecto “IbeeAgro” de solucións de agricultura de precisión para viñedos e coa máster class enfocada aos profesionais da hostalaría sobre “O correcto servizo do Viño, desmontando mitos”, que impartiron os campións de Sumilleres de Galicia nas edicións de 2015, Pablo Rodríguez e de 2014, Alejandro Paadín. A próxima cita en Expourense será a 10ª edición de Nortrans, salón do Transporte e a Loxística que se celebrará os días 26 e 27 de xuño.

Guía gastronómica

Menús de preferencia no Loyma

Por: Jesús Losada

Foi non mes de outubro de 2013 cando o café-bar Loyma abriu na praza Monteagudo 3, á que se accede dende a rúa Greco, non barrio ourensán do Couto. Miguel, Rosa e Lorena amplían agora a súa oferta aos clientes ofrecendo petiscos caseños de balde coa consumición. Por un módico suplemento despachan hamburguesas, cadelos quentes, sandwiches, patacas e

"Queremos agradar aos nosos clientes que conquistamos dende o principio"

bocadillos fríos e quentes preparados no momento. "Queremos agradar aos nosos clientes que conquistamos dende o principio", asegura Rosa que atende a cociña. O local dispón de sala wifi e de xogos coma os dardos. Ten ampla terraza no fronte e zona verde na fachada posterior. Cada cliente pode solicitar un determinado menú para o día seguinte. "Sempre estamos preparados e con gañas de atender a novos clientes xa que temos un ambiente moi familiar" manifesta Rosa.



■ Miguel, Rosa e Lorena no establecemento Loyma.



O Tren do Peregrino incorporase á nova edición de “Galicia a todo tren”

Esta iniciativa innovadora que proporciona ao viaxeiro un novo modo de descubrir algúns dos recursos turísticos máis singulares de Galicia, continúa ofrecendo nesta terceira edición as sete rutas temáticas: a Ruta dos Faros, a Ruta dos Pazos e Xardíns Históricos e as cinco rutas do Viño.

Presentouse en Santiago a nova edición do programa “Galicia a todo tren”, na que interviñeron ademais da directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, o xerente do área comercial e servizo de atención ao cliente de Renfe, Javier Díaz Trisac, e o xerente do Inorde, Xosé Manuel Rodríguez. Nava Castro, explicou que este programa, que naceu como un proxecto turístico pioneiro e que inclúe este ano novos atractivos grazas á colaboración interinstitucional entre a Xunta de Galicia, Renfe e a Deputación de Ourense. Explicou que esta iniciativa innovadora que proporciona ao viaxeiro un novo modo de descubrir algúns dos recursos turísticos máis singulares de Galicia, pechou na pasada edición cun notable éxito ao rexistrarse máis de dous mil viaxeiros e unha ocupación media do 82%, alcanzando as rutas de Valdeorras-Ribeira Sacra e a que circulou exclusivamente pola Ribeira Sacra unha ocupación do 100%. Nesta terceira edición Galicia a todo tren continúa ofrecendo sete rutas que permiten descubrir as diferentes zonas de Galicia con variadas temáticas: a Ruta dos Faros, a Ruta dos Pazos e Xardíns Históricos e as cinco Rutas do Viño que

percorrerán os distintos territorios onde se producen as denominacións vitivinícolas galegas: Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro, Monterrei e Valdeorras. Estes sete itinerarios estarán constituídos por 57 trens que ofertarán os sábados e domingos dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro un total de 2.524 prazas, 74 prazas máis que o pasado ano. Nava Castro destacou que para esta nova edición, os itinerarios foron mellorados “incrementando aínda máis o seu atractivo”. Así, entre outras novidades, a Ruta do Viño de Monterrei inclúe neste ano a visita ao castelo de Monterrei, onde os turistas poderán realizar o Túnel do Viño e vivirán un espectáculo sorpresa; nas rutas do viño Ribeiro e Rías Baixas, se realizará unha visita ao Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea de Arbo e ao mosteiro de San Clodio; e a ruta da Ribeira Sacra incorpora como novidade a visita ao mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil. Cada unha das rutas pódese realizar nun día e, ademais da viaxe en tren, o programa ofrece servizo de guía especializado durante todo o percorrido, traslados complementarios en autocar, entradas a todos os puntos de interese e actividades.



■ Xosé Manuel Rodríguez González, Nava Castro e Javier Díaz Trisac na Cidade da Cultura.

Tren do Peregrino

Como principal novidade desta edición, incorpórase ao programa o Tren do Peregrino. Esta nova proposta posibilita a realización do Camiño de Santiago desde Madrid dunha maneira diferente, a bordo dun cómodo Tren Hotel no que os pasaxeiros disporán de

na Cabina Gran Clase e restauración no propio convoi. As saídas deste Tren do Peregrino terán lugar os días 6, 13, 20 e 27 de agosto e realizarán o percorrido Madrid – Astorga – Ponferrada – Monforte de Lemos – Ourense – Santiago – Madrid. Nava Castro destacou que con esta nova proposta os pasaxeiros poderán realizar

diferentes etapas do Camiño de Santiago a pé, en bicicleta, ou ben coñecer as diversas cidades nas que estaciona o tren con visitas guiadas e outras actividades. Ademais este ano se incorpora tamén ao programa o Tren dos Bañerios, unha nova oferta dirixida a maiores de 50 anos que brindará a posibilidade de aloxarse durante 6 días, en réxime de pensión completa, nos balnearios ourensáns de Laías, Carballiño, Arnoia, Baños de Molgas o Lobios e realizar circuitos culturais pola zona elixida podendo chegar á cidade de Ourense en tren desde 30 cidades españolas. Así mesmo, continúa nesta nova edición o Galicia Rail Pass que un ano máis permitirá a peregrinos e turistas que cheguen a Galicia en trens de largo percorrido, ou co pase dos trens turísticos, utilizar os trens da rede de Renfe en Galicia cantas veces queiran durante tres días en fins de semana, pontes e festivos, e na temporada de verán. Tamén, chegará a Galicia un verán máis o Tren Al Andalus, o tren de luxo máis amplo e espazoso do mundo, que percorrerá no mes de xullo durante cinco días o Camiño de Santiago, con saída desde León e destino Santiago de Compostela.



■ Na Casa de Galicia en Madrid presentouse o programa “Galicia a todo Tren”, no mes de abril.

Redondela

A exposición “Xosé Filgueira Valverde. Un faro na construción de Galicia” inaugúrase na Xunqueira


Redondela será a segunda parada da exposición sobre Xosé Filgueira Valverde, homenaxeado nas Letras Galegas 2015, organizada pola Deputación de Pontevedra, a través do Museo, e a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A inauguración celebrarase o 11 de xuño ás 20.00 horas no multiúsos da Xunqueira, e asistirán a deputada provincial de Cultura, Ana Isabel Vázquez, e o concelleiro de cultura en funcións de Redondela, Julio Alonso.

Esta exposición itinerante céntrase na vida e na obra de Xosé Filgueira Valverde, unha das figuras máis sobresalientes do seu tempo en Galicia, que se significou pola diversidade dos seus intereses intelectuais e a multiplicidade

das actividades e iniciativas docentes, académicas, culturais ou políticas, que puxo en marcha e impulsou.

A mostra está composta por 7 paneis e 2 cubos que destacan o papel de Filgueira como promotor e defensor do uso do galego, o seu compromiso co galeguismo, o seu labor no Instituto de Pontevedra e na creación do Museo, e as súas facetas como creador literario, estudioso da literatura e de múltiples saberes. Xosé Carlos Valle Pérez, director do Museo de Pontevedra e autor dos textos, e Ana M^a Costas Carbajal, son os coordinadores desta mostra que poderá visitarse na Xunqueira ata o vindeiro 30 de xuño, en horario de luns a venres de 9:30 a 14:30 e de 16:30 a 21:30 horas, sábados e domingos de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 h.



Redondela festas da coca



Preséntase en Redondela o libro ‘Cartas de un condenado a muerte’

O Multiúsos da Xunqueira de Redondela (Paseo da Xunqueira) acolle este xoves día 11 de xuño ás 21 horas o primeiro acto de presentación do libro *Cartas de un condenado a muerte*, de José Mejuto Bernárdez, publicado por Alvarellos Editora. Participarán o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, autor do Prólogo a esta obra; Xulio Alonso, concelleiro de Cultura en funcións de Redondela, municipio en cuxa Illa de San Simón estivo preso o autor das cartas; a profesora da Universidade da Coruña Olivia Rodríguez González, responsable da coordinación desta edición, e o director de Alvarellos Editora, Henrique Alvarellos. O acto contará coa actuación musical de 2naFronteira (Carmen Penín). Esta obra recolle un testemuño único,

conmover, da guerra civil española. Trinta e catro cartas escritas, entre outubro de 1936 e xuño de 1937, nos cárceres de Vigo, San Simón e Pontevedra polo preso republicano galego José Mejuto Bernárdez (Cangas, 1905-Pontevedra, 1937). Custodiadas na Arxentina pola súa muller e a súa neta, e despositados os orixinais dende 2015 na Real Academia Galega, ven agora a luz por vez primeira nunha edición ao coidado de Olivia Rodríguez que conta coa participación de Eduardo Galeano —quizais este é o derradeiro texto publicado en vida do ilustre escritor uruguaio, pois faleceu o 13 de abril, cando esta obra acababa de saír do prelo—, Xesús Alonso Montero e da propia neta de José Mejuto, Ana Paula Mejuto, residente en Buenos Aires.



Guía gastronómica

Peixe, carne e viño na Casa do Boi

Por: Jesús Losada



■ Marcos, un dos camareiros, con Jose, xerente da empresa, no comedor principal.

O restaurante A Casa do Boi ofrece unha ampla carta de carnes e peixes e a súa especialidade é o boi á grellada. Preparan peixes e bacallau á brasa e ofrecen pinchos, porcións e menú diario. O menú inclúe de primeiro: paté de ganso, polbo á galega, carpaccio de boi. O segundo prato a elixir entre: boi á pedra, bacallau á brasa e caza (en tempada). Sobremesa: torta da avoa. “O peixe é importante, a carne imprescindible e o viño, unha boa selección” reza un cartel na en-

“O peixe é importante, a carne imprescindible”

trada no que se anuncian as tostas de salmón e queixo; de gambas e queixo; de queixo de cabra e de solomillo de boi. Na adega: viños das cinco denominacións de orixe galegas ademais de Ribeira de Douro, Castela-León, Rioja e Somantano. Dispón de comedores para menús e para á carta, con capacidade para 58 comensais. Dispón de ampla terraza con zona verde pública. A situación do establecemento permite achegarse andando ata o centro histórico da cidade. O restaurante está ubicado na rúa Ramón Puga Nogueira 27, próximo ao Centro Hospitalario Universitario de Ourense. Teléfono 988 22 59 28.



Novas da Raia

CERVEIRA

Autarquia avança com melhoria das infraestruturas florestais

Fruto do protocolo com o Instituto da Conservação da Natureza e das Florestas (ICNF), o Município de Vila Nova de Cerveira iniciou recentemente um processo de beneficiação de infraestruturas florestais, numa área de 120kms. Melhoria de caminhos florestais, aceiros e arrifes visa a preservação do perímetro florestal e, conseqüente, prevenção contra incêndios.



O vice-presidente da Câmara Municipal e responsável pelo pelouro da Proteção Civil explica que a ação em causa abrangerá uma vasta extensão florestal, estando mais focada nas áreas de povoamento florestal,

áreas críticas e infraestruturas com elevado estado de degradação. Vitor Costa confirma que há vários anos que não se procedia a um investimento desta ordem e grandeza, em prol da mancha verde do concelho.

Este trabalho está atualmente a ser desenvolvido nas freguesias do interior (Sapardos, Candemil e Gondar), prosseguindo posteriormente para outras localidades do concelho já identificadas no protocolo de colaboração.

MONÇÃO

X Festival de Folclore “Estrela dos Vales”



Monção.-Com os meses quentes, chegam os festivais de folclore. O ciclo abre-se pela mão do Grupo Folclórico “Estrela dos Vales” com a realização do X Festival de Folclore “Estrela dos Vales”, em Longos Vales, no lugar do Mosteiro.

Além do grupo anfitrião, participaram mais três ranchos folclóricos: Rancho “Os Camponeses do Mondego”, de Coimbra, Rancho de Paço de Sousa, de Penafiel, e Rancho de Nogueira, de Ponte de Lima.

Houve momentos de intercâmbio entre os participantes e de convívio entre o público em mais um momento de valorização da etnografia local que irá refletir, com intensidade, o papel insubstituível do movimento associativo na promoção da ruralidade.

TUI

Campus de Verán da Fundación do Celta de Vigo

O Campus do Celta de Vigo realizarase nas instalacións do Club Tyde F.C. do 27 ao 31 de xullo, en horario de 9h a 14h.

Nasala de concelleiros do Concello realizouse a presentación do Campus de Verán da Fundación do Celta de Vigo en Tui, que se desenvolverá do 27 ao 31 de xullo, en horario de mañá, nas instalacións deportivas municipais “Álvarez Durán” do noso concello. Neste acto estiveron presentes o alcalde en funcións de Tui, Moisés Rodríguez, o presidente do Tyde F.C., Elías Vieiro, o director da Fundación Celta de Vigo, Germán Arteta e Alejandro Abalde, coordinador do Campus.

Moisés Rodríguez, alcalde en funcións agradeceu que se faga este evento en Tui, e está convencido de que tras este Campus virán outros eventos semellantes. Alejandro Abalde, coordinador do Campus, explicou que o Campus de Verán do Celta de Vigo está dirixido a nenos e nenas de entre 4 a 16 anos. Trátase dunha boa oportunidade para que os cativos poidan desfrutar, de primeira man, dun adestramento baseado na metodoloxía do Club.



Novas da Raia

V Xuntanza Escolar de Infantil no Concello de Salvaterra de Miño

SALVATERRA DE MIÑO



O pasado venres 29 de xuño celebrouse no Parque Público A Canuda, en Salvaterra de Miño, a 5ª Xuntanza Escolar Infantil, na que participaron os centros escolares CEIP Infante

Felipe de Borbón, o CRA A Lagoa, e o CEIP de Leirado, co patrocinio do Concello de Salvaterra de Miño e a colaboración da Policía Nacional, a Garda Civil e nais e pais voluntarios dos centros participantes



Ó longo da mañá os diferentes grupos formados por nenos e nenas de entre 3 e 5 anos realizaron diferentes actividades e obradoiros como pescar, educación vial,

paseos en barca, manualidades, cantactos, inchables, obradoiros de xogos psicomotrices, ... UNHA AUTÉNTICA XORNADA DE CONVIVENCIA

LITERATURA PORTUGUESA

Novo libro para alumnos do básico e do secundario

Nas edicións Prelo, Lisboa, acaba de saír, e estará proximamente nas livrarias, un libro de José Viale Mouzinho destinado aos alumnos do Básico e do Secundario: FERNANDO PESSOA; O MENINO DE SUA MÃE, em 3ª edição refundida e au-



mentada com uma breve antologia de textos especialmente escolhidos para a gente nova. Ilustrações de Fedra Santos. Destina-se a estimular o gosto pela leitura e escrita da poesia e da leitura de Fernando Pessoa em particular.

TUI

Os campamentos de verán do Concello de Tui acadan un total de 225 solicitudes



O venres 5 de xuño abriuse o prazo de pagamento da taxa

O proceso de inscrición dos Campamentos de Verán Tui 2015 pechou o pasado martes, cun total de 225 solicitudes para as diferentes quendas dispoñibles do mes de xullo e agosto. Todos os nenos e nenas foron admitidos nas quendas solicitadas, polo tanto, tal e

como indican as condicións xerais dos campamentos, dende mañá venres 5 ata o día 17 de xuño deberá facerse o pagamento da taxa establecida, que é igual que nos últimos anos é de 30,56€ por cada quenda e neno/a. Xoves, 4 de xuño.

VALENÇA

Vª Festa da Savelha Pesqueira dos Frades de Ganfei - Valença



O quinto convívio da Savelha realizou-se na Pesqueira dos Frades, em Ganfei, o pasado domingo, 7 de junho. Uma iniciativa que evoca a pesca à savelha, um dos peixes mais celebres do rio Minho. A jornada começa às 8h,; prolonga-se por todo o dia e tem como principal objetivo a divulgação da Savelha do Rio Minho e o convívio entre todos os aficionados desta arte de pesca tradicional de Valença. A Festa da Savelha decorreu no Parque da Pesqueira dos Frades, em Ganfei e na marginal do rio Minho. Um parque de merendas e uma extensa marginal ribeirinha proporcionam excelentes condições para a pesca à savelha e para um dia de lazer em contacto com uma natureza que o rio Minho, na sua

passagem, por este local, torna exuberante. A pesca à savelha reúne, por esta época do ano, centenas de aficionados, em Valença. As Savelhas do Rio Minho são peixes de dimensão considerável, atingindo com facilidade os dois quilos. As zonas mais apetecíveis para a pesca desta espécie correspondem à área do rio Minho que passa pelas freguesias valencianas de Ganfei, Verdão e Friestas. Dado o período curto de pesca, que este ano se estende até 15 de junho e a área do rio onde é mais apetecível pescar, é a arte da pesca que atrai mais pescadores. Nas pesqueiras ou de barco, o rio enche-se de aficionados de todo o norte do país, numa pesca que, em alguns pontos, chega a ser de ombro a ombro.

Sober

En Doade presentouse un ensaio sobre unha novela do século XVII


O ensaio "*O viño na vida de Estebanillo, o pícaro galego romano*", do maxistrado e escritor lucense Germán Barreiro González foi presentado en Doade. A obra estuda a importante presenza dos viños nunha soada novela picaresca que garda unha relación peculiar con Galicia.

Por: Jesús Losada

O libro que analiza o traballo de Barreiro é *A vida e feitos de Estebanillo González*, home de bo humor, publicada en Amberes (Bélgica) en 1646, que o autor do ensaio cualifica no prólogo como "unha das mellores novelas do xénero picaresco e a última, ademais, de tal natureza". Na actualidade segue sen estar claro a quen se debe realmente a autoría desta obra, que se presenta como un relato autobiográfico. O propio autor declarouse fillo dun hidalgo pintor e



■ Intervención de Germán Barreiro González na adega Regia Viarum, de Doade (Sober).



xogador chamado Lorenzo González, natural de Salvaterra de Miño e afincado en Roma. O libro conta, humorística e satíricamente, as andanzas do seu protagonista e suposto autor por diversos países de Europa na época da Guerra dos Trinta Anos, desempeñando múltiples oficios. No acto de presentación do seu ensaio, Germán Barreiro sinalou que unha das principais caracte-

rísticas do libro consiste en conter numerosas referencias ao viño, que aparecen de forma continuada nas súas páxinas. O escritor precisa no prólogo do seu traballo que aínda que outras coñecidas obras literarias deste xénero –como *Lazarillo de Tormes*, *Guzmán de Alfarache*, *A pícaro Justina*, *Marcos de Obregón* e *O Buscón*– non faltan alusións deste tipo, "en ningunha

outra novela picaresca aparece o viño con tanta frecuencia ligado ao protagonista". Barreiro analiza en catorce capítulos as referencias ao viño, que non son sempre eloxiosas, xa que o autor –segundo apunta– "é consciente dos males que o seu abuso lle pode carrexar: o viño, di, é o que me mata e dá vida". A novela foi reimpresa en numerosas ocasións. Entre os séculos XVIII e

XIX apareceron traducións e adaptacións en inglés, francés, italiano, ruso, alemán, danés e portugués. Algúns críticos e historiadores xulgárona negativamente –nomeadamente pola súa crueza e o seu ton desenfadado–, pero outros a teñen en gran valoración. O escritor Juan Goytisolo cualificouna como a mellor novela española do século XVII, coa excepción do *Quixote*.



Prato especial: Gramalleira
(ven a probarlo)

Restaurante - Viñoteca



a Cantina desde 1947

Tlfs: 982 19 87 17 - 630 33 35 79 Doade 79, Sober
Km. 12 estrada Monforte a Castro Caldelas

SALVATERRA DE MIÑO

O Concello de Salvaterra de Miño presenta as diferentes alternativas de ocio para os máis pequenos da casa, para o mes de xullo

Antes de presentar o seu programa forte, o Verán Cultural, un mes de agosto cheo de festas e actividades, o Concello ven de sacar a programación para o mes de xullo, centrada nos máis cativos.

Diversas actividades enfocadas a diferentes idades, así os máis maiores, os nen@s de 14 a 18 anos poderán facer un curso dunha semana de cociña tradicional, nas instalacións do Parque Público A Canuda. Para os nen@s de 6 a 13 anos termos un campamento de verán, dividido en dúas

quincenas, onde se farán actividades, deportivas, culturais, xogos, etc ao aire libre, en diversas instalacións municipais.

E os nen@s de 4 a 7 anos poderán participar nas actividades da biblioteca, tamén por quincena, onde se farán xogos didácticos, manualidades, lectura.

COCINA TRADICIONAL PARA NEN@S. Lugar: Cociña Parque Público A Canuda.
Nen@s de 14 a 18 anos. De 10.00 a 12.30h.
Do 4, 7, 8, 9 e 10 de xullo.
Do 13 ao 17 de xullo.
Do 20 ao 24 de xullo.
Do 27 ao 31 de xullo.

CAMPAMENTO DE VERÁN. Lugares: Casa de Cultura, Parque A Canuda e Pavillón Municipal.
Nen@s de 4 a 13 anos. De 10.00 a 11.00h.
Do 6 ao 20 de xullo.
Do 21 de xullo ao 4 de agosto.

ACTIVIDADES BIBLIOTECA. Lugar: Biblioteca Municipal.
Nen@s de 4 a 7 anos. De 10.00 a 11.00h. das 10.00 a 11.00h. das 10.00 a 11.00h.
Do 1 ao 15 de xullo.
Do 18 ao 30 de xullo.

Actividades gratuítas, para empadroados no municipio. Para máis información e inscricións no Concello de Salvaterra de Miño 986 558 062 / concellodesalvaterra.org

A GUARDA

Novo horario de verán no Museo do Mar



O Concello da Guarda informa que o Museo do Mar cambia de horario durante os meses de verán. Así, a partir do 15 de xuño ó 15 de setembro, este museo abrirá todos os sábados, domingos, festivos e pontes de 11 a 14 horas pola mañá e de 18 a 21 horas, pola tarde.

SÃO JULIÃO

Sabores Serranos Mantém Tradição da Pega ao Porco

A Pega ao Porco na Lama regresa a Valença no próximo domingo, 14 de junho, às 17h00, no âmbito do Festival Gastronómico "Sabores Serranos" no Parque de São Sebastião, em São Julião.



O porco bravo será o grande protagonista da Pega ao Porco na Lama, uma singular tradição marcada pela agilidade do "bicho" e os tombos dos concorrentes.

Uma arena fechada circular, completamente enlameado e com porcos bravos (javalis) convidará as várias equipas a demonstrar a sua destreza em agarrar o "bicho". De igual para igual "bicho" e concorrentes percorrem a arena entre as escapadas e os muitos tombos. Cada equipa será constituída por dois jogadores, podendo ser masculina ou feminina. Ganha a equipa que conseguir agarrar o porco no melhor tempo.

A equipa com o melhor tempo terá direito a dois porcos e duas caixas de vinho, o segundo lugar receberá um porco e 2 caixas de vinho e o terceiro lugar será contemplado com um presunto e duas caixas de vinho.

A Pega ao Porco na Lama decorre no âmbito do Festival gastronómico Sabores Serranos que no próximo fim de semana faz um convite a visitar a freguesia valenciana de São Julião e saborear as iguarias à base de carne de porco como o presunto, os chouriços, os rojões, o bolo do tacho, o leitão no caixote, a orelha de porco entre outros.

No âmbito do certame será possível degustar e adquirir os fumeiros, a broa de milho, o mel, as compotas e licores, a doçaria regional, os vinhos alvarinhos locais e os produtos do campo de temporada.

Os Sabores Serranos são uma iniciativa da Câmara Municipal de Valença, da Junta da União das Freguesias de São Julião e Silva e do Rancho Folclórico de São Julião e conta com o apoio das Adegas Edmund Val e Rolan e do Clube de Tração às 4.

Valença, 11 de junho de 2015



Novas da Raia

CERVEIRA

GIP (Gabinete de Inserção Profissional) informa a jovens sobre o mercado de trabalho

Porque o futuro dos jovens cerveirenses é uma preocupação, o Município de Vila Nova de Cerveira, através do Gabinete de Inserção Profissional, desenvolveu uma ação direcionada para o ensino secundário, de forma a abrir horizontes sobre como e onde procurar emprego. Impacto positivo ou negativo das redes sociais foi um dos pontos mais salientados.



O final de mais um ano letivo é para muitos estudantes um momento de decisão com repercussões no futuro, em particular para os jovens do 12º ano: enveredar pelo percurso universitário ou entrar no mercado laboral? Para qualquer um dos cenários, os conheci-

mentos sobre formação e emprego são fundamentais e, neste sentido, o Município de Vila Nova de Cerveira, através do Gabinete de Inserção Profissional, promove a iniciativa 'GIP vai às escolas'. Cerca de 50 alunos do ensino secundário do Agrupamento de Escolas de Cerveira e do Colégio de

Campos assistiram na Biblioteca Municipal, a uma sessão informativa sobre o funcionamento do GIP, as novas medidas de incentivo à criação de emprego, os estágios, a oferta formativa para ativos e outras 'dicas' para um primeiro contacto com o mundo do trabalho.

Para além de apresentar o GIP e dar a conhecer algumas técnicas de procura de emprego e medidas ativas de emprego (Investe Jovem, Estágio-Emprego, Estímulo Emprego, Emprego Jovem Ativo e a Garantia Jovem), a técnica superior do GIP, Susana Carvalho, destacou o papel das competências/interesses e das redes sociais. O Gabinete de Inserção Profissional (GIP), localizado nos Serviços Municipais de Intervenção Social, é promovido pelo Município de Cerveira em parceria com o IEF/ Centro de Emprego de Valença, e tem por objetivo apoiar jovens e adultos desempregados na sua inserção profissional, disponibilizando informação profissional, colaborando na procura ativa de emprego e promovendo um acompanhamento personalizado dos desempregados em fase de inserção ou reinserção profissional.



ATÉ 30 JUNHO
CONCURSO DE FOTOGRAFIA
"A liberdade de ser rio"
Consulte as normas e participe
Organização: Câmara Municipal
Local: Aquamuseu do rio Minho



ATÉ 27 JUNHO
"SENSIBILIDADES"
Fotografia de Eduardo Teixeira Pinto
Organização: Câmara Municipal
Local: Biblioteca Municipal

VALENÇA

Atletas atravessam a fronteira Tui-Valença na Eurocidade 10



A Eurocidade Valença Tui recebe a quarta edição da prova de atletismo internacional Eurocidade 10, domingo, a partir das 10h00, com partida da Coroadas - Fortaleza de Valença. Esta é uma prova emblemática que se desenvolve entre duas, cidades, dois países, com um percurso por dois centros históricos, a ponte internacional metálica e o rio Minho. A prova, com dez quilómetros, desenvolve-se pelo interior da Fortaleza de Valença, ex-libris da cidade, candidata a Património Mundial da UNESCO, avenida dos Combatentes, avenida de Es-

panha, ponte internacional, avenida de Portugal, avenidas centrais e Centro Histórico de Tui, regressando a Valença pela ponte internacional, estrada da Raposeira e terminará na Coroadas - Fortaleza de Valença. A prova contará com os escalões juniores, promessas, seniores e veteranos A e B. A Eurocidade 10 tem, também, uma vertente solidária, com a entrega dos valores aportados pelos atletas a reverterem para uma instituição de solidariedade social. A organização é da Eurocidade Valença Tui e do Club Atletismo Tui-Thermalia.

TUI

Mercadona terá um supermercado em Areas

A junta de governo do Concelho de Tui comunica que concedeu à companhia de alimentação Mercadona, licença para construir um supermercado em Areas, preto doutros estabelecimentos como o Lidl e o Gadis. A conhecida cadeia de alimentação investirá

na construção dun supermercado e máis dun aparcadoiro na estrada de Anta 2,6 millóns de euros. Estímase que o novo estabelecimento xerará preto de 80 postos de traballo, que beneficiarán directamente á poboación da cidade de Tui e á súa contorna.



Ourense

O Inorde lidera un novo proxecto de cooperación transfronteiriza dentro do programa Interreg V

Expertos técnicos da Fundación Paideia, a través de Cultigar, Universidade do Miño, Cámara Municipal de Montealegre e do Inorde, reuníronse en Ourense para sentar as bases da futura cooperación no eido do desenvolvemento rural a través da innovación e potenciación dos produtos autóctonos.



■ Reunión do xerente do Inorde, José Manuel Rodríguez González, e técnicos, cos socios portugueses e españois.

Na sede do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (Inorde) celebrouse unha reunión multidisciplinar entre representantes da Fundación Paideia - Cultigar e do Inorde pola parte española e da Universidade do Miño e da Cámara Municipal de Montealegre pola parte portuguesa. A reunión técnica serviu para establecer as bases sobre as que se artellará a colaboración de ditas entidades na elaboración dunha liña de investigación e desenvolvemento

transfronteiriza, centrada no emprego dos produtos autóctonos como motores de creación de riqueza. O proxecto, que conta cun orzamento estimado de 800.000 euros de importe total, vai enmarcado dentro dos obxectivos temáticos do programa Interreg V, no O.T. 1: Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación. Co fin de mellorar a participación do tecido empresarial nos procesos de innovación e nas actividades de I+D+I mais cercanas

ó mercado (desenvolvemento tecnolóxico, probas de ensaio, innovación) susceptibles de ser explotadas comercialmente. O innovador do proxecto, que se iniciou a finais de maio, está na incorporación dunha gran carga de investigación aplicada fundamentalmente a mellorar a adaptación dos produtos autóctonos ó medio natural onde se establecerán; adaptación que pasará por unha mellor resposta tanto as condicións meteorolóxicas como á busca da resistencia

natural a pragas e enfermidades, todo isto sen esquecer o fomento da biodiversidade e a protección do medio natural. Ademais do lóxico interese polo avance económico, social e natural das zonas obxecto de intervención, quedou claro na reunión a grande complementariedade, a nivel práctico, dos participantes, xa que ó alto nivel tecnolóxico no campo da conservación e mellora de especies vexetais co que conta Cultigar (sobre todo na multiplicación in-vitro

de plantas, o que asegura unha calidade xenética excepcional), e a capacidade de investigación da Universidade do Miño vense complementados polo coñecemento a nivel do terreo do Inorde (con varios proxectos xa desenvolvidos de restructuración e mellora do rural a través de produtos endóxeos) así como de apoio o sector agrario e forestal a nivel técnico e da conservación e manexo dos solo (o laboratorio do Inorde conta coa acreditación Enac dentro da

norma 17025 no campo das analíticas de solo); a Cámara Municipal de Montealegre aportarán ó proxecto os ensaios e aclimatación dos produtos a ensaio.o. Considerando que as actividades se enmarcarán dentro dos proxectos de cooperación transfronteiriza Interreg e Poctep é fundamental a labor de liderato que desenvolverá o Inorde tendo en conta ampla e frutífera experiencia coa que este organismo conta na xestión e realización de proxectos europeos.

Chantada

Festa do viño e das cereixas en Belesar

Máis de tres mil quilos de cereixas da comarca chantadina vendéronse na X Feira da Cereixa e do Viño de Belesar. Participaron vinte produtores de: Santiago de Arriba, A Sariña, Belesar, San Pedro de Lincora e Cartemil que venderon a 5 euros o quilo de cereixas. A organización, asociación de Papeiros (de Chantada) e Rabudos (de Escal-

rón) consideran que foi a mellor das nove feiras anteriores. Na feira do viño participaron cinco adegas; houbo actuacións musicais, concurso de aturuxos e o tradicional xantar á beira do río Miño. Belesar está situado entre os concellos de Chantada e O Saviñao, ás beiras do Miño dende onde sae o catamarán cara o encoro de Os Peares (Ourense).



■ Asistentes ao xantar nas carpas colocadas á marxe dereita do río Miño ao seu paso por Belesar.

Ribeira Sacra
Denominación de Orixe

TERRAS BENDAÑA

Bebe como vives
Terras Bendaña
é outra historia.

CHANTADA

Outarelo
Desde 1981

www.outarelo.es

Anguias.
Bacallau.
Carne richada.
Filloas

Tfno. 988 257 700.
Cima da Costa - Castro de Beiro.
Ourense

Historia


A cultura castrexa e a súa pervivencia na Gallaecia romana (II)

Por Anxo Serafin Porto Ucha & Raquel Vázquez Ramil


Como xa indicamos nunha entrega anterior, a cultura castrexa esténdese cronoloxicamente ao longo de case dez séculos: dende o século VI a.C. ata os inicios da Idade Media, no século V d.C. Dentro deste abano tan prolongado, distínguense varias etapas; a grandes trazos podemos destacar unha etapa de desenvolvemento entre o século VI e o III a.C. e outra de plenitude entre o século II a.C. e o I d.C. A romanización non fai desaparecer os castros; pola contra, algúns deles viven momentos de prosperidade caso do castro de Troña (Pon-

mana, variante da cultura romana provincial e moi marcada polo mundo castrexo. A sociedade castrexa era xeniticia, é dicir, carecía de estado. Non había unha institución superior que coordinase a todos os grupos. A unidade social inferior era o clan, cuxos membros tiñan un antepasado común e, polo tanto, non casaban entre si. A seguinte unidade, de maior extensión, era a *centuria*, de carácter político-militar, cun xefe á fronte que transmitía o cargo aos seus fillos. A centuria era unha agrupación de homes, mentres que na gens

Lemavi (habitantes das terras de Lemos), Caporos (asentados entre o Ulla, o Tambre e Padrón), Grovios (nas Terras do Condado e do Rosal), Nerios (de Bergantiños) ou Galaicos, dos que procede o nome que os romanos deron á provincia do noroeste peninsular. Autores gregos e romanos como Ptolomeo, Estrabón, Plinio o Vello e Pomponio Mela relataron as características da sociedade castrexa. Destaca a magna *Xeografía* do grego Estrabón (64 a.C.-19 d.C.), en dezasete volumes, onde se ofrecen moitos detalles, como o da xinecocracia castrexa.



■ Cabeza de Rubias (seculo I d.C.), achada en Bande e pertencente á estatua dun guerreiro. Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense



■ Extension da cultura castrexa, tomado de J. Rodríguez Corral, *A cultura castrexa*


teareas) ou o de Viladonga (Castro de Rei), pero xorden novas formas de poboamento aberto de influencia romana, as *villae*. E así, nos castros perfiláanse unha forma de vida nova, a da cultura galaico-ro-

man, variante da cultura romana provincial e moi marcada polo mundo castrexo. A sociedade castrexa era xeniticia, é dicir, carecía de estado. Non había unha institución superior que coordinase a todos os grupos. A unidade social inferior era o clan, cuxos membros tiñan un antepasado común e, polo tanto, non casaban entre si. A seguinte unidade, de maior extensión, era a *centuria*, de carácter político-militar, cun xefe á fronte que transmitía o cargo aos seus fillos. A centuria era unha agrupación de homes, mentres que na gens

Descartado o matriarcado, hoxe sábese que había certo equilibrio social e económico entre homes e mulleres: elas posuían as terras e herdábas, mentres eles tiñan outros bens, como o gando. No eido

político a autoridade correspondía aos homes, que tamén se ocupaban das actividades militares. En canto aos costumes, e seguindo a Estrabón, os habitantes dos castros levaban unha vida sinxela e durmían en leitos de palla, comían carne de macho cabrún e landras que moían e secaban para facer pan, bebían auga e *zythos* (unha especie de sidra), e empregaban manteiga. Os clásicos coinciden en que se trataba dunha sociedade guerreira, cunha forte xerarquía

militar e culto ás divindades relacionadas coa guerra, como Coso, asociado ao romano Marte, e Bandua. A relixiosidade castrexa, á parte do panteón guerreiro, tiña un deus que posuía a soberanía e o poder no aspecto máxico e xurídico e que se identifica coa advocación romana de Xúpiter. Recibía culto na cima das montañas, que adquirían así carácter sagrado, como no caso de Xúpiter Tilenus, asociado ao monte Teleno, na zona central dos Montes de León.



■ Interior de unha casa castrexa

Tamén se rendía culto a divindades acuáticas (Navia), vexetais, funerarias ou ás relacionadas cos camiños ou coas forzas da natureza. Sen embargo, non hai elementos arquitectónicos de carácter ritual (templos) nin representacións escultóricas dos deuses, aínda que queda constancia do culto ás encrucilladas en monumentos como a Hermathena de Amorín (Tomiño), columna rematada por unha cabeza con dobre face, a de Hermes, e deus que guiaba as almas polo bo camiño, e Athenea, a deusa da sabedoría.

Os mortos, segundo os achados da necrópole de Meirás (A Coruña), eran incinerados en covas ou nas propias casas do poboado, e as cinzas depositábanse en urnas.

Como xa vimos na entrega anterior, as vivendas castrexas eran na maioría de planta circular e pequeno tamaño, entre



■ Castro de Troña (Ponteareas)

van na sala de arqueoloxía do Museo Quiñones de León de Vigo, achados no castro da ci-

de ourivería variada de bronce, prata e ouro: torques, fíbulae, bra-

ouro, decorados con filigrana ou granulado; un fermoso exemplo é o torque de

as espadas, como as *falcatas* de folia ancha e curva, o puñal/espada de antena, e o escudo ou caetra de coiro e fibras vexetais para protexer o peito.

Remata aquí a nosa viaxe polo mundo castrexo, do que aínda quedan numerosas testemuñas na paisaxe e nas costumes do pobo galego. Antes de ocuparnos do reino



■ Casco de Leiro (Rianxo). Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón (A Coruña)

os tres e os seis metros de diámetro. As casas tiñan ás veces un vestíbulo que ampliaba o espazo habitable. Trala romanización, impuxéronse plantas cuadrangulares e unha disposición urbanística en rúas que non se aprecia nos castros prerromanos. A cuberta das casas era vexetal, sostida por postes e recuberta dunha capa impermeabilizante de barro. No interior estaba o fogar, onde se preparaban os alimentos directamente sobre o lume ou en recipientes pendurados das asas.

Quedan abundantes restos de cerámica, actividade artesanal con numerosas formas e riqueza de motivos decorativos. Os cacharros máis representativos presentan uns eses no perfil, como os que se conser-

dade. Predominan tamén as incisións en forma de espiña de peixe, e as liñas oblicuas ou paralelas. Nas pezas grandes gardábase o gran ou outros alimentos ou se depositaban líquidos; outras dedicábanse a usos diversos no fogar ou na lareira, e as máis pequenas servían para comer e beber; os materiais eran locais e a fabricación tamén, en fornos pequenos. Na vida cotiá as pezas de cerámica combinábanse con útiles de cestería e de madeira.

Segundo nos din as fontes escritas, os moradores dos castros vestían de negro, con túnicas que chegaban ata os pés (*sagum*), feitas de lan ou de liño, tecidos coñecidos dende o Neolítico. En canto ao adorno persoal, quedan restos

ceiras, diademas, arracadas, de grande calidade técnica. As técnicas decorativas eran ricas, con decoracións a base de incisións de punzón, martelado, repuxado ou puntillado das superficies. Destacan os torques ou colares rixidos de forma curva empregados polos homes; case todos son de



■ Arracadas do Tesouro de Bedoia (s. II a.C.). Museo Provincial de Pontevedra.

Bu-
rela, hoxe
no Museo Pro-
vincial de Lugo.

E xa para rematar, entre as armas dos castrexos destacan

suevo, dedicáremoslo a próxima entrega ao período Neolítico nas terras da Gallaecia.



■ Brazaletes de Urdineira (A Gudiña, Ourense). Museo de Lugo.

Expourense estende as súas redes polo Norte de Portugal

No marco da “Mostra 100% Alto Minho”, Expourense asinou un convenio de colaboración coa Confederación Empresarial Alto Minho (CEVAL) e a Comunidade Intermunicipal Alto Minho (CIM).

Por: Silvia Pardo



■ A “Mostra 100% Alto Miño” celebrouse no Centro Cultural de Viana do Castelo.

Expourense ampliou a súa rede de cooperación transfronteiriça co Norte de Portugal asinando un convenio de colaboración, a tres bandas, coa Confederación Empresarial do Alto Minho (CEVAL) e a Comu-

A sinatura deste convenio tivo lugar no marco do acto inaugural da primeira edición da “Mostra 100% Alto Minho” que se celebrou a finais de maio no Centro Cultural do Alto Minho, en Viana do Castelo. Participaron nesta si-

de Lima, Arcos de Valdéz, ponte da Barca, Melgaço, Monção, Paredes de Coura, Valença,

Vila Nova de Cerveira e Caminha.

Expourense participou como convidado especial na inauguración da “Mostra 100% Alto Minho”, unha cita que estivo presidida polo Secretario de Estado de Alimentación de Portugal, Nuno Vieira de Brito. Esta feira está promovida pola Entidade de Turismo Porto e Norte, o principal socio de Expourense no Norte de Portugal. Ten como obxectivo promover recursos endóxeos do Alto Minho. Participaron máis de 30 expositores do distrito de Viana do Castelo de sectores relacionados cos afumados (o xurelo afumado é unha das grandes apostas desta cita), os viños e a repostería, todo iso dende unha óptica relacionada coa innovación e o emprendemento.

Esta Mostra comparte obxecti-

vos con Xantar, o Salón Internacional de Turismo Gastronómico que organiza Expourense e que pasan por promocionar a calidade e autenticidade dos recursos autóctonos para que fomenten o turismo de proximidade entre Galicia e o Norte de Portugal. A presenza de Expourense serviu para reforzar a cooperación transfronteiriça existente entre Expourense e a Entidade de Turismo Porto e Norte, unha alianza que está a dar bos resultados como se apreciou na última edición de Xantar, durante a que esta rexión foi unha das protagonistas de esta cita cunha presenza importante de expositores e visitantes desta rexión. Municipios da rexión do Alto Minho como Viana do Castelo e Ponte de Lima xogan sempre un papel destacado na cita galega.



■ Autoridades portuguesas e galegas presentes no acto de sinatura do convenio transfronteiriço.

nidade Intermunicipal do Alto Minho (CIM). Súmanse así á lista de entidades e institucións do Norte de Portugal cos que o recinto feiral mantén distintos acordos para a promoción de proxectos vencellados con distintos sectores, pero sobre todo en materia de turismo, gastronomía e termalismo.

natura os presidentes das tres entidades implicadas: o do comité executivo de Expourense e da Cámara de Comercio de Ourense, Juan Carlos Parada Rúa; o da CEVAL, José Luis da Rocha, e o da CIM Alto Minho, José María Costa. Estas entidades cobren os dez municipios da rexión do Alto Minho: Viana do Castelo, Ponte



■ Juan Carlos Parada Rúa, Nuno Vieira de Brito, José María Costa e José Luís da Rocha.